DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 21 de decembro de 2021

ÍNDICE DE ASUNTOS TRATADOS

ASUNTOS

*Declaración institucional pola moratoria da minería submarina.....**7**

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 11/2021, de 26 de novembro. **8**

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 20 de novembro de 2021 ata o 14 de decembro de 2021.....**9**

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

3. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Padroado do Museo do Pobo Galego polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinaciar o Proxecto de musealización da sala de historia de "A Galicia Medieval" e traslado de servizos aos novos espazos rehabilitados da ala sur.....**9**

4. Aprobación da concesión de subvención nominativa a Asociación Cultural Correlingua para financiar o Proxecto de Correlingua 2021 na provincia da Coruña "Inmunízate co galego" e aprobación do correspondente convenio de colaboración.....**18**

Comisión de Benestar Social e Educación

5. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Down Compostela para o cofinanciamento do Arranxo das cubertas no centro de servizos Down Compostela e do correspondente convenio. **27**

6. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña para financiar o Equipamento do Servizo de atención diúrna terapéutica para persoas con autismo e do correspondente convenio.....**34**

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

7. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Camariñas para financiar "XXX Mostra do Encaixe de Camariñas 2021" **43**

8. Aprobación do convenio entre a Deputación e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para financiar o proxecto "Servizo de Intermediación Laboral 2021" **51**

9. Aprobación do convenio entre a Deputación e a entidade Casa do Mel para financiar o programa "Selección, Reprodución e Mellora Xenética da Abella Negra Local" **61**

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

10. Aprobación definitiva do Plan de Investimentos 2021, quinta fase, segunda relación **70**

11. Aprobación definitiva do Plan de Sendas Peonis 2021, primeira fase **71**

12. Aprobación definitiva do Plan de Sendas Peonis 2021, segunda fase, primeira relación **72**

13. Aprobación definitiva do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2021, terceira fase..... **73**

14. Aprobación do Plan de Conservación vías provinciais, quinta fase **74**

15. Aprobación do Plan de Sendas Peonis 2021, sexta fase **75**

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

16. Aprobación do convenio de colaboración entre o concello da Coruña e a Deputacion da Coruña para a autorización do uso do polideportivo do I.E.S Rosalía Mera para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais. **76**

17. Aprobación do Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón (2022-2023) **81**

18. Ratificación da Resolución da Presidencia Nº 48179 de13 de decembro de 2021 pola que aproba o Plan Anual de Contratación para o ano 2022. ..... **92**

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

19. Aprobación do prego modificado da subministración denominada " Subministración dun tractor e de dúas trituradoras para obras e servizos", do Concello de Coristanco, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 2016.2100.0061.0 ..... **133**

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

20. Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de novembro de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña

entre o 1 e o 30 de novembro de 2021. ..... **134**

21. Dación de conta do Plan de control interno 2022. ..... **135**

22. Dación de conta dos informes de control financeiro derivados do Plan de control interno 2020. ..... **135**

23. Dación de conta do acordo plenario do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, adoptado na sesión do 26.11.2021, polo que se toma coñecemento da comunicación do Consello de Contas en relación coa rendición da conta xeral do Consorcio. **135**

24. Aprobación do Regulamento de xestión de aprazamentos e fraccionamentos.

25. Dación de conta da resolución de presidencia número 46963/2021 pola que se nomea e cesa persoal eventual. **169**

Comisión de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible

26. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, para o cofinanciamento do Proxecto "Voz Natura 2021" **169**

27. Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Cámara Ofical de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, para financiar o proxecto "Coworking dixital CCompostela", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2021..... **177**

28. Aprobación da formalización dun convenio administrativo co Concello de A Pobra para cofinanciar as actividades do proxecto "Coworking Pobra", dentro do Plan de Emprego Local **186**

29. Aprobación da modificación e prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o proxecto "Liña de axuda única, gastos correntes, do plan de mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal de Ferrol (PAME3), no marco do Plan de Emprego Local, PEL, anualidade 2021" **195**

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

1.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, relativa á renovación do convenio para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais no próximo período 2022-2024 para mellorar a cobertura do mapa actual das emerxencias. **197**

2.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, para mostrar o apoio sin fisuras ás Forzas e Corpos de Seguridade e para esixir ao goberno de España que non modifique a Ley de Seguridade Cidadá **208**

3.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica de apoio á derrogación da Lei Mordaza..... **209**

ROGOS E PREGUNTAS..... 228

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 21 de decembro de 2021.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 21 de decembro de 2021, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, Presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Rosa Mª Gallego Neira	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don José Francisco Santos Regueiro	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

Actúa como secretaria: Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o Interventor Xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:06 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bos días a todas e a todos.

Empezamos co primeiro punto da orde do día. Hai declaración institucional sobre a minería subacuática.

Sra. Secretaria

Declaración Institucional pola Moratoria da minería submarina

A minería submarina converteuse nunha das principais ameazas á integridade dos fondos mariños, un ambiente moi pouco coñecido e estudado. Trátase dunha actividade con enormes impactos potenciais, desde os efectos tóxicos das plumas de sedimentos e metais pesados en toda a cadea trófica ata a liberación de gases de efecto invernadoiro secuestrados nos fondos oceánicos, pasando pola destrución irreversible da biodiversidade mariña.

A frota pesqueira galega sería unha das máis expostas á afección dos recursos pesqueiros, xa que os efectos da minería submarina poderían afectar o 15 % das súas capturas de túnidos no Océano Pacífico e o 10 % das capturas de barcos galegos na dorsal do Atlántico. Ademais, o crecente interese por potenciais depósitos minerais en augas do Estado español (incluído o chamado "Banco de Galicia" fronte ás costas galegas, que xa sufriu o afundimento do Prestige) poría en risco os principais caladeiros de proximidade.

A destrución ou extinción de especies, provocadas pola minería submarina, podería impedir ademais o descubrimento de novos medicamentos asociados a formas de vida das profundidades oceánicas. Sen ir máis lonxe, o test da COVID-19 desenvolveuse utilizando unha enzima illada dun microbio que se encontrou en respiradoiros hidrotermais de augas profundas, un hábitat moi escaso e agora baixo a ameaza da minería de augas profundas.

Numerosos organismos e entidades, como o Parlamento Europeo, a Comisión Europea, a Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN), o Consello Consultivo da Frota Comunitaria de Longa Distancia (LDAC), o Consello Consultivo para as Especies Peláxicas (PelAC), WWF, Greenpeace, Fauna & Flora International, Ecoloxistas en Acción e Deep Sea Coalition, entre outras, documentaron e alertaron sobre os impactos coñecidos ou probables da minería submarina. Ademais, empresas do sector da tecnoloxía e da automoción como Google, BMW, Volvo, Philips ou Samsung subscribiron unha chamada conxunta para unha moratoria sobre a minería de augas profundas comprometéndose a non obter ningún recurso mineiro do leito mariño.

Recentemente, o Parlamento Europeo fixo un chamamento na súa resolución de 9 de xuño de 2021 sobre a Estratexia da UE sobre a Biodiversidade para 2030 "Devolver a natureza ás nosas vidas" (2020/2273(INI))3 pedindo (parágrafo 184) aos Estados membros "que promovan unha moratoria, tamén na Alta Autoridade para os

Fondos Mariños, sobre a minería submarina ata que se teñan estudado e investigado suficientemente os efectos da minaría submarina no medio ambiente mariño, a biodiversidade e as actividades humanas no mar e se poida xestionar a minaría submarina para garantir que non se perda biodiversidade mariña nin se degraden los ecosistemas mariños".

Polo exposto, a Corporación da Deputación provincial da Coruña DECLARA a súa vontade de:

1. Instar ao Goberno do Estado para que promovan e defenda ante a Alta Autoridade dos Fondos Mariños (ISA) unha moratoria da minería submarina ata que se teñan estudado e investigado suficientemente os seus efectos no medio ambiente mariño, a biodiversidade e as actividades humanas no mar e se poida xestionar a minaría submarina para garantir que non se perda biodiversidade mariña nin se degraden os ecosistemas mariños.

2. Instar ao Goberno do Estado a que garantan a participación das organizacións ambientais e pesqueiras nas delegacións de España ante a Alta Autoridade dos Fondos Mariños e promova e defenda unha reforma dese organismo para unha maior transparencia e participación da sociedade civil e sectores afectados.

3. Instar ao Goberno do Estado a que adopte unha prohibición da minaría submarina nas augas baixo a súa xurisdición nacional e exclúa explicitamente a posibilidade de realizar esta actividade nas Áreas Mariñas Protexidas e Áreas Mariñas de Importancia Ecolóxica o Biolóxica, incluíndo o Banco de Galicia frente ás costas galegas.

4. Instar á Xunta de Galicia a que demande ao Goberno do Estado o cumprimento destes acordos, realizando todas as actuacións pertinentes.

5. Dar traslado do presente acordo ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e á Consellería do Mar, á Xunta de Galicia e ao Parlamento de Galicia.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 11/2021, de 26 de novembro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 11/2021, de 26 de novembro.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 20 de novembro de 2021 ata o 14 de decembro de 2021.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 20 de novembro de 2021 ata o 14 de decembro de 2021.

3.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Padroado do Museo do Pobo Galego polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinaciar o Proxecto de musealización da sala de historia de "A Galicia Medieval" e traslado de servizos aos novos espazos rehabilitados da ala sur.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención.

O Museo do Pobo Galego é titular dunha colección etnográfica integrada por máis de 15.000 pezas e obxectos da vida cotiá; a súa Biblioteca, que alberga máis de 100.000 volumes, foi recoñedida pola Xunta de Galicia como Biblioteca de Especial Interese para Galicia, no ano 2012; no Arquivo se custodias fotografías, postais, mapas, planos, carteis, partituras, pergamenos que van desde o século XII ata á actualidade; desde 1997, o Museo conta cun Departamento de Educación e Acción Cultural no que conflúen a investigación e unha acción socioeducativa e cultural baseada na educación patrimonial.

O Museo do Pobo Galego pode ser considerado como un referente na rede de museos antropolóxicos de Galicia; neste senso, a Consellería de Cultura, por Decreto 111/1993, do 22 de maio, recoñeceulle a competencia para actuar como centro sintetizador de todos os museos e coleccións públicas e privadas integradas no sistema galego de museos dedicados ao estudo, promoción e difusión do patrimonio histórico-antropolóxico de Galicia.

Trátase, xa que logo dunha entidade singular cuxo funcionamento ten unha importancia fundamental no ámbito da cultura galega.

Por todo o dito, considérase que as condicións especiais da entidade solicitante, así como as actividades que desenvolve xustifican o carácter singular da subvención e acreditan o seu interese público social.

Á vista do anteriormente exposto, e aínda que o procedemento ordinario para a concesión de subvencións é a tramitación en réxime de concurrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, levántase o reparo emitido pola Intervención da Deputación no seu informe do 25 de novembro de 2021.

2.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á asociación **Padroado do Museo do Pobo Galego,** por importe de **150.000 €**, para cofinanciar o *Proxecto de musealización da sala de historia de "A Galicia Medieval" e traslado de servizos aos novos espazos rehabilitados da ala sur,* cun orzamento subvencionado de 187.500,00 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

" Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Padroado do Museo do Pobo Galego polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinaciar o *Proxecto de musealización da sala de historia de "A Galicia Medieval" e traslado de servizos aos novos espazos rehabilitados da ala sur*

Na Coruña a

REUNIDOS

Don/a ……., en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a ……., en representación do Padroado do Museo do Pobo Galego

MANIFESTAN

O artigo 2 dos estatutos do Padroado do Museo do Pobo Galego establece como obxectivos da entidade investigar, conservar, divulgar, defender e promover a cultura galega e a súa historia en todos os seus ámbitos; e concretamente crear e desenvolver un museo ao servizo deste obxectivos.

Cun carácter exclusivamente científico e de investigación o Padroado do Museo do Pobo Galego desenvolve as súas actividades en Galicia e noutras áreas que, polas súas afinidades coa cultura galega ou outras circunstancias, convén facelo.

A rehabilitación da Ala Sur do convento de Bonaval, puxo a disposición do Museo do Pobo Galego un conxunto de espazos que consonte á súa programación teñen como finalidade principal a ampliación da exposición permanente, a ampliación e mellora das salas de exposición temporal, e a dotación e/ou mellora dos servizos do museo.

Con tal finalidade, no ano 2020 iniciase o proceso para a instalación das salas de Historia de Galicia, coa realización dos audiovisuais incluídos nos módulos expositivos, a reprodución de pezas para as salas e adquisición de algún equipamento xeral; o prioritario do museo neste ano 2021 é a montaxe das salas de Historia de Galicia, das que xa están en execución os módulos expositivos 0 a 3 do proxecto museográfico global, que corresponden á introdución e ao ao período que cobre desde a Prehistoria ao Reino Suevo.

A continuación do proxecto supón ocupar espazos da zona rehabilitada na ala sur, que require, con carácter previo á montaxe dos módulos expositivos a realización de unha serie de actuacións de base: montaxe dunha rede intranet que dé e servizo a esta zona e poder instalar o control centralizado dos audiovisuais dos módulos expositivos, adquirir algún equipamento e mobiliario de apoio necesario para poder abrir ao público esta área e instalar o modulo expositivo 4 que corresponde coa Idade Media.

No pasado mes de abril o presidente do Padroado do Museo do Pobo Galego dirixiuse á Deputación solicitando a súa colaboración no financiamento destas actuacións na ala sur de San Domingos de Bonaval para a instalación das novas Salas de Historia de Galicia e servizos do Museo do Pobo Galego.

Tendo en conta que a Deputación é un dos patrois institucionais do Museo e coa intención de manter a colaboración coa entidade, iniciáronse os trámites para a concesión dunha subvención nominativa por importe de 150.000 €, ao Padroado do Museo do Pobo Galego da Coruña e a inclusión do crédito no EMC correspondente.

Dado o interese coincidente da Deputación de Coruña e do Padroado do Museo do Pobo Galego, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLAÚSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Padroado do Museo do Pobo Galego, NIF: G15037195, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do ***Proxecto de musealización da sala de historia de "A Galicia Medieval" e traslado de servizos aos novos espazos rehabilitados da ala sur.***

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

O Padroado do Museo do Pobo Galego realizará o investimento obxecto do convenio, consonte ao seguinte orzamento desagregado:

Orzamento Módulo 4 Idade Media	
Cap 1. Elementos museográficos	108.038,00 €
Cap 2. Impresión e deseño gráficos	12.520,00 €
Cap 3. Soporte de pezas e Material de Conservación-Montaxe	6.962,00 €
Cap 4. Reproducións e facsímiles	11.200,00 €
Total Módulo 4	*138.720,00 €*

Instalacións e equipamento		
Instalación rede intranet para control de audiovisuais		7.700,00 €
Equipamento de streaming		21.600,00 €
Equipamento vario		19.480,00 €
Total Instalacións e equipamento	*48.780,00 €*	
Total orzamento IVE incluído		**187.500,00 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento do investimento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **150.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento do investimento, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- . A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do investimento e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de posibles honorarios derivados de informes periciais de valoración ou de carácter notarial ou rexistral.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3331/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Padroado do Museo do Pobo Galego obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao Padroado do Museo do Pobo Galego o outorgamento dos correspondentes contratos. Non se poderá contratar con persoas o entidades vinculadas ao Padroado do Museo do Pobo Galego, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2.- Se o importe do investimento é superior a 15.000 €, con carácter previo á contratación, o Padroado do Museo do Pobo Galego deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos proveedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elexir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Nos acordos que se tomen para realización dos investimentos farase constar o importe do financiamento provincial.

2. O Padroado do Museo do Pobo Galego deberá colocar, en calquera lugar visible da sala de historia de “A Galicia Medieval”, unha placa na que figure o logotipo da Deputación da Coruña, na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades do Padroado do Museo do Pobo Galego, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

4.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Padroado do Museo do Pobo Galego.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Padroado do Museo do Pobo Galego unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

* **Certificación** do acordo polo que se aproba a adquisición dos bens ou equipamento, expedida polo órgano competente.

* **Copia dos contratos** formalizados, das actas de recepción e das facturas.

* **Certificación** do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Padroado do Museo do Pobo Galego e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida alomenos por un prazo de cinco anos.

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do Padroado do Museo do Pobo Galego, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación dos investimentos realizados, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

*** Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

*** Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

*** Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- Os investimentos que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 30 de abril de 2022.

2.- Unha vez rematado o insetimento, ao Padroado do Museo do Pobo Galego deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de xuño de 2022.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Padroado do Museo do Pobo Galego para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Padroado do Museo do Pobo Galego da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Padroado do Museo do Pobo Galego na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, ao Padroado do Museo do Pobo Galego terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Padroado do Museo do Pobo Galego deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Padroado do Museo do Pobo Galego destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao Padroado do Museo do Pobo Galego deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao Padroado do Museo do Pobo Galego poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento do investimento e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, ao Padroado do Museo do Pobo Galego queda sometida aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización do investimento ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Padroado do Museo do Pobo Galego serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Padroado do Museo do Pobo Galego será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de agosto de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que os investimentos contemplados nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2021.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Padroado do Museo do Pobo Galego, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

4.- Aprobación da concesión de subvención nominativa a Asociación Cultural Correlingua para financiar o Proxecto de Correlingua 2021 na provincia da Coruña "Inmunízate co galego" e aprobación do correspondente convenio de colaboración

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 30 de novembro de 2021.

2.- Aprobar o convenio con Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, correspondente á subvención nominativa, por importe de 20.000,00 euros, porcentaxe de financiamento do 79,00% para financiar o Correlingua 2021, de acordo co texto de convenio que se achega no anexo.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2022, autorice o correspondente orzamento.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E ASOCIACIÓN CULTURAL CORRELINGUA CIF G70325683 PARA FINANCIAR CORRELINGUA 2021 NA PROVINCIA DA CORUÑA. INMUNÍZATE CO GALEGO

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

D/Dna._____en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____en nome e representación de Asociación Cultural Correlingua

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, organiza coa denominación, que adoptaron, de Correlingua desde 2001 diversas carreiras a prol do idioma por Galicia. Unha proposta de carácter lúdico, educativo e reivindicativo que pretende convidar a mocidade, alumnado e centros de ensino de titularidade pública e privada, de diferentes niveis a participar nun acto público de reivindicación do dereito de medrar en galego e tamén exercer de maneira efectiva como galegos e galegas a través do uso do noso idioma, única forma de garantir o seu futuro.

Debido á situación de crise sanitaria que estamos a atravesar desde o 2020 a causa da COVID-19 os actos públicos numerosos como son as carreiras e festas finais do Correlingua non poden celebrarse, mais o proxecto do Correlingua mantén as actividades que se veñen desenvolvendo nos centros de ensino como os concursos de elaboración do manifesto, vídeo, banda deseñada, o Cantalingua e proxéctanse as actividades Regueifando, Desata a lingua, Banda deseñada Correlingua, PAlabras PAra o VENTO (alternativas ás festas finais e carreiras) para o Correlingua 2021.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do presente exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no

ámbito territorial da súa competencia.
Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación Cultural Correlingua, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar este convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación Cultural Correlingua, CIF G70325683, para financiar o Correlingua 2021 na provincia da Coruña. Inmunízate co galego (do 1 de xaneiro ao 31 de decembro) na provincia da Coruña, un proxecto que pretende incentivar o uso oral do galego e polo tanto a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova.

Na provincia realizaranse as seguintes actividades:
1. Festa na Coruña no Ágora
2. Festa Ferrolterra no auditorio municipal de Ferrol
3. Unha sesión de contacontos por Vero Rilo
4. Un espectáculo Dúo Vaguedades
5. Dous obradoiros de BD Correlingua impartidos por Manel Cráneo / Rubén Rial
6. Dous obradoiros PAlabras PAra o VENTO
7. Un obradoiro de regueifa por Luis O Caruncho e Pinto d'Herbón
8. Dous obradoiros de escrita Desata a lingua impartidos por Lucía Aldao

O prazo de execución remata o 31 de decembro de 2021.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

1. Organización de actividades_____ 18.376,12 €
1.1 Actividades nos centros de ensino participantes Correlingua2021__ 3.118,00 €
2 Obradoiros escrita Desata a lingua por Lucía Aldao _____ 400,00 €
2 Obradoiros BD CORRELINGUA de Manel Cráneo / Rubén Ríos____ 500,00€
1 Obradoiro de regueifa Caruncho-Herbón participantes Regueifando! _ 300,00€
2 Obradoiros PAlabras PAra o VENTO por Míriam Ferradáns_____ 400,00€
Actuación Dúo Vaguedades (Coruña)_____ 1.210,00€
1 sesión contacontos Vero Rilo_____ 308,00€

1.2 Contratación de profesionais Festas Correlingua 2021_____14.229.62 €
Presentación – Actuación Galeatro na Festa de Coruña _____ 850,00€
Cantalingua – Pauliña na Festa de Coruña_____ 1.000,00€
Sonorización Festa Coruña Jose Luis Padín Feijoó _____ 605,00€
Actuación Música Miúda na Festa de Ferrol _____ 660,00€
Presentación Fran Rei na Festa de Ferrol _____ 302,50€
Coordinación Correlingua: catro nóminas Helena Torres Blanco____ 8.755,12€
Emisión directo e gravar festas de Coruña e Ferrol Videoh! _____ 1.210,00€

Comunicación e redes sociais Merlolab_____ 847,00€

1.3Desprazamentos _____ 1.028,50€
Autobuses para o desprazamento do alumnado á Festa da Coruña_____330,00 €
Autobuses para o desprazamento do alumnado á Festa de Ferrol _____ 698,50 €

2. Deseño - Edición de material e publicitación_____ 6.716,11€
2.1 Deseño imaxe Correlingua 2021 Xulia Pisón_____ 360,00€
2.2 Agasallos para o alumnado_____ 6.356,11€
5.500 mochilas agasallo alumnado Correlingua da Coruña _____ 6.189,15 €
Envío agasallos ás diferentes comarcas da provincia onde se celebra o Correlingua_____166,96€

TOTAL
GASTOS_____25.092,23 €

INGRESOS PREVISTOS
Deputación de Coruña _____ 20.000€
Concello de Coruña_____ 2.726€
Concello de Ferrol _____ 1.000€

TOTAL INGRESOS PREVISTOS_____ 23.726€

Asociación Cultural Correlingua acredita que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 20.000,00 euros, non podendo superar o coeficiente de financiamento do 0,80. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0116/334.4/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que Asociación Cultural Correlingua obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación Cultural Correlingua. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a Asociación Cultural Correlingua, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, Asociación Cultural Correlingua deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que Asociación Cultural Correlingua tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logotipo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga de Asociación Cultural Correlingua.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a Asociación Cultural Correlingua unha vez que presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de Asociación

Cultural Correlingua, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas **o 31 de decembro de 2021**, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, Asociación Cultural Correlingua deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2022**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Asociación Cultural Correlingua para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Cultural Correlingua da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por Asociación Cultural Correlingua na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Cultural Correlingua terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. Asociación Cultural Correlingua deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Asociación Cultural Correlingua destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, Asociación Cultural Correlingua deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Asociación Cultural Correlingua poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de

colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, Asociación Cultural Correlingua queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou do atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Correlingua serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación Cultural Correlingua será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2021.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio 2022, autorice o correspondente orzamento

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4.- Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2022 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2022. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na data citada.

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que

xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

5.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Fundación Down Compostela para o cofinanciamento do Arranxo das cubertas no centro de servizos Down Compostela e do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 2 de decembro de 2021 polas razóns que figuran no expediente.

2.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 45.900,00 **€**, á Fundación Down Compostela para financiar o *Arranxo das cubertas no centro de servizos Down Compostela ,* cun orzamento subvencionado de 57.473,96 €, de

acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Down Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Arranxo das cubertas no centro de servizos Down Compostela

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a ……., en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a ……., en representación da Fundación Down Compostela

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Fundación Down Compostela, ambas as dúas partes

A C O R D AN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Down Compostela, NIF G70040258, para o financiamento do *Arranxo das cubertas no centro de servizos Down Compostela.*

O arranxo das cubertas planas do centro de servizos de Down Compostela: cuberta sobre o módulo de entrada, cuberta con paneis solares e cuberta con máquinas de climatización, aparece definido na memoria valorada redactada por Agustín Mirás Palacios, Arquitecto Técnico do Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de A Coruña, con número de colexiado 1.921.

II.- Orzamento de execución das obras

O orzamento previsto acada a cifra de 57.473,96 € co seguinte desagregado:

CUBERTA SOBRE O MÓDULO DE ENTRADA		414,00 €
CUBERTA CON PANEIS SOLARES		38.287,64 €
CUBERTA CON MÁQUINAS DE CLIMATIZACIÓN		8.797,50 €
	TOTAL	47.499,14 €
	21% I.V.E.	9.974,82 €
TOTAL ORZAMENTO		**57.473,96 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **45.900,00 €** o que representa unha porcentaxe do **79,86 %** do orzamento total.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79,86** %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Fundación Down Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á Fundación Down Compostela o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2.- Con carácter previo á contratación, a Fundación Down Compostela deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a Fundación Down Compostela estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada á Fundación Down Compostela unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

* **Certificación** de obra subscrita polo Técnico-director e polo contratista

*** Factura** expedida polo contratista.

* **Certificación** de aprobación da mesma polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

*** Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

*** Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

2.- Asemade, coa derradeira certificación de obra, deberase aportar acta de recepción e acreditación, no seu caso, do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso) e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención alomenos por un prazo de DEZ anos.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.

2.- Unha vez rematadas as obras, a Fundación Down Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Down Compostela para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Fundación Down Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Down Compostela na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Fundación Down Compostela terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Fundación Down Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Fundación Down Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Fundación Down Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Down Compostela poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Down Compostela queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Down Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención aa Fundación Down Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de agosto de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2021.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Fundación Down Compostela, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña para financiar o Equipamento do Servizo de atención diúrna terapéutica para persoas con autismo e do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida

pola Intervención da Deputación no seu informe de 3 de decembro de 2021 polas razóns que figuran no expediente.

2.-- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 125.000,00 €, á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña para financiar o Equipamento do Servizo de atención diúrna terapéutica para persoas con autismo, cun orzamento subvencionado de 156.357,31 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Equipamento do Servizo de atención diúrna terapéutica para persoas con autismo*

Na Coruña a

REUNIDOS

Don/a ……., en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a ……., en representación da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña

MANIFESTAN

O artigo 4 dos estatutos da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña establece como obxecto da entidade o benestar das persoas con T.E.A., a través de actividades asistenciais, educativas, recreativas, culturais, deportivas, laborais e formativas, mediante a promoción, creación, organización ou patrocinio de centros de diagnóstico e avaliación, unidades de atención especializada e experimentación, centros de terapia, residencias, centros de día, centros ocupacionais, centros de emprego e outros.

O 13 de agosto de 2019 asínase un Convenio entre a Axencia Turismo de Galicia, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e Aspanaes para a cesión de uso do edificio do Camping situado no parque do Monte do Gozo, por un prazo de 33 anos. Créase o

Centro de día Aspanaes Monte do Gozo e para poder iniciar a actividade, tense que dotar de equipamento específico e adecuado ás características das persoas con T.E.A..

Dado o interese coincidente da Deputación de Coruña e da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

CLAÚSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña**, NIF: G15048937 , fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do ***Equipamento do Servizo de atención diúrna terapéutica para persoas con autismo.***

II.- Orzamento de gastos da adquisición.

A Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña realizará o investimento obxecto do convenio, consonte ao seguinte orzamento desagregado:

CONCEPTO	IMPORTE
Mobiliario para os distintos espazos do inmoble	72.342,12 €
Equipamento informático	26.840,67 €
Equipamento aula terapéutica de encadernación	4.310,69 €
Equipamento aula terapia ocupacional	9.878,19 €
Equipamento espazo vida saudable	8.517,30 €
Equipamento sala multisensorial	7.331,95 €
IVA (base: 129.220,92 €)	27.136,39 €
TOTAL	**156.357,31 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento do investimento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **125.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **79,95 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento do investimento, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,95 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- Na súa condición de adquirente, corresponderalle á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña o outorgamento dos correspondentes contratos. Non se poderá contratar con persoas o entidades vinculadas á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2.- Se o importe do investimento é superior a 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.- No caso de que o importe dun gasto subvencionable supere o importe de 60.000 €, a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña deberá seleccionar o provedor mediante un procedemento con

publicidade e liberdade de concorrencia. Na valoración da oferta máis ventaxosa deberá participar persoal técnico da Deputación, que será designado para este cometido en cada caso e con solicitude previa da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Nos acordos que se tomen para realización dos investimentos farase constar o importe do financiamento provincial.

2. A Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña deberá colocar un cartel no Taboleiro de anuncios do centro de día ou en calquera lugar visible no que figure o logotipo da Deputación da Coruña e no que se se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

4.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma SUBTEL, a seguinte documentación:

* **Certificación** do acordo polo que se aproba a adquisición dos bens ou equipamento, expedida polo órgano competente.

* **Copia dos contratos** formalizados, dos albaráns de entrega e das facturas.

* **Certificación** do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida alomenos por un prazo de cinco anos.

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña,

xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación dos investimentos realizados, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

*** Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

*** Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

*** Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a adquisición e prazo de xustificación.

1.- A adquisición do investimento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberán estar realizados alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.

2.- Unha vez rematado o investimento, a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes no prazo máximo dun MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación

aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruñade berá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento do investimento e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización do investimento ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista

(T.E.A.) da Provincia da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2022** e terá efectos retroactivos, polo que os investimentos contemplados nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2021.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2022, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (T.E.A.) da Provincia da Coruña, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

7.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Camariñas para financiar "XXX Mostra do Encaixe de Camariñas 2021"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva:

- A actividade subvencionada ao Concello da Camariñas “XXX Mostra do Encaixe de Camariñas”, está dentro dun proxecto que o Concello de Camariña está levando acabo dende o ano 1991 e que ten unha singularidade única dende o punto de vista da promoción económica, e ante a dificultade por causa das limitación tanto de distribución e comercialización como da produción e dinamización do colectivo de palillerias para promover o cooperativisomo e da trascendencia para esta industria do encaixe para a economía local. O Concello de Camariñas diseñou un Programa de Desenvolvemento do Encaixe, para que a vila de Camariñas, potencie esta actividade como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de

emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

- Hai que destacar que os oficios artesáns resumen todos os valores que se esperan dun obxecto: bos materiais, un proceso de elaboración manual con ferramentas básicas o cal da como resultado un obxecto auténtico. Por iso, supoñen unha importante atracción do turismo e/ou unha alternativa para aquelas persoas que perseguen reencontrarse coa autenticidade da cultura tradicional.

- Por outra banda segundo a memoria presentada pola concello a natureza do evento consiste en executar un programa global, que a través de múltiples e singulares accións, xa descritas anteriormente e que se xuntan ao expediente, contribuirán a manter a posición de Camariñas como destino tanto comercial como turístico de primeira orde.

- É preciso indicar que o proxecto pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas con CIF P1501600I para financiar as actividades “XXX Mostra do Encaixe de Camariñas” cunha achega provincial de 100.000,00 € con cargo á aplicación presupustaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 76,55 % con respecto a un orzamanto de 130.634,10 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación, Secretaría Xeral e da Intervención Provincial

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Camariñas polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto de “XXX Mostra de Encaixe de Camariñas 2021”.

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte, en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, en representación do CONCELLO DE

CAMARIÑAS

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMARIÑAS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector do encaixe se converta nunha actividade rendible de futuro para isto o Concello de Camariñas deseñou un programa de desenvolvemento do encaixe no dito programas conteplouse as seguinte áreas de intervencion: formación, investigación, produción, distribución e comercialización, todo este proceso repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial**.**

2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CAMARIÑAS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO DE CAMARIÑAS**, CIF P1501600I, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumido polo concello para o financiamento do proxecto "XXX Mostra de Encaixe de Camariñas 2021".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O CONCELLO DE CAMARIÑAS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Capítulo I: Gastos de persoal	
Soldos e Salarios	20.925,60
Seguridade Social a cargo da entidade	6.792,00
Capitulo II: Gastos correntes	
Publicidade e propaganda:	8.806,00
- Publicidade en diferentes medios e promoción	
- Imprenta: rotulación en vinilos, nomes stands decoración….	1.000,00
- Reportaxes fotográficos e vídeo	3.000,00

Compras de bens destinados á actividade	
- Suministro encaixe letras aniversario e participantes pasarela	6.000,00
- Suministros camisetas e bolsas persoal voluntario Compras	1.800,00
Aluguer	
Aluguer de dispensadores desinfectante c contapersoas	600,00
Servizos de profesionais independentes	
Actividades complementarias: mapping, talleres	2.359,00
Estudo e asesoramento da Pasaela e asistencia como xurado para o Concurso de Noveis Deseñadores	1.000,00
Decoración Pasarela da XXX Mostra aniversario para Pasarela	2.280,00
Impresión exposición carteis 30 edicións da Mostra en printfoam	1.650,00
Deseño feiral	1.500,00
Realización do plan de actuación e contigencias frente ao Covid 19 Mostra de Encaixe	4.958,00
Megafonía interior e exterior, iluminación, pantallas, cámaras y operadores	12.500,00
Restauración en diferentes facturas: manutención de voluntarios/as gravación de vídeos promocionais da Mostra Virtual, e encaixeras de las delegacións de los países invitados, deseñadores de las firmas, personal voluntario: azafatas/os e protección civil durante los 5 días	10.000,00
Servizo de actuacións artísticas	1.500,00
Servizo de limpeza feiral	3.280,00
Servizo de locución de desfiles e actos	1.000,00
Servizo de modelos e coreografía	14.700,00
Servizo de vixilancia	5.500,00
Servizo xenerador, acometidas, aonmutador,…	1.500,00
Talleres lúdicos e parque infantil	2.066,00
Transportes diversos, bus encaixeras,…	600,00
Varios gastos servizos montaxe: servizo de electricidade, iluminación, fontanería, elevador, letras XXX aceiro, outros suministros	7.000,00
Servizo de reparto de cartelería	1.217,50
Servizo de gabinete comunicación e estratexía da Mostra virtual e Mostra física	7.100,00
TOTAL	**130.634,10**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 100.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 76,55%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o

importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,55% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMARIÑAS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE CAMARIÑAS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CAMARIÑAS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE CAMARIÑAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CAMARIÑAS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE CAMARIÑAS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CAMARIÑAS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

.

CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o **dia 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2021.**
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CAMARIÑAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Camariñas da sanción que de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMARIÑAS na documentación

achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CAMARIÑAS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1 O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CAMARIÑAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de

Contas de Galicia, o CONCELLO DE CAMARIÑAS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable. 3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CAMARIÑAS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CAMARIÑAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2021**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2022** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. O CONCELLO DE CAMARIÑAS deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 30 de abril de 2022**,

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.
.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CAMARIÑAS, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación O representante do Concello de Camariñas

8.- Aprobación do convenio entre a Deputación e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) para financiar o proxecto "Servizo de Intermediación Laboral 2021"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

O colectivo das persoas con discapacidade é un colectivo cunhas especiais dificultades de inserción, tal e como avalan os datos publicados nos informes anuais do Mercado de Traballo publicados polo observatorio das ocupacións - Servizo público de Emprego - Ministerio de Emprego e Seguridade Social, dos que destacan os seguintes:

- En decembro de 2018 (Informe publicado en 2019, non existindo informes posteriores) estaban inscritas como demandantes de emprego 3.535 persoas con discapacidade na provincia da Coruña, das que 2.195 eran persoas en paro de larga duración, e representan un 5,30 % do total da provincia.

- No quinquenio 2014-2018, con descensos continuados no número de persoas en paro totais, as persoas con discapacidade diminuíron en menor medida que os das persoas sen discapacidade, en concreto os primeiros baixaron un 0,65 %, mentres que os segundos, un 9,80%.

- No ano 2018 (datos do último informe publicado), os contratos laborais de persoas con discapacidade rexistrados na provincia da Coruña representaron un 1,96% (8.757 contratos).

- As contratacións de persoas con discapacidade representan soamente unha porcentaxe dun 1,96 do total.

COGAMI desenvolve accións encamiñadas a mellora da inserción laboral das persoas con discapacidade, contribuíndo dende o ano 1996 (ano no que comezamos a rexistrar datos) ao logro de preto de 43.500 insercións laborais de persoas con

discapacidade no territorio galego, de xeito concreto, no ano 2020, na provincia da Coruña, as nosas accións lograron a firma de 897 contratos de persoas con discapacidade, o que considerando as variación dos datos en anos anteriores publicados polo SEPE representa que actuamos como mínimo no 10 % dos contratos asinados por persoas con discapacidade na provincia.

Ademais dos propios resultados do servizo, o valor social ven acreditado tamén por algúns aspectos característicos do propio servizo:

- O Servizo de Intermediación Laboral de COGAMI conta cunha base de datos propia de persoas con discapacidade que realizan actividades vinculadas a busca activa de emprego, que a finais do 2020 contaba con 8.035 da provincia da Coruña, mais do dobre que no servizo público de emprego.

- Préstase directamente na contorna próxima da persoa, grazas á figura dos orientadores rurais que se desprazan ao conxunto das comarcas da provincia, o que incide directamente na dinamización do conxunto do territorio.

- No se perde a perspectiva do conxunto do territorio ao contar con obxectivos de resultados vinculados ao conxunto do territorio, e que teñen en conta as características propias de cada zona.

A non obtención da financiación necesaria para o mantemento do servizo, o cal sinalar que non é financiable baixo convocatoria ordinaria da Deputación, por ser diferentes as accións que se desenvolven no noso servizo fronte as esixidas na convocatoria (itinerarios personalizados de emprego), suporía unha significativa perda de oportunidades de emprego para o colectivo das persoas con discapacidade, cun impacto directo e significativo nos resultados provinciais relativos ao número de contratos asinados polas persoas con discapacidade.

Dado o elevado valor e impacto social do servizo, consideramos necesario manter e potenciar o desenvolvemento do mesmo.

Por outra banda o servizo desenvolvido pola entidade COGAMI é o único que cubre o conxunto do territorio galego, que contempla o achegar o servizo á persoas, facendo atención directa ás persoas no conxunto das comarcas galegas, e que ven acadando grandes resultados de inserción laboral do colectivo polo que a concesión directa da subvención prevista nominativamente no orzamento provincial e regulada por convenio, considérase suficientemente motivada a dita concesión por todo o exposto queda probado o interese público da actividade proposta.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) CIF G32115941, para financiar o proxecto "Servizo de Intermediación Laboral 2021" A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 45 .000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 09,65 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/24101/481, quedando condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto Programa de “Servizo de Intermediación Laboral 2021”.

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o representante da Deputación da Coruña

Doutra parte o representante da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

Na Coruña a

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)

1 Consideran de gran interese para a provincia a realización do congreso dado que “Servizo de Intermediación Laboral 2021” ten como obxectivo lograr a promoción a inserción laboral das persoas con discapacidade. Un dos retos desta entidade é incentivar o acceso ao emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade.
.
2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), con CIF G322115941, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto “Servizo de Intermediación Laboral 2021”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	**IMPORTE**
GASTOS DE PERSOAL (SALARIOS E SEGURIDADE SOCIAL):	434.754,32 €
Persoal orientador	329.160,32 €
Persoal técnico de emprego	24.727,61 €
Persoal complementario (Traballador/as sociais, técnico/a xurídico, proxectos…)	31.995,61 €
Persoal de coordinación	32.609,54 €
Persoal administrativos	16.261,24 €
GASTOS XERAIS:	31.399,50 €
Aprovisionamentos	4.361,13 €
Reparacións e mantemento	3.971,80 €
Subministros	6.379,92 €
Comunicacións	5 166,65 €
Gastos de desprazamentos	4.300,00 €
Outros servizos externos	7.220,00 €
TOTAL	**466.153,82 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **45.000,00** € o que representa unha porcentaxe de **9,65%** . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente **o 9,65 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/24101/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou

axudas, públicas ou privadas, que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) trámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI).

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2021**.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable le lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos

adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e

materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) será publicada no Boletín Oficial da

Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2021**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2022 sempre e cando exista crédito para tal fin**
2. Para o caso de que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2022**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar

cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da entidade CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI)"

9.- Aprobación do convenio entre a Deputación e a entidade Casa do Mel para financiar o programa "Selección, Reprodución e Mellora Xenética da Abella Negra Local"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estos principios se encontran recollidos nos artígos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe
2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva,como o incorporado no presente expediente:

A ASOCIACIÓN APICULTORES CASA DO MEL a través do proxecto “Programa de Selección, Reprodución e Mellora Xenética da Abella Negra Local” ten por finalidade fomentar un modelo de apicultura baseado no respecto á abella, á tradición e ao medio ambiente.

- A través do programa citado pretendese sensibilizar á sociedade, ás institucións tanto públicas como privadas sobre a importancia da abella na conservación do medio ambiente e no desenvolvemento do medio rural pola súa labor polinizadora.

- Por outra banda pretendese velar pola calidade dos produtos apícolas informando aos consumidores das súas características e promovendo a súa comercialización.

- Outro dos obxectivo que se pretende é fomentar a colaboración con outras entidades na investigación apícola

Por outra banda o proxecto desenvolvido pola entidade ASOCIACIÓN APICULTORES CASA DO MEL está motivado polos seguintes beneficios:

- Promover publicacións e difundir nos medio de comunicación temas relacionados co mundo da abella.

- Promocionar o mel e pole, que nos últimos anos vén comercializando os excedentes das producións apícolas dos seus asociados.

- Asistir e promocionar as feiras apícolas dos seus asociados.

- Asistencia técnica sobre realización de traballos sanitarios en colmeas, aplicando técnicas e medios apropiados.

- Asesoramento en operacións de subministración de alimento a colmeas en función das necesidades e estado das mesmas.
- Xestión, control e mellora na produción do mel e produtos derivados da colmea.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN APICULTORES CASA DO MEL CIF G70243852 para financiar o proxecto “Programa de Selección, Reprodución e Mellora Xenética da Abella Negra Local” A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 18.499,44 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80% .

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4141/481, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

6º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

Todo isto previo o preceptivo informe de Contratación, Secretaría Xeral e da Intervención Provincial.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e a ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto Programa de “Programa de Selección, Reprodución e Mellora Xenética da Abella Negra Local”.

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte o representante da Deputación da Coruña
Doutra parte o representante da ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL

Na Coruña a

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL

1. Consideran de gran interese para a provincia os traballos para levar a cabo unha mellora da Abella Negra Local que permita o fomento daquelas actividades e investimentos destinados a mellorar a abella autóctona

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL con NIF G70243852 fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto "Programa de Selección, Reprodución e Mellora da Abella Negra Local".

II.- ORZAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO OU BEN

ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GASTOS	**IMPORTE**
Contratación servizos técnicos: titulación biólogo	4.356.00 €
Contratación servizos técnicos: titulación ingeniero de montes	4.356.00 €
Contratación servizos técnicos: titulación veterinario	4.356.00 €
Análitica xenética universidade Murcia	2.196,15 €
Formación para a reprodución con liñas pura	1.524,60 €
Equipo inseminador de raiñas profesional	5.445,00 €
Material de campo núcleos	588,06 €
Material de campo: mininúcleos	302,50 €
TOTAL	**23.124,31 €**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.499,44 €** o que representa unha porcentaxe de **80%** . No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente **o 80%** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusul segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 75,301% da cantidade xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben ou equipamento e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de transporte, nin os posibles honorarios derivados de informes periciais de valoración ou de carácter notorial ou rexistral.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0510/4141/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MELtrámite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Nos acordos que se toen para a adquisión do ben ou equipaento farase constar o importe do financiamento provincial.
2. Adquirido o ben ou equipamento a ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL deberá colocar un cartel no taboleiro de anuncios do local social ou en calquera outro lugar visible no que figure o anagrama provincial e no que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MELunha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas describindo a actuación realizada, con indicación dos resultados obtidos e do número de persoas beneficiarias. Este documento deberá estar asinado pola persoa física que desempeñe a representación legal da persoa beneficiaria.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Unha relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe de procedencia, asi coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.
- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.
- Albarán de entrega e da factura.
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de ben da entidade e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de cinco anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade

Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL deberán achegar unha declaración dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, segundo o formato esixido no convenio, achegando unha proba documental ao respecto.

ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre os días 20 **de febreiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.**
2. Unha vez rematadas as actividades, o ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable le lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

A ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade

Social.

A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

A ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1 O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día **20 de febreiro de 2021 ata o 31 de decembro do ano 2021**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a

súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2022 sempre e cando exista crédito para tal fin**

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de xuño de 2022**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada por Resolución de Presidencia, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O representante da Deputación

O representante da entidade

ASOCIACIÓN DE APICULTORES A CASA DO MEL"

10.- Aprobación definitiva do Plan de Investimentos 2021, quinta fase, segunda relación

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Buenos días, presidente, compañeros.

Nosotros en el punto 10 y 11 vamos a abstenernos, y no porque no estemos de acuerdo con las inversiones previstas tanto en Vimianzo como en Zas, no, es por una cuestión de los expedientes como vienen al Pleno. Según los informes de Intervención que hemos revisado, vemos que faltan informes preceptivos, no es que falten, es que no se han solicitado. Entonces, claro, esto ya lo advertimos en el Pleno de presupuestos, no es muy razonable que vengan expedientes al Pleno incompletos, que esos informes preceptivos hagan que se modifiquen y *a posteriori* vengan modificados al Pleno. Yo creo que en este caso hay que hacer las cosas bien, creo que sería conveniente aportar estos informes preceptivos, o solicitarlos por lo menos, para evitar modificados o cuestiones que luego estamos viendo en los plenos con demasiada frecuencia y creemos que no son la forma de hacer las cosas.

Repito, y que quede claro, estamos a favor de estas dos inversiones, pero también estamos a favor de que los expedientes vengan a este Pleno conforme debe ser.

Nada más, gracias.

Sr. Presidente

Ao respecto, eu creo que é importante, e agradezo a exposición, Sr. Ben, é importante que queden aprobados os dous puntos, sendo conscientes de que os informes preceptivos antes da licitación das obras correspondentes deben estar incorporados ao expediente para evitar, precisamente, despois os modificados que veñen motivados moitas veces por eses informes sectoriais preceptivos.

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do Partido Popular, acorda:

"1.- Aprobar a SEGUNDA RELACION DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2021 QUINTA FASE cun orzamento total de 1.615.469,64.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
2021.1110.0006.0	DP 9203 CAXADAS A BAIÑAS, SENDA PQ 0+000 A 1+940 E AMPLIACIÓN E MELLORA TRAZADO ENTORNO PQ 4+500	VIMIANZO	1.615.469,64 €

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

11.- Aprobación definitiva do Plan de Sendas Peonis 2021, primeira fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do Partido Popular, acorda:

"1.- Aprobar definitivamente o PLAN DE SENDAS PEONIS 2021 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 183.731,71.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900, integrada polo proxecto que se detalla:

CODIGO	DENOMINACÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900
2021.1170.0001.0	DP 4001 BAIXO A LAXE. SENDA PEONIL DENDE ESTRADA AC430 A FORNELOS	ZAS	183.731,71

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

12.- Aprobación definitiva do Plan de Sendas Peonis 2021, segunda fase, primeira relación

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a PRIMEIRA RELACION DO PLAN DE SENDAS PEONIS 2021 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 201.267,49.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900, integrada polo proxecto que se detalla:

CODIGO	DENOMINACÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4535/60900
2021.1170.0002.0	DP 3802.- MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA ORDES A PONTECARREIRA DO P.Q. 7+420 AO 8+450. (OROSO)	OROSO	201.267,49

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

13.- Aprobación definitiva do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2021, terceira fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2021, 3ª FASE cun orzamento total de 699.092,56.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 integrado polo proxecto que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
2021.1110.0003.0	AMPLIACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP 6301, SERRA DE ABAIXO A PORZOMILLOS, PK 0+000 A 1+180 E PK 1+720 A 2+500	OZA-CESURAS	699.092,56 €

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local

de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

14.- Aprobación do Plan de Conservación vías provinciais, quinta fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2021, QUINTA FASE cun orzamento total de 2.329.554,23 .- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 integrado polos proxectos que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION DA OBRA	CONCELLO	IMPORTE
2021.1100.0043.0	DP 7603.- PAVIMENTACIÓN CON M.B.Q.; P.Q. 4+250 A 9+615	SAN SADURNIÑO E VALDOVIÑO	448.457,71
2021.1100.0044.0	DP 1105 MELLORA CAPA RODAXE MBQ PQ 0+00 A 5+55	LOUSAME E NOIA	606.034,05
2021.1100.0045.0	DP 1603 MELLORA CAPA RODAXE MBQ PQ 1+315 AO 2+865	VIMIANZO	178.063,21
2021.1100.0046.0	DP 3404 MELLORA CAPA DE RODAXE CON MBQ PQ 31+240 AO 32+806	DUMBRIA	258.270,39
2021.1100.0048.0	DP 7202 MELLORA CAPA RODAXE CON MBQ PQ 0+000 AO 3+025	RIANXO	303.248,22
2021.1100.0049.0	DP 1404 MELLORA FIRME MBQ ACCESO AO DOLMEN DE DOMBATE E DP 1403	CABANA DE BERGANTIÑOS	233.400,06
2021.1100.0050.0	DP 6601 MELLORA CAPA RODAXE CON MBQ P.Q. 0+000 - 2+450	O PINO	164.160,58
2021.1100.0051.0	DP 0812 MELLORA CAPA DE RODAXE CON MBQ PQ 2+000 - 3+800	SADA E BERGONDO	137.920,01
TOTAL……..			2.329.554,23

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

15.- Aprobación do Plan de Sendas Peonis 2021, sexta fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE SENDAS PEONIS 2021 SEXTA FASE cun presuposto total de 303.959,31.- euros, con cargo á la aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CODIGO	**DENOMINACÓN**	**CONCELLO**	**PRESUPOSTO**	**EXPROPIACION**
2021.1170.0007.0	DP 5810 SENDA DE CORUXO DE ARRIBA A MONTROVE ENTRE PQ 0+500 A 0+790.	OLEIROS	183.988,95	Ná Cláusula 4 da memoria do citado proxecto se indica o seguinte: "No están previstas expropiaciones ya que los terrenos necesarios serán puestos a disposición por el Concello de Oleiros. Se incluye anejo específico donde, tomando como referencia el catastro, se identifican los terrenos necesarios indicando nº de referencia catastral de cada parcela y su superficie.", **constando no expediente certificación do Concello de Olerios**

				relativa á posta a disposición da Deputación dos terreos necesarios para a execución das obras contidas neste proxecto.
2021.1170.0008.0	DP 0206 SENDA PEONIL EN BIDUIDO	AMES	119.970,36	24.350,79

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

CODIGO	**DENOMINACÓN**	**CONCELLO**	**PRESUPOSTO**	**EXPROPIACION**
2021.1170.0008.0	DP 0206 SENDA PEONIL EN BIDUIDO	AMES	119.970,36	24.350,79

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre o concello da Coruña e a Deputacion da Coruña para a autorización do uso do polideportivo do I.E.S Rosalía Mera para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para a autorización de utilización do polideportivo Centro “Rosalía Mera” (antes Calvo Sotelo) para o desenvolvemento de actividades deportivas municipais, onde se concretan as obrigas das partes, e sen que implique coste económico para a Deputación Provincial da Coruña, quedando o texto do mesmo como segue:

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA CORUÑA PARA A AUTORIZACIÓN DE UTILIZACIÓN DO POLIDEPORTIVO DO I.E.S ROSALÍA MERA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Na Coruña a,

REUNIDOS

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, en calidade de presidente da Deputación Provincial da Coruña, en representación da mesma e de conformidade coas atribucións que lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Doutra parte, Dona Inés Rey García, alcaldesa-presidenta do Concello da Coruña, actuando en virtude das súas facultades, segundo o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña é titular do instituto “Rosalía Mera” na cidade da Coruña, que conta entre as súas instalacións cun pavillón polideportivo.

O Concello da Coruña, ao abeiro do previsto nos artigos 25.2.l) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art.8 da Lei 3/2012, de 2 de abril, o deporte de Galicia, desenvolve diversas actividades deportivas ao longo do termo municipal a través das Escolas Deportivas Municipais.

A maior parte desta actividades desenvólvense en instalacións deportivas de titularidade municipal, mais as reducións da cabida debido as medidas ditadas contra a COVID-19 fan preciso aumentar os espazos deportivos, mellorando así a seguridade das persoas usuarias.

O pavillón polideportivo do instituto “Rosalía Mera” utilízase durante o horario lectivo, polo que está dispoñible durante unha parte do día.

Tendo en conta o anterior, ambas as dúas institucións consideran de interese colaborar na utilización dos espazos polo que acordan asinar un convenio de colaboración coas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto regular a relación de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña, por medio da cal a Deputación autoriza á utilización ao Concello do uso parcial do pavillón deportivo do I.E.S. Rosalía Mera para o desenvolvemento de actividades deportivas.

SEGUNDA.- Descrición das instalacións.

O Centro “Rosalía Mera” (antes Calvo Sotelo) conta entre as súas instalación cun pavillón polideportivo cuberto que dispón de acceso independente dende a Avenida de Labañou.

A instalación ten unha pista de 959,48 m2 cun pavimento elástico/combinado. As características técnicas deste pavimento non permiten a realización sobre o mesmo de deportes a patíns, tipo hockey ou similares, ou daquelas actividades que supoñan sobrecargas excesivas, como por exemplo o levantamento de pesas.

A pista deportiva ten sinalización, con dimensións regularmentarias para a práctica de balonvolea, baloncesto, balonmán e fútbol sala. Dispón de porterías, canastras e marcador electrónico.
Dispón de 3 zonas de bancadas, situadas en ambos fondos en un dos laterais da pista, e conta tamén con 4 vestiarios, dous recentemente modificados, e aseos para público.

TERCEIRA.- Desenvolvemento das actividades.

Corresponderalle ao Concello da Coruña, con medios persoais propios ou contratados, a programación das actividades deportivas a desenvolver no pavillón obxecto do convenio.

O Concello terá que enviar unha proposta das actividades que ten previsto desenvolver no pavillón antes de ser usados polo Concello ou entidades seleccionadas polo mesmo, e terá que enviar ao Servizo de Educación da Deputación unha programación mensual das actividades a desenvolver.

Os horarios de uso das instalacións será o seguinte:

* Pavillón do I.E.S. “Rosalía Mera”: de 19:00 a 00:00 horas, de luns a venres,

salvo restriccións horarias que se determinen pola situación sanitaria, en que haberá que respetar as mesmas.

Na fin de semana sen limitación de horario, sempre que a actividade non resulte incompatible coas actividades do centro de ensino.

As entradas e saídas ao pavillón realizarase directamente desde a rúa ás instalacións deportivas, sen acceder a ningunha outra estancia do centro.

Non se poderá utilizar o material deportivo existente no pavillón, agás o imprescindible como son as canastras e porterías.

Non se permitirá usar os vestiarios ata que a Deputación o autorice, previa solicitude do Servizo de Deportes do Concello da Coruña, tendo en conta a normativa Covid19. Ademáis non se permitirá usar en ningún caso os dous vestiarios situados baixo as gradas do fondo do pavillón.

CUARTA.- Uso por parte da Deputación Provincial.

A Deputación poderá facer uso das instalación para as activades propias, coordinándose co concello, a cuxos efectos comunicarao cun preaviso de 15 días, salvo situación de urxencia ou forza maior .

QUINTA.- Obrigas das partes.

1.- Obrigas do Concello:

1.1.- Efectuar un uso responsable das instalacións, coidando destas e adoptando as medidas necesarias para que non se produzan danos nas mesmas e respondendo dos danos e perxuizos que ocasione a terceiros.

O Concello designará unha persoa responsable da apertura e do peche das portas de acceso ao recinto deportivo, de acender e apagar as luces da instalación e de vixiar a dita instalación, así como de controlar a manipulación dos elementos de uso imprescindible e que non se use e deteriore o material que o centro ten no espazo común.

1.2.- O Concello asumirá os gastos derivados de danos ocasionados con motivo da utilización polas actividades municipais e polas entidades, na instalación deportiva e nas instalacións anexas dentro do recinto do centro.

1.3.- O Concello realizará a limpeza **diaria** e desinfección da instalación, durante a súa utilización, de acordo cos protocolos sanitarios contra a COVID-19 mentres estean en vigor, e no seu caso vestiarios.

Ao remate das actividades realizarán unha limpeza a fondo da pista e espazos utilizados polas persoas usuarias, e no seu caso dos vestiarios.

1.4.- O Concello será o encargado de supervisar e controlar que as entidades cumpran o protocolo de uso deportivo (PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA SOLICITUDES DE IDM EN PERÍODO COVID-19).

1.5.- O Concello da Coruña ten a obriga de dispoñer dun seguro de responsabilidade civil e garantir que todos os usuarios teñan seguro de accidentes.

1.6.- O Concello garantizará que as entradas e saídas ao pavillón se realizará directamente dende a rúa ás instalación deportivas, sen acceder a ningunha outra estancia do centro.

1.7.- O Concello xestionará o pavillón nas mesmas condicións que teña establecidas o concello para as súas instalación deportivas, comprometéndose o concello da Coruña a non recibir compensación económica alguna polas entidades deportivas que fagan uso do citado pavillón.

2.- Obrigas de Deputación:

2.1.- Facerse cargo do mantemento das instalacións para un bo uso da mesma. Exceptúanse os danos ocasionados nas instalacións polo uso irresponsable ou inadecuado delas durante o seu uso para as actividades deportivas municipais, en cuxo caso responderá o concello.

2.2.- A Deputación aboará os gastos derivados do pago de impostos e do seguro das instalacións (continente e contido).

SEXTA.- Supervisión e inspección das instalacións por parte da Deputación.

A Deputación, a través do Servizo de Arquitectura ou do Servizo de Patrimonio e Contratación, poderá realizar actuacións de supervisión do estado das instalacións en calquera momento, poñendo en coñecemento da persoa que designe o Concello como responsable da instalación con tres días de antelación e velando para non interferir no correcto desenvolvemento das actividades programadas.

SÉTIMA.- Duración e vixencia.

O presente convenio extenderá a súa vixencia ata o día 30 de xuño de 2022, e poderá ser prorrogado por un ano máis mediante resolución da presidencia.

Non obstante a Deputación poderá deixar sen efectos o presente convenio, cun preaviso de 3 meses.

OITAVA.- Causas de resolución.

Ademais da extinción polo transcurso do prazo de vixencia, serán causas de resolución do presente convenio o acordo unánime das partes asinantes e o incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes.

No caso de incumprimento, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento, outorgándolle un prazo de quince días hábiles para que proceda a cumprir as obrigas e compromisos asumidos que se consideren incumpridos. Se no transcurso do prazo indicado persistira o incumprimento indicado, entenderase resolto o convenio, debendo indemnizarse pola parte incumpridora os danos e prexuízos causados.

NOVENA.- Natureza xurídica.

O presente convenio ten carácter administrativo, resultándolle de aplicación as disposicións contidas no Capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Rexime xurídico do Sector público.

Corresponderalle aos órganos da Xurisdicción contencioso-administrativa resolver as controversias que poidan xurdir na aplicación, interpretación e efectos do presente convenio de cooperación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación de data _____"

17.- Aprobación do Convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón (2022-2023)

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos do Concello da Coruña para a xestión compartida do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro do 2022 ata o día 31 de decembro de 2023. A liquidación correspondente ao ano 2022 presentarase antes do 31 de marzo do 2023, e a correspondente ao ano 2023, antes do 31 de marzo do 2024. O presente convenio extenderá a súa vixencia ata o día 30 de abril de 2024, para os efectos de aprobación da liquidación regulada na cláusula novena.

2º.- A achega provincial ascende ao importe máximo de **500.000,00 euros**, que serán imputables de conformidade ao seguinte desglose:

- Os custes de **programación** ata un máximo de 350.000,00 euros, serán imputables á aplicación orzamentaria 0112/3335/46201.
- Os custes de **mantenemento** das instalacións que ascenden ata un máximo de 150.000,00 euros serán imputables á aplicación orzamentaria 0420/3335/21200.
- Os custes por **programación propia** que teña que asumir a Deputación se imputarán á aplicación orzamentaria 0612/3335/22699

3º.- Condicionar a eficacia do convenio á aprobación definitiva do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2022. Asemade, condicionar o compromiso asumido para o ano 2023 e seguintes (posibles prórrogas), á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios correspondentes.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O INSTITUTO MUNICIPAL CORUÑA ESPECTÁCULOS (IMCE) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO TEATRO COLÓN (2022-2023)

No Pazo Provincial de A Coruña, a de de 202_

REUNIDOS:

O representante da Deputación Provincial da Coruña.

A representante do Concello da Coruña e do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (en adiante IMCE).

EXPOÑEN:

A Deputación da Coruña adquiriu no ano 1997 o Teatro Colón, espazo cultural integrado no Pazo Provincial, que despois da súa rehabilitación integral e equipamento necesario, foi aberto novamente ao público o 5 de decembro de 2006, cun concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia.

Unha vez rehabilitado e equipado, o Pleno decidiu regulamentar as prestacións de carácter sociocultural co carácter de servizo público provincial, acordando asemade a forma de xestión indirecta do dito servizo mediante diversos contratos de concesión administrativa, finalizando o último no mes de maio de 2017.

Logo de finalizar a concesión, dende o Goberno da Deputación promoveuse un novo período de xestión coa idea de manter un espazo cultural enraizado na actividade escénica e artística da provincia da Coruña, especialmente entre as persoas residentes da cidade.

Por iso, estimouse necesario continuar coa prestación desta actividade co carácter de servizo público, garantindo o acceso á cultura de toda a cidadanía, tal como nos lembra o artigo 44 da Constitución, sabendo asemade que a promoción da cultura e a potenciación do galego coma a lingua propia de Galicia son obrigas de todos os poderes públicos de Galicia, segundo o disposto no artigo 5.3 e 27.19 do noso Estatuto de Autonomía.

Agora ben, tamén dende este Goberno houbo conciencia de que a xestión dun teatro público non é unha das competencias propias das deputacións provinciais, administracións supramunicipais que han de centrar o núcleo das dúas políticas na cooperación cos concellos, especialmente cos de menos de 20.000 habitantes, para garantir a axeitada prestación dos servizos municipais básicos en todo o territorio, correspondéndolle máis ben esta actividade cultural ao ámbito estritamente municipal, ao seren as persoas residentes na cidade as principais usuarias deste espazo.

Por tal razón, e co obxecto de integrar o teatro na rede de espazos culturais do Concello da Coruña, cuxa xestión corresponde ao IMCE, con datas do 13 de xuño de 2018, do 14 de agosto de 2020 e do 30 de novembro de 2020, foron subscritos diferentes convenios de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Instituto Municipal Coruña Espectáculos para a xestión compartida do Teatro Colón. O actual convenio finaliza a súa vixencia o 31 de decembro de 2021.

O Instituto Municipal Coruña Espectáculos é un organismo autónomo local creado ao abeiro da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, e adscrito a área do Concello da Coruña que teña atribuídos os servizos de Cultura, e de conformidade co artigo 2 dos seus estatutos, coma entidade de Dereito público, goza de personalidade xurídica propia e independente, plena capacidade xurídica e autonomía económica e administrativa para o cumprimento dos seus fins con suxeción ás leis e ao disposto nos seus estatutos.

O obxecto finalista do IMCE, conforme ao artigo 3 dos estatutos, determínase nos seguintes apartados:

a. Contribuír á defensa e divulgación dos valores socio culturais da cidade.

b. Potenciar o desenvolvemento das actividades culturais no seu conxunto.

c. Levar a cabo e xestionar os programas do Concello da Coruña, que teñan relación coas actividades culturais públicas de interese para a cidade, relacionadas co mundo do espectáculo e as festas.

d. Procurar o mellor custo e rendemento das actividades que se programan.

e. Xestionar, promocionar e realizar todos aqueles programas específicos ligados ao mundo do espectáculo e de animación cultural que poidan dinamizar a oferta cultural.

f. Xestionar as instalacións, equipamentos municipais do ámbito do espectáculo, que se lle atribúan.

g. En xeral, cantas outras iniciativas culturais e festivas sexan consideradas de interese.

Compre salientar que a experiencia ao longos destes dous anos de xestión compartida resultou moi positiva pola calidade da programación, cunha alta asistencia de público aos espectáculos programados, e unha valoración moi favorable tal como se reflicte nas enquisas realizadas, en colaboración coa Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña.

Asemade a coordinación entre as dúas institucións desenvolveuse nun clima de total colaboración e axuda mutua.

Á vista desta experiencia e aínda que no momento actual a situación causada pola pandemia do Covid 19 supón unha situación de incertidume económica en moitos ámbitos, a Deputación e o Concello apostan, especialmente nestes momentos, polo máximo apoio á cultura e aos seus axentes en todas as súas manifestacións, para as que o Teatro Colón é un referente a nivel galego.

Tendo en conta o anterior, ambas as dúas institucións consideran do maior interese continuar na liña de colaboración iniciada, polo que acordan asinar un novo convenio de cooperación coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto regular a relación de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o IMCE, organismo autónomo pertecente ao Concello da Coruña, por medio do cal a Deputación e o IMCE comparten a xestión e utilización do Teatro Colón, para que o teatro quede plenamente integrado na rede pública de espazos culturais municipais, compartíndose a programación das actividades a desenvolver de acordo coas bases que se establecen deseguido, así como reservándose a utilización do espazo pola propia Deputación en determinados días, para a realización de actos propios e para a posible cesión aos concellos da Provincia e ás entidades sen ánimo de lucro.

SEGUNDA.- A programación e contratación dos espectáculos e actividades.

1.- Corresponderalle ao IMCE, con medios persoais propios ou, no seu caso, contratados con empresas especializadas, a programación das actividades a desenvolver no Teatro Colón, procurando que as accións programadas estean perfectamente coordinadas coas que se teña previsto desenvolver nos teatros e recintos de espectáculos municipais, garantindo que os contidos sexan acordes cos

valores e principios constitucionais, promovendo especialmente a cultura galega e potenciando o galego, como lingua propia de Galicia.

2.- Na súa condición de administración xestora, correspóndelle ao IMCE o outorgamento de todos os contratos coas empresas de espectáculos, seguíndose para tal efecto a lexislación vixente en materia de contratación pública.

3.- Unha vez celebrado o espectáculo, a empresa contratista deberá presentar a factura correspondente ó IMCE, quen asumirá a responsabilidade de proceder a súa tramitación e pagamento nos prazos establecidos na lexislación vixente.

TERCEIRA.- Comisión de seguemento.

1.- Co fin de coordenar as actividades programadas, créase unha comisión de seguemento co carácter de órgano colexiado, presidida pola persoa deputada responsable en materia de cultura e integrada polos seguintes membros:

a. Por parte da Deputación da Coruña, ademais da persoa deputada titular da delegación de competencias na materia de cultura, a persoa titular da xefatura do Servizo de Acción Sociocultural e unha persoa deputada nomeada pola Presidencia da Deputación.

b. Por parte do Concello da Coruña, a persoa titular da Concellería de Cultura ou a persoa que designe a presidenta do IMCE, e dous membros máis designados polo Consello reitor do IMCE, entre os que estará a persoa directamente responsable da programación.

c. Sen prexuizo da composición regulada nas dúas letras anteriores, poderán ser convocados ás sesión aquelas persoas que, por mor das súas responsabilidades de xestión ou funcións técnicas, teñan relación co mantemento do inmoble ou co desenvolvemento das actividades programadas. En todo caso, serán convocadas as persoas que ostenten a titularidade da xefatura do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e do órgano interventor do IMCE e do órgano interventor da Deputación da Coruña.

2.- A comisión de seguemento, coa composición sinalada anteriormente, terá as seguintes atribucións:

a. Seguemento das actividades programadas, a través da memoria anual de actividades e estudio de propostas e suxerencias de programación.

b. Informar sobre as dúbidas de aplicación e interpretación das cláusulas do presente convenio, as modificacións que se propoñan durante a súa

vixencia e os posibles incumprimentos que poidan dar lugar a resolución do convenio.

c. Toma de coñecemento e informe da memoria de xestión e da liquidación de gastos e ingresos que presente a Presidencia do IMCE, consonte ao previsto na cláusula novena, a través da Memoria económico-financeira anual.

d. Informe-proposta de orzamento para cada exercicio.

e. Informe sobre as necesidades, así coma toma de coñecemento da Memoria técnica anual, na que se exporá o estado do inmoble e das instalacións.

3.- A comisión reunirase con carácter trimestral, para o exercicio das atribucións ás que se refire o apartado anterior, e con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, a iniciativa de calquera dos seus membros, indicando expresamente os asuntos a tratar.

CUARTA.- A publicidade e difusión das actividades programadas.

1.- O IMCE levará a cabo, ben cos medios propios ou mediante a oportuna contratación, todas as accións publicitarias necesarias para dar a coñecer con suficiente antelación os espectáculos e actividades programadas no Teatro, agás as que se desenvolvan nos días reservados para a Deputación.

2.- A acción de comunicación e publicidade debe realizarse nos mesmos medios e con similares contidos ás que vén realizando o IMCE con respecto aos espectáculos e actividades que se desenvolven nos seus propios espazos culturais, debendo figurar na mesma o anagrama da Deputación Provincial, por ser a entidade titular do servizo público.

QUINTA.- A xestión de públicos e cobro de entradas.

1.- O IMCE realizará a xestión da venda de entradas para os espectáculos programados, utilizando os canles habituais para tal fin. Realizarase un seguimento contable dos ingresos por venda de entradas que correspondan ao IMCE, a través da súa aplicación a un código de proxecto

2.- Para a cuantificación do importe das entradas o organismo xestor deberá aplicar criterios análogos aos aplicados no Teatro Rosalía de Castro e nos restantes espazos que está a xestionar.

3.- Nos días de reserva para a programación propia da Deputación resultará de aplicación a súa Ordenanza de prezos públicos, correspondendo á Xunta de Goberno

desta entidade a fixación de posibles reducións sobre as tarifas máximas, consonte ao procedemento previsto naquela ordenanza. Unha vez fixados, serán notificados ao IMCE, para os efectos de que poida realizar a xestión recadatoria correspondente.

4.- O IMCE prestará á Deputación o seu servizo de tesourería para a recadación dos ingresos que xeren os espectáculos programados por ela, debendo transferir o importe resultante á conta que lle indique a Tesourería Provincial no prazo dos quince días seguintes á celebración de cada evento.

SEXTA.- Uso por parte da Deputación Provincial.

1.- A Deputación resérvase ata un máximo de **TRINTA E SEIS días** anuais de uso do Teatro durante a vixencia do presente convenio para levar a cabo actividades de programación propia ou ben para ceder o uso do local a concellos da provincia e entidades non lucrativas, para a realización de espectáculos ou actividades de carácter cultural ou social.

2.- A fixación dos días concretos de utilización será acordada por resolución da presidencia da Deputación. En todo caso, a Deputación resérvase expresamente os días que se precisen para realizar actos conmemorativos en datas sinaladas no ámbito cultural de Galicia.

3.- Asemade, a Deputación sempre terá preferencia para o uso exterior do recinto para expor publicidade dos seus actos e actividades.

SÉTIMA.- Obrigas das partes na xerencia, programación e mantemento do inmoble e das instalacións.

1.- Obrigas do IMCE:

O IMCE comprométese a contratar e aboar os seguintes gastos:

- Persoal de xerencia do Teatro.
- Espectáculos e actividades, incluído mantemento do piano.
- Persoal de asistencia técnica de equipamento escénico.
- Transmisión de eventos a través do sistema de vídeo streaming instalado pola Deputación.
- Difusión e publicidade dos espectáculos.
- Venda de entradas e persoal de sala.
- Limpeza do Teatro.

- Seguros dos espectáculos.

O IMCE comprométese a cuidar axeitadamente o inmoble, equipamento escénico e demais instalacións; non poderá realizar obras nin usar o recinto e as instalacións para fins non previstos no presente convenio.

As actuacións necesarias de reparación e simple conservación deberán ser postas en coñecemento do Servizo de Arquitectura da Deputación, debendo emitirse a correspondente memoria ao respecto con carácter previo a súa execución.

2.- Obrigas da Deputación:

A Deputación comprométese a contratar e aboar os seguintes gastos:

- Mantemento de ascensores
- Mantemento de instalacións térmicas, aire acondicionado, ventilación, extracción, auga quente sanitaria
- Mantemento de instalacións eléctricas
- Mantemento de instalacións de protección contra incendios (PCI) e equipos electrónicos
- Mantemento do equipamento escénico
- Mantementos diversos: fontanería, saneamento, carpinteiría, cerraxería.
- Subministro de auga e enerxía eléctrica.
- Instalación e mantemento dun sistema de transmisión de eventos a través de vídeo streaming.
- Impostos e seguro de inmoble (continente e contido).
- Espectáculos e actividades de programación propia.
- Persoal de sala e taquilla, limpeza, afinación do piano, rider técnico, cuncha acústica, persoal de carga e desgarga, persoal técnico que precisen a maiores do persoal técnico do teatro e gastos de transmisión a través de vídeo streaming, **nos día de uso** por parte da Deputación, tanto nos de programación propia, como nos cedidos a un terceiro.

En relación cos investimentos, a comisión estudiará a posibilidade de adquisición dos mesmos en función das necesidades que xurdan.

No caso de que o IMCE teña contratos en vigor para a prestación dos servizos, poderase acudir ao modelo de contratación conxunta previsto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, de tal xeito que a Deputación poida recibir o servizo directamente polos contratistas do IMCE.

OITAVA.- Financiamento dos gastos

1.- Na súa condición de titular do servizo público, a Deputación achegará para a xestión do Teatro Colón a cantidade máxima de 500.000,00 € anuais, de acordo coa seguinte distribución:

- **350.000,00 € que aboará ao IMCE en concepto de custo da programación**: no que se inclúen os gastos de:

  Persoal de xerencia do Teatro.
  Espectáculos e actividades, incluído mantemento do piano.
  Persoal de asistencia técnica de equipamento escénico.
  Transmisión de eventos a través de vídeo streaming.
  Difusión e publicidade dos espectáculos.
  Venda de entradas e persoal de sala.
  Seguros dos espectáculos.
  Limpeza do Teatro.

- **150.000,00 € destinados a facer fronte aos custos de mantemento**: no que se inclúen os gastos de:

  Mantemento de ascensores

  Mantemento de instalacións térmicas, aire acondicionado, ventilación, extracción, auga quente sanitaria

  Mantemento de instalacións eléctricas

  Mantemento de instalacións de protección contra incendios (PCI) e equipos electrónicos

  Mantemento do equipamento escénico

  Mantementos diversos: fontanería, saneamento, carpinteiría, cerraxería.

  Mantemento do sistema de transmisión de eventos a través de vídeo streaming.

  Subministro de auga e enerxía eléctrica.

2.- A Deputación abonará ao IMCE o importe correspondente ao custo da programación.

3.- A Deputación contratará e aboará os gastos derivados dos contratos de mantemento e subministración sinalados no apartado 2 da cláusula sétima.

NOVENA.- Pago.

A Deputación aboará, con carácter anual, a súa aportación ao IMCE (apartado 2 da cláusula oitava), por importe de 350.000,00 €, en dous prazos:

- Primeiro: polo 50 % do importe máximo previsto na cláusula anterior á sinatura do presente convenio, co carácter de entrega a conta a xustificar.

- Segundo: polo importe da liquidación resultante, unha vez finalizado cada ano, previa presentación da seguinte documentación:

* Memorias cultural, técnica e económica xa xestión realizada, informadas previamente informada pola comisión de seguemento.

* Certificación do órgano interventor do IMCE na que conste a aplicación dos fondos recibidos ao obxecto do convenio.

* Certificación do mesmo órgano con respecto aos ingresos obtidos pola venda de entradas que correspondan ao IMCE, liquidándose, de ser procedente, a diferenza do déficit xerado a percibir ata os importes máximos previstos no apartado anterior ou, se fora o caso, o importe a reintegrar que proceda, se os ingresos obtidos tiveran financiado maior importe do 50 por 100 librado inicialmente.

* Informe da Administradora do IMCE, conformado polo órgano interventor, dos ingresos recadados pola venda de entradas que non correspondan ao IMCE.

A liquidación correspondente ao ano 2022 presentarase antes do 31 de marzo do 2023, e a correspondente ao ano 2023, antes do 31 de marzo do 2024.

DÉCIMA.- Supervisión e inspección do inmoble por parte da Deputación.

1.- A Deputación, a través do Servizo de Arquitectura, poderá realizar actuacións de supervisión do estado do inmoble e das instalacións en calquera momento, poñendo en coñecemento da persoa que designe o Concello como responsable do Teatro con tres días de antelación e velando para non interferir no correcto desenvolvemento das actividades programadas.

2.- No caso de apreciarse a necesidade de obras ou reparacións que excedan dos traballos de conservación e mantemento ordinario, serán contratadas directamente

pola Deputación con cargo ao seu orzamento, non formando parte estes gastos dos custos de mantemento aos que se refire o apartado 2 da cláusula sétima.

3.- Asemade, corresponderalle ao Servizo de Patrimonio e Contratación a inspección do inmoble, dos mobles e das instalacións técnicas do mesmo, para o efecto de realizar o axeitado seguimento do Inventario da Corporación e proceder a aprobar as altas e baixas que poidan producirse.

4.- Tendo en conta que a unión do inmoble que se xestiona de forma compartida co Palacio Provincial nun mesmo edificio, corresponderalle á Deputación a realización dos labores de vixiancia e seguridade, nas mesmas condicións que as que se veñen realizando no propio Palacio Provincial, agás no interior do recinto.

UNDÉCIMA.- Duración e vixencia.

1.- O presente convenio ten por obxecto a xestión do Teatro Colón polo IMCE desde o día 1 de xaneiro do 2022 ata o día 31 de decembro de 2023.

2.- O presente convenio estenderá a súa vixencia ata o día 30 de abril de 2024, para os efectos de aprobación da liquidación regulada na cláusula novena.

3.- Por acordo de ambas as dúas partes, o convenio poderá ser prorrogado, anualmente por dous anos mais. Todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

DUODÉCIMA. Outras causas de resolución: posibles incumprimentos.

1.- Ademais da extinción polo transcurso do prazo de vixencia, serán causas de resolución do presente convenio o acordo unánime das partes asinantes e o incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes.

2.- No caso de incumprimento, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento, outorgándolle un prazo de quince días hábiles para que proceda a cumprir as obrigas e compromisos asumidos que se consideren incumpridos. Dito requirimento tamén será notificado a comisión regulada na cláusula terceira. Se no transcurso do prazo indicado persistira o incumprimento indicado, entenderase resolto o convenio, debendo indemnizarse pola parte incumpridora os danos e prexuzos causados.

DÉCIMO TERCERA.- Natureza xurídica.

1.- O presente convenio ten carácter administrativo, resultándolle de aplicación as disposicións contidas no Capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Rexime xurídico do Sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da Xurisdicción contencioso-administrativa resolver as controversias que poidan xurdir na aplicación, interpretación e efectos do presente convenio de cooperación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de ____

En proba de conformidade, ambas partes asinan por duplicado eemplar o presente convenio, no lugar e data sinalados ao inicio."

18.- Ratificación da Resolución da Presidencia Nº 48179 de13 de decembro de 2021 pola que aproba o Plan Anual de Contratación para o ano 2022.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Ratificar a Resolución da Presidencia Nº 48179 de13 de decembro de 2021 pola que aproba o Plan Anual de Contratación para o ano 2022.

“ RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PLAN ANUAL DE CONTRATACIÓN PARA O ANO 2022

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

ANTECEDENTES

A entrada en vigor da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP) establece unha serie de medidas encamiñadas a desenvolver os principios de transparencia e de publicidade das actuacións das aministracións.

Unha desas medidas é a elaboración, por parte das Administracións públicas, dun Plan de Contratación, no que se programará a actividade de contratación pública, que se desenvolverá nun exercicio presupostario ou períodos plurianuais, prevista no artigo 28.4 da LCSP.

Además é un instrumento moi eficaz para realizar as previsións dos contratos que realice esta Deputación no exercicio 2022

RESOLVO:

1.- Aprobar o Plan Anual de Contratación para o ano 2022, que se achega como anexo a esta Resolución, no que se recollen as previsións de contratación da Deputación no citado exercicio. Todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente e a tramitación dos correspondentes expedientes de contratación.

2.- Dar conta ao Pleno da Corporación desta aprobación.

3.- Publicar o Plan anual de Contratación 2022 no Portal de Transparencia desta Deputación e no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, os contratos suxeitos a regulación harmonizada, realizarase un anuncio de información previa de conformidade co establecido no art. 134.2 da LCSP en relación co art. 28.4

ANEXO POR SERVIZOS E CENTROS

SERVIZO DE ARQUITECTURA E MANTEMENTO

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Mellora das instalacións no Castelo de Vimianzo: Iluminación, datos, son, intrusión, proteción contra raios e incendios.	Obra	63.000,00 €		2 meses		
Habilitación do estacionamento en Balarés.	Obra	329,000,00 €		6 meses		
Reparación da cuberta do pavillón do Dolmen de Dombate.	Obra	35,000,00 €		5 meses		
Pintado exterior e limpeza de cuberta das Torres do Allo.	Obra	30,000,00 €		1,5 meses		
Posta en valor e Musealización do Mosteiro de Caaveiro.	Subministración e servizos	375,000,00 €		5 meses		
Instalación receptora de gas natural e reforma da instalación centralizada de calefacción e AQS	Subministración	374.800,40 €		4 meses		

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Mantemento das instalacións do Teatro Colón (ascensores, instalacións térmicas, instalacións eléctricas, protección contra incendios e equipos electrónicos, equipamento escénico, fontanería, carpintería...).	Servizos	89.923,24 €		1 ano	SI	4 anos
Subministración de material diverso para o mantemento das instalacións dos diferentes centros da Deputación Provincialde A Coruña.	Subministración	198.347,10 €		1 ano	SI	4 anos
Instalación de liña de alta tensión soterrada no Pazo de Mariñán	Obra	41.322,31 €		2 meses		
Reforma da instalación de climatización do Edificio Administrativo	Obra	247.933,89 €				
Investimento en maquinaria Pazo de Mariñán	Subministración	22.000,00 €				
Adquisición dun local en Santiago de Compostela con destino a oficina recadatoria	Privado	160.000,00 €				

SERVIZO DE VÍAS E OBRAS

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Execución das campañas de poda de arbolado (2022- 2023, prorrogables 2024 y 2025), nas estradas DP 1702, DP 5812 y DP 5809.	SERVIZO	123.847,94	01/01/2022	2 ANOS	SÍ	1 ANO + 1ANO
Servizos de control de calidade das obras contratadas pola Deputación Provincial da Coruña (2022-2023). CÓDIGO. LOTE 1: ZONA A	SERVIZO	75.000,00	01/02/2022	2 ANOS	SÍ	1 ANO + 1ANO
Servizos de control de calidade das obras contratadas pola Deputación Provincial da Coruña (2022-2023). CÓDIGO. LOTE 2: ZONA B	SERVIZO	75.000,00	01/02/2022	2 ANOS	SÍ	1 ANO + 1ANO
Servizos de control de calidade das obras contratadas pola Deputación Provincial da Coruña (2022-2023). CÓDIGO. LOTE 3: ZONA C	SERVIZO	75.000,00	01/02/2022	2 ANOS	SÍ	1 ANO + 1ANO
Servizos de control de calidade das obras contratadas pola Deputación Provincial da Coruña (2022-2023). CÓDIGO. LOTE 4: ZONA D	SERVIZO	75.000,00	01/02/2022	2 ANOS	SÍ	1 ANO + 1ANO
Servizos de control de calidade das obras contratadas pola Deputación Provincial da Coruña (2022-2023). CÓDIGO. LOTE 5: ZONA E	SERVIZO	75.000,00	01/02/2022	2 ANOS	SÍ	1 ANO + 1ANO

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Servizos de control de calidade das obras contratadas pola Deputación Provincial da Coruña (2022-2023). CÓDIGO. LOTE 6: ZONA E	SERVIZO	75.000,00	01/02/2022	2 ANOS	SÍ	1 ANO + 1ANO
Reparacions urxentes na rede provincial de estradas ZONA A. ANUALIDADE 2023 (PRORROGABLE 2024)	OBRAS	170.000,00	01/09/2022	1 ANO	SÍ	1 ANO
Reparacions urxentes na rede provincial de estradas ZONA B. ANUALIDADE 2023 (PRORROGABLE 2024)	OBRAS	170.000,00	01/09/2022	1 ANO	SÍ	1 ANO
Reparacions urxentes na rede provincial de estradas ZONA C. ANUALIDADE 2023 (PRORROGABLE 2024)	OBRAS	170.000,00	01/09/2022	1 ANO	SÍ	1 ANO
Reparacions urxentes na rede provincial de estradas ZONA D. ANUALIDADE 2023 (PRORROGABLE 2024)	OBRAS	170.000,00	01/09/2022	1 ANO	SÍ	1 ANO
Reparacions urxentes na rede provincial de estradas ZONA E. ANUALIDADE 2023 (PRORROGABLE 2024)	OBRAS	170.000,00	01/09/2022	1 ANO	SÍ	1 ANO
plan de conservación en vías provinciais (33 obras)	OBRAS	10.000.000,00	01/02/2022	5 MESES		
Plan de investimento en vías provinciais	OBRAS	1.650.000,00				

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Plan de travesías provinciais	OBRAS	1.100.000,00				
Plan de sendas peonís en vías provinciais	OBRAS	1.100.000,00				

OFICIALÍA MAIOR

ARQUIVO PROVINCIAL

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Asistencia técnica para xestión do patrimonio documental	servizos	15000 €	Abril 2022	4 meses		
Asistencia técnica para xestión de patrimonio fotográfico	servizos	15000 €	Xuño 2022	5 meses		
Adquisición de colección de fotografías históricas	subministracións	55000 €	Maio 2022	15 meses		
Restauración de libros de Actas do século XIX	servizos	2500 €	Marzo 2022	2 meses		
Restauración de libros de beneficencia do século XIX	servizos	2500 €	febreiro 2022	2 meses		

IMPRENTA PROVINCIAL

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
5 Licenzas Adobe Creaive Cloud	Subministración	5,371,90		1 ano	Si	4 anos
Software de xestión e control de stock almacén libros	Subministración	16,528,93		1 ano	Non	- - -
Reposición 5 ordenadores	Subministración	4,958,68		1 ano	Non	- - -
Reposición Traspalet	Subministración	9,917,36		1 ano	Non	- - -
Laminadora-Plastificadora	Subministración	13,223,14		1 ano	Non	- - -
Vestiario e Equipos de protección	Subministración	4,132,23		1 ano	Non	- - -

SECCIÓN DE INFORMACIÓN E ACTAS

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Actas: Encadernación dos Libros de Actas das sesións plenarias e da Xunta de Goberno	Subministracións	1000	Maio	1 mes	Non	Non
Información: Actualización dos contidos dixitais das panta llas informativas da Oficina de Información e Rexistro	Servizos	1000	Marzo	1 mes	Non	Non
Europe Direct A Coruña: Actualización, instalación e transporte de exposición sobre o Pacto Verde Europeo	Servizos	7000	Febreiro	1 mes	Non	Non
Europe Direct A Coruña: Acción de sensibilización vencellada ás actividades de 9 de maio, Día de Europa	Servizos	1000	Marzo	1 mes	Non	Non
Europe Direct A Coruña: Premios do concurso organizado con ocasión do Día de Europa	Subministracións	1500	Marzo	1 mes	Non	Non
Europe Direct A Coruña: Campaña de sensibilización EU-LOVEUE	Servizos	6000	Marzo	1 mes	Non	Non
Europe Direct A Coruña: Material promocional asociado ao plan de traballo anual 2022 do centro	Subministracións	3000	Marzo	1 mes	Non	Non

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Europe Direct ACoruña						
Europe Direct A Coruña: Curso de formación en liña sobre financiación europea 2021/2027	Servizos	3500	Setembro	1 mes	Non	Non
Europe Direct A Coruña: Expositores -Campaña “Europa no teu concello”	Subministracións	3000	Setembro	1 mes	Non	Non

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Seguro de bens (continente e contido) da Deputación Provincial da Coruña	Servizos – Privado	70.200,00	01/02/2022	2 anos	Si	1 ano

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Subministración de material de oficina consumible	Subministración	41.322,31	01/07/2022	1 ano	Si	1 ano
Acordo marco para a subministración sucesiva e por prezo unitario de material hixiénico con destino á Deputación Provincial da Coruña e aos concellos ou entidades locais da provincia adheridos á central de contratación	Subministración	25.000,00	01/11/2022	1 ano	Si	1 ano
Acordo marco para a subministración sucesiva e por prezo unitario de papel de reprografía con destino á Deputación Provincial da Coruña e aos concellos ou entidades locais da provincia adheridos á central de contratación	Subministración	60.000,00	01/11/2022	1 ano	Si	1 ano
Xornadas científicas nos inmobles do patrimonio provincial	Servizos	16.528,92	Segundo trimestre de 2022	Inferior a 1 ano	Non	---
Espazos sonoros nos inmobles do patrimonio provincial	Servizos	24.793,38	Segundo trimestre de 2022	Inferior a 1 ano	Non	---
Espectáculo “Batalla de Altamira” nas	Servizos	12.396,69	Segundo trimestre	Inferior a 1	Non	---

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
torres de altamira			de 2022	ano		
Actividades culturais e científicas en Balarés	Servizos	4.123,23	Segundo trimestre de 2022	Inferior a 1 ano	Non	---
Programación propia nos inmobles do patrimonio	Servizos	33.057,85	Segundo trimestre de 2022	Inferior a 1 ano	Non	---
Mellora da web dos inmobles do patrimonio provincial	Servizos	9.917,35	Segundo trimestre de 2022	Inferior a 1 ano	Non	---
Campaña de videoclips do patrimonio provincial	Servizos	16.528,92	Segundo trimestre de 2022	Inferior a 1 ano	Non	---
Restauración de cadros e outras obras artísticas	Servizos	24.793,38	Segundo trimestre de 2022	Inferior a 1 ano	Non	---
Xornadas en materia de contratación pública	Servizos	4.958,67	Segundo trimestre de 2022	Inferior a 1 ano	Non	---
Instalación e explotación de máquinas expendedoras nos edificios provinciais	Privado	Sen coste	Primer trimestre de 2022	1 ano	Sí	1 ano

GABINETE DE PRENSA

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Servizos fotográficos	Servizos	24.793,39	1º trimestre	2 anos	si	2
Servizo apoio Gabinete de prensa (notas de prensa, saúdas, presentacións, prólogos, redes sociais e whats)	Servizos	41.322,00	1º trimestre	2 anos	si	1
Radio Voz. Difusión actividades e inversións Deputación	Servizos	23.966,94	1º trimestre	1 ano	si	1
Radio Coruña. Difusión actividades e inversións Deputa-ción	Servizos	37.531,20	1º trimestre	1 ano	si	1
Radio Popular-COPE. Difusión actividades e inversiónsDeputación	Servizos	20.826,45	1º trimestre	1 ano	si	1
Radio Galicia SER. Difusión actividades e inversións De-putación	Servizos	16.732,80	1º trimestre	1 ano	non	
Onda Cero. Difusión actividades e inversións Deputación	Servizos	13.429,75	1º trimestre	1 ano	non	

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Radio Galega. Difusión actividades e inversións Deputación	Servizos	8.000,00	1º trimestre	1 ano	non	
Radío Lider. Difusión actividades e inversións Deputación	Servizos	11.107,44	1º trimestre	1 ano	non	
Barbanza TV. Difusión actividades e inversións Deputación	Servizos	12.561,98	1º trimestre	1 ano	non	
Telesalnés. Difusión actividades e inversións Deputación	Servizos	9.203,20	1º trimestre	1 ano	non	
Ferrol TV. Difusión actividades e inversións Deputación	Servizos	12.109,09	1º trimestre	1 ano	non	
Axencia de noticias EFE	Servizos	8.677,69	1º trimestre	1 ano	non	
Europa Press	Servizos	9.090,91	1º trimestre	1 ano	non	
Servizo gravacións actos institucionais	Servizos	42.000,00	1º trimestre	2 anos	si	2

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Realización de vídeo de infraestruturas para redes sociais	Servizos	12.000,00	1º trimestre	10 meses	non	
Realización de vídeo deportes	Servizos	15.000,00	1º trimestre	1 año	non	

BIBLIOTECA PROVINCIAL

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Obradoiros temáticos	Servizos	2.000	FEBREIRO2022	12 meses	Non	
Cursos de idiomas	Servizos	5.880	FEBREIRO2022	12 meses	Non	
Obradoiros de literatura	Servizos	3.940	NOVEMBRO 2022	12 meses	Non	
Obradoiros de lectura	Servizos	3.940	FEBREIRO2022	12 meses	Non	
Obradoiros robótica e programación	Servizos	3.300	FEBREIRO2022	12 meses	Non	
Obradoiro robótica lego wedo	Servizos	3.240	FEBREIRO2022	12 meses	Non	
Obradoiros artísticos de pintura	Servizos	2.800	FEBREIRO2022	12 meses	Non	
Club de lectura poética	Servizos	1.800	FEBREIRO2022	12 meses	Non	

Atención da hemeroteca da biblioteca provincial	Servizos	48.000	ABRIL 2022	24 meses	Si	12 meses
Actividade musical	Servizos	2.400	FEBREIRO2022	12 meses	Non	
Obradoiros plastilina	Servizos	2.310	FEBREIRO2022	12 meses	Non	

CONSERVATORIO DE DANZA

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Subministración de vestiario para actuación de fin de curso	Subministración	4.900,00	Abril 2022		NON	

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Campamento deportivo	Servizos	55.000,00	1 abril	2 meses	non	
Campaña de vela	Servizos	35.500,00	1 xuño	2 meses	non	
Circuíto Carreiras Populares	Servizos	30.000,00	1 abril	1 ano	non	
Actividades deportivas ao aire libre	Servizos	60.000,00	1 xuño	6 meses	non	
Coordinación premios e certames	Servizos	55.000,00	1 marzo	2 anos	si	6 meses
Edición obra gañadora Premio “Raíña Lupa”	Servizos	Sen custo	15 febreiro	18 meses	non	
Edición obra gañadora Premio “Torrente Ballester” galego	Servizos	Sen custo	15 febreiro	18 meses	non	

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Edición obra gañadora Premio “Torrente Ballester” castelán	Servizos	Sen custo	15 febreiro	18 meses	non	
Campaña de neve	Servizos	300.000,00	30 agosto			
Xira concertos grupos gañadores Premio Fran Pérez “Narf”	Privado	8.000,00	15 abril	6 meses	non	
Comisariado Concurso “Quero Cantar”	Servicios	6.000,00	30 abril	1 ano	non	
Comisariado actividades premios	Servicios	5.000,00	1 marzo	10 meses	non	
Subministración fondos bibliográficos servizos municipais	Subministros	30.000,00	30 setembro	2 meses	non	
Obradoiro de curtas 2021	Servizos	5.000,00	decembro	9 meses	si	2 meses
Actividades 8 de marzo	Servizos	10.000,00	1 febreiro	2 meses	non	
Ademais dos sinalados, ao longo de ano poden tramitarse contratos menores de servizos e/ou subministracións para a contratación de comisariado de actividades, artistas, pequeno material... que varían en función das propostas de actividades feitas polas persoas responsables das áreas.						

CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Actividades lecer e tempo libre-CDMF	Servizos	28.925,62 €		Dous anos	Sí	10 meses máis
Mesa calenta-pratos e estantería aceiro	Subministracións	6.000 € (importe pro posto no Capítulo VI)		Exercicio 2022		

FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Vestiario do Persoal	Subministración	14.000				

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
É necesario adquirir a seguinte maquinaria para os talleres do IES, coa finalidade de impartir de módulos formativos dos currículos de FP de diferentes especialidades: -DEP.FABRICAC. MECÁNICA: UN PANEL DIDÁCTICO ELECTRO-NEUMÁTICA (Orz. Aprox. 15.600,00) -DEP. ARTES GRÁFICAS: UN APARATO PARA REALIZACIÓN ENSAIOS DE IMPRIMIBILIDADE (Orz. Aprox. 4.000,00) -DEP. ARTES GRÁFICAS: UNHA ALZADORA DE PREGOS (Orz. aprox. 6.000,00) -DEP. MECATRÓNICA: UN MANIPULADOR ALIMENTADOR DE PEZAS CON DETECTOR E EXPULSOR DE PEZA INCORRECTA SIN PLC (Orz. aprox. 4.500,00) -DEP. ELECTRICIDADE: UN MEDIDOR DE CAMPO COMPACTO (Orz. aprox. 2.400,00)	SUBMINISTRACIÓN	26.859,50				

Necesítase adquirir unha THERMOMIX para a elaboración dos menúsescolares. (Orz. aprox. 1.500,00 €)	SUBMINISTRACIÓN	1.239,67				
Contrato de "Servizo de acollida, atención e organización de activida-des socioculturais, deportivas e apoio educativo do alumnado resi- dente no IES Rosalía Mera"	SERVIZOS	165.289,26				

SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
PCO.001.2021.00245 Mantemento e soporte do sistema de control horario da Deputación da Coruña e das EELL da provincia	Servizos	40.000,00		3	Sí	2 anos (1+1)
Mantemento e soporte licenzas Qlik Sense	Servizos	30.000,00		3	Sí	2 anos (1+1)

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Sistema de xestión de citas, quendas y cartelaría dixital	Servizos	20.000,00		1	Non	
Goberno do dato	Servizos	100.000,00		1	Sí	1 ano
Subscrición dun software de xestión de Oferta Pública de Em-prego	Servizos	20.000,00		1	Non	
Oficina de accesibilidade	Servizos	50.000,00		1	Sí	1 ano
Asistencia en xestión patrimonial a Deputación da Coruña eaos entes locais da provincia	Servizos	32.000,00		1	Sí	1 ano
Subscrición dos servizos de acceso a contidos sobre Lexislación e Xurisprudencia	Servizos	50.000,00		1	Non	
Servizo de soporte ao plan de implantación da administración electrónica	Servizos	75.000,00		1	Sí	1 ano
Oficina de seguridade provincial	Servizos	200.000,00		1	Sí	1 ano

SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Servizos de comunicacións e ubiquidade	Servizos	600.000 €	1/4/2022	5	SI	2 anos
Subministración de ordenadores personais, portátiles	Subministracións	100.000 €	1/3/2022	1	SI	1 ano
Servizos de soporte e mantemento para os sistemas einfraestructuras auxiliares do CPD	Servizos	15.000 €	1/4/2022	2	SI	1 + 1 anos
Servizo de mantemento das bases de datos corporativas	Servizos	75.000 €	1/6/2022	2	SI	1+1 anos

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN – SECCIÓN DE ORGANIZACIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Produtos farmacéuticos e material sanitario	Suministracións	7.000,00				
Subministración material prevención	Suministracións	5.000,00				
Subministracións derivadas do Covid-19	Suministracións	30.000,00				
Gastos derivados do Covid-19	Servizos	35.000,00				
Xestión de residuos	Servizos	8.000,00	En trámite	2 anos	Sí	2 anos
Actividade de prevención	Servizos	1.000,00				

RELACIÓNS PÚBLICAS E PROTOCOLO

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Placas conmemorativas xubilacións	Subministración	12.000 €	Marzo		NO	
Insignias conmemorativas 25 anos	Subministración	8.000 €	Marzo		NO	
Local celebración entrega Premios PEL	Servizos	5.000 €	Depende data entrega do premio		NO	
Cóctel celebración entrega Premios PEL	Servizos	15.000 €			NO	
Montaxes diversos Premios PEL	Servizos	20.000 €			NO	
Local celebración Día InternacionalMuller Rural	Servizos	3.500 €	Setembro		NO	
Cóctel Día Internacional Muller Rural	Servizos	15.000 €	Setembro		NO	
Felicitación de nadal	Servizos	10.000 €	Novembro		NO	

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO

1.- Sección de Promoción Económica e Emprego

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Soporte publicitario Basquet Coruña liga Leb Oro	Servizos	75.259,12		6 meses	-	-
Gran Fondo Ézaro	Servizos	24.700,00		1 dia		
Mercado de la luz	Servizos	47.344,21		3 días	-	-
Vuelta ciclista a Galicia “O Gran Camiño”	Servizos	82.644,63				
Club Basquet Obradoiro	Servizos	134.856,24		5 meses	-	-
Análise de prezos de mercado e impacto publicitario	Servizos	12.000,00			-	-

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Edición maquetación libro turismo Área Norte	Servizos	6.198,35			-	-
Contratación subministro de equipamento de emerxencias para protección civil	Subministracións	95.041,32	Adxudicado o acordo marco – Publicacións contratos basados	3 anos (ata 2022)		
Contratación de jaimas o carpas para feiras oportunidades	Subministracións	82.622,68		6 meses	-	-
Volta ciclista feminina 2022	Servizos	22.314,50		1 día		
Contratación APP Peixes do Mar	Subministracións	14.850,00		8 meses		
Feira de exaltación produtos artesanais		15.000,00		2 días		
TOTAL		**612.831,05 €**				

2.- Sección de Turismo

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Participación na feira de turismo XANTAR en Ourense	Servizos	9.000,00€		30 días	Non	
Participación na feira de turismo EXPOVACACIONES en Bilbao	Servizos	8.000,00€		30 días	Non	
Participación na feira de turismo TUREXPO en Silleda	Servizos	3.950,00€		30 días	Non	
Participación na feira de turismo BTRAVEL en Barcelona	Servizos	6.900,00€		30 días	Non	
Participación na feira de turismo World Travel Market	Servizos	3.900,00€		30 días	Non	
Tripticos do proxecto LIFE WATER WAY	Subministracións	19.000,00€		4 meses	Non	
Plan Director Idade do Ferro	Servizos	35.000,00€		6 meses	Non	
Páxina web de Idade do Ferro	Servizos	9.680,00€		3 meses	Non	
Contratación dos servizos de restauración e consolidación arqueolóxica no xacemento do castelo de Portomeiro (Val do Dubra)	Servizos	8.000,00€		2 meses	Non	

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
Contratación dos servizos para a sinalización do Parque arqueolóxico do Megalitismo na costa da morte	Servizos	44.240,00€		9 meses	Nom	
Contratación dos servizos para mantemento e limpeza da contorna do rio Anllóns.	Servizos	63.200,00€		3 meses		
contratación dun servizo de consultoría de marketing e comunicación estratéxicos do Camiño Inglés en Reino Unido e Irlanda en conexión cos camiños de peregrinación neses países	Servizos	63.919,79€		24 meses		
Contratación dos servizos de promoción turística da provincia da Coruña en globo aerostático.	Servizos	14.900,00€		2 meses		
contrato da subministración de tres embarcacións eléctricas non somerxíbeis para a posta en marcha dun proxecto piloto de ecoturismo náutico en tres xeodestinos da provincia da Coruña	subministración	79.000,00€		6 meses		
Investimento en mellora e actualización dos espazos expositivos no centro arqueolóxico	Servizos	98.750,00€		6 meses		

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
do dolmén de Dombate						
reestructuración e actualización dos espazos expositivos nas Torres do Allo.	Servizos	47.400,00€		6 meses		
adquisición de fincas para o parque arqueolóxico Compostela Rupestre	Privado	50.000,00€		6 meses		
urbanización, acondicionamento e urbanización do centro de interpretación rupestre de Villestro (CIRVI)	Obra	118.500,00€		12 meses		
mantemento e limpeza das estacións (parque arqueolóxico Compostela rupestre)	Servizos	47.400,00€		3 meses		
sinalización do parque e das rutas. (parque arqueolóxico Compostela Rupestre)	Subministración	53.720,00€		8 meses		
Implementación do SIX e actualización da páxina web de Compostela Rupestre	Servizos	7.000,00€		1 mes		
proposta de contrato para a catalogación e tratamento de materiais arqueolóxicos escavados en Brandomil (Zas).	Servizos	14.950,00€		3 meses		
contratación dos servizos de escavación arqueolóxica, consolidación e posta en	Servizos	15.800,00€		4 meses		

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
valor da vía romana de Brandomil (Zas).						
adquisición de terreos para o Parque do Megalitismo	Privado	200.000,00€		12 meses		

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
FORESTAIS Actividades auxiliares en conservación y mellora de montes Actividades auxiliares en aproveitamentos forestais Operacións de vixiancia e extinción de incendios forestais e apoio a continxencias no medio rural	Contrato administrativotípico-Servizos	457.733,93	Maio 2022	8 meses	si	6 meses
AGRICULTURA Actividades Auxiliares de agricultura Manexo e mantemento de maquinaria agrícola Agricultura ecolóxica	Contrato administrativotípico-Servizos	536.506,74	Maio 2022	7 meses	si	6 meses
GANDEIRÍA Actividades Auxiliares en gandeiría Gandeiría Ecolóxica	Contrato administrativotípico-Servizos	401.528,46	Maio 2022	7 meses	si	6 meses
FORMACIÓN MODULAR Montaxe de mobles e elementos de carpintería Elaboración de leites de consumo e produtos lácteos	Contrato administrativotípico-Servizos	431.334,39	Maio 2022	9 meses	si	6 meses

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
FORMACIÓN DUAL Operacións básicas de cociña Tratamento de residuos e reciclaxe	Contrato administrativotípico-Servizos	482.857,28	Maio 2022	8 meses	si	6 meses
PLAN DE MOBILIDADE CICLISTA- EXECUCIÓN DA SENDA CICLABLE PARA ACCESO FAROS NORTE - FEDER	Contrato administrativotípico – Obras	999.521,60 €		6 meses	si	S/ Lei de Contra-tos
PLAN DE MOBILIDADE CICLISTA- EXECUCIÓN DA SENDA CICLABLE PARA ACCESO FAROS COSTA DAMORTE SECTOR 1 - FEDER	Contrato administrativotípico – Obras	997.150,00 €		6 meses	si	S/ Lei de Contra-tos
PLAN DE MOBILIDADE CICLISTA- EXECUCIÓN DA SENDA CICLABLE PARA ACCESO FAROS SUR - FEDER	Contrato administrativotípico – Obras	630.217,30 €		6 meses	si	S/ Lei de Contra-tos
PLAN DE MOBILIDADE CICLISTA- EXECUCIÓN DA SENDA CICLABLE PARA ACCESO FAROS COSTA DAMORTE SECTOR 2.	Contrato administrativotípico – Obras	888.982,10 €		6 meses	si	S/ Lei de Contra-tos

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
PLAN DE MOBILIDADE CICLISTA- EXECUCIÓN DA SENDA CICLABLE PARA ACCESO FAROS COSTA DAMORTE SECTOR 3	Contrato administrativotípico – Obras	985.600,00 €		6 meses	si	S/ Lei de Contra-tos
ACCIÓNS PUBLICITARIAS OFICINA DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE INICIATIVAS DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL	Contrato administrativotípico-Servizos	100.000,00 €	Xaneiro-Febreiro 2022	10 meses	si	S/ Lei de Contra-tos
PEL ACCIÓNS PUBLICITARIAS PEL 2022	Contrato administrativotípico-Servizos	115.000,00 €	Xaneiro 2022	10 meses	si	S/ Lei de Contra-tos
PEL ASISTENCIA TÉCNICA REDE ESPAZOS COWORKING	Contrato administrativotípico-Servizos	45.000,00 €	Febreiro-Marzo 2022	12 meses	Si	S/ Lei de Contra-tos
PLAN DE MOBILIDADE CICLISTA- EXECUCIÓN DA SENDA CICLABLE PARA ACCESO FAROS NORTE - FEDER	Contrato administrativotípico – Obras	999.521,60 €		6 meses	si	S/ Lei de Contra-tos

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
PLAN DE MOBILIDADE CICLISTA- EXECUCIÓN DA SENDA CICLABLE PARA ACCESO FAROS COSTA DAMORTE SECTOR 1 - FEDER	Contrato administrativotípico – Obras	997.150,00 €		6 meses	si	S/ Lei de Contra-tos

TESOURARÍA

OBXECTO	TIPO DE CONTRATO	IMPORTE APROXIMADO ANUAL (IVE EXCLUÍDO)	DATA ESTIMADA DE PUBLICACIÓN DO ANUNCIO DE LICITACIÓN	DURACIÓN ESTIMADA	POSIBILIDADE DE PRÓRROGA	DURACIÓN DA PRÓRROGA
implantación da APP SIT- Sanciona para substituír os boletíns de denuncia en formato papel.	Subministracións	125.287,50				
CAU para un total de 100 policías locais usuarios	Servizos	15.000,00				
Servizos de redacción e emisión de tasacións do Servizo de Recadación	Servizos	24.793,39	Marzo 2022	2 anos	SÍ	1 ano + 1 ano
Arrendamento dun local en Ames para oficina de recadación	Privado	9.000,00	Febreiro 2022	2 anos	SÍ	1 ano + 1 ano

19.- Aprobación do prego modificado da subministración denominada " Subministración dun tractor e de dúas trituradoras para obras e servizos", do Concello de Coristanco, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 2016.2100.0061.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do prego modificado do investimento denominado “Subministración dun tractor e de dúas trituradoras para obras e servizos”, do Concello de Coristanco, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 2016.2100.0061.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de febreiro de 2016 polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 e o seu Plan complementario, no que se inclúe a subministración que máis adiante se indica

Logo de ver o Decreto núm. 550/2018 da Alcaldía do Concello de Coristanco, do 9 de outubro de 2018, polo que se declara deserto o procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación ao non terse presentado ningunha oferta a través da Plataforma de Contratos do Estado e resolve que se inicien os traballos técnico-administrativos para a redacción dun novo prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas

Logo de aprobar o Concello de Coristanco un prego modificado deste investimento, con incremento do seu orzamento de contrata que é asumido integramente polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de adaptalo aos prezos actuais e ás novas necesidades do concello

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2016, aprobadas polo Pleno desta deputación o 8 de outubro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 196, do 14 de outubro de 2015

De acordo coa normativa vixente, o **Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:**

1.- Aprobar o prego modificado do investimento denominado “Subministración dun tractor e de dúas trituradoras para obras e servizos”, do Concello de Coristanco, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016 co código 2016.2100.0061.0, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, cun incremento do seu orzamento total que é asumido integramente polo concello, dada a necesidade de adaptar o prego inicial, cuxo procedemento de licitación quedara deserto, aos prezos actuais de mercado e ás novas necesidades do concello, cos seguintes datos de financiamento:

	Prego Modificado do investimento denominado “Subministración dun tractor e de dúas trituradoras para obras e servizos” Concello de Coristanco 2016.2100.0061.0		
	Prego inicial Orzamento de contrata	**Prego modificado Orzamento de contrata**	**Diferenza**
Deputación	75.020,00	75.020,00	0,00
Concello	0,00	36.906,00	36.906,00
Total	**75.020,00**	**111.926,00**	**36.906,00**

2.- O financiamento da achega provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Coristanco para os efectos oportunos”.

20.- Aprobación da toma de coñecemento da información sobre o período medio de pago a provedores á que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de novembro de 2021 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña entre o 1 e o 30 de novembro de 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación Provincial da Coruña, no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e na Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña do mes de novembro de 2021.

SEGUNDO: Tomar coñecemento, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 e o 30 de novembro de 2021.

TERCEIRO: Unha vez remitida a información que proceda ao Ministerio de Facenda, acórdase a publicación desta na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

21.- Dación de conta do Plan de control interno 2022.

Dáse conta Plan de control interno 2022 elaborado pola Intervención provincial.

22.- Dación de conta dos informes de control financeiro derivados do Plan de control interno 2020.

Dáse conta dos informes emitidos pola Intervención provincial no cumprimento do Plan de control interno 2020.

23.- Dación de conta do acordo plenario do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, adoptado na sesión do 26.11.2021, polo que se toma coñecemento da comunicación do Consello de Contas en relación coa rendición da conta xeral do Consorcio.

Dáse conta do acordo plenario do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, na sesión extraordinaria celebrada o 26.11.21, no que se toma coñecemento da comunicación do Consello de Contas en relación coa rendición da conta xeral correspondente ao exercicio 2020 e os acordos que se adoptaron.

24.- Aprobación do Regulamento de xestión de aprazamentos e fraccionamentos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Regulamento de xestión de aprazamentos e fraccionamentos cuxo contido se detalla de seguido:

REGULAMENTO DE XESTIÓN DE APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS

ÍNDICE

PREÁMBULO. 3

CAPÍTULO 1º. ÁMBITO DE APLICACIÓN E NORMATIVA APLICABLE. 4

Artigo 1.- Ámbito de aplicación. 4
Artigo 2.- Normativa aplicable. 5

CAPÍTULO 2º. CRITERIOS XERAIS. 5

Artigo 3.- Criterios xerais. 5

CAPÍTULO 3º. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE. 8

Artigo 4.- Lexitimación. 8
Artigo 5.- Prazos de presentación. 8
Artigo 6.- Lugar e forma. 8
Artigo 7.- Contido. 8
Artigo 8.- Efectos. 9
Artigo 9.- Documentación obrigatoria. 9
Artigo 10.- Documentación complementaria. 13
Artigo 11.- Informe de valoración. 13

CAPÍTULO 4º. TRAMITACIÓN. 15

Artigo 12.- Coincidencia con recursos e solicitudes de suspensión ou compensación. 15
Artigo 13.- Emenda de defectos da solicitude. 15
Artigo 14.- Análise da situación económico-financeira. 16
Artigo 15.- Pagos parciais a conta. 17
Artigo 16.- Calendario provisional de pagos. 17
Artigo 17.- Exame da garantía ofrecida. 17
Artigo 18.- Dispensa de garantía. 18
Artigo 19.- Medidas cautelares substitutivas da garantía. 18
Artigo 20.- Requirimentos. 19
Artigo 21.- Proposta de resolución. 20
Artigo 22.- Resolución. 20
Artigo 23.- Notificación. 22

CAPÍTULO 5º. OUTRAS FORMAS DE TERMINACIÓN. 22

Artigo 24.- Non admisión. 22
Artigo 25.- Desistencia. 23
Artigo 26.- Arquivo. 23

CAPÍTULO 6º. RECONSIDERACIÓN 23

Artigo 27.- Modificación das condicións acordadas. 23
Artigo 28.- Solicitude relacionada con outra denegada, non admitida ou incumprida. 24

CAPÍTULO 7º. LIQUIDACIÓN DOS XUROS DE MORA. 24

Artigo 29.- Criterio xeral. 24
Artigo 30.- Liquidación e períodos de cálculo. 24
Artigo 31.- Tipo de xuro. 26

CAPÍTULO 8º. A GARANTÍA. 26
Artigo 32.- Regras xerais. 26
Artigo 33.- Informe de admisibilidade, suficiencia e idoneidade. 27
Artigo 34.- Emenda de defectos da garantía. 27
Artigo 35.- Garantías non admisibles. 27
Artigo 36- Prazo de formalización. 29
Artigo 37.- Documento de formalización. 29
Artigo 38.- Consecuencias da falta de formalización. 30
Artigo 39.- Aceptación. 30
Artigo 40.- Liberación. 30
Artigo 41.- Execución. 31
CAPÍTULO 9º. EXECUCIÓN DO APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO. 31
Artigo 42.- Pago. 31
Artigo 43.- Consecuencias da falta de pago dos vencementos. 31
Artigo 44.- Incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos. 32
CAPÍTULO 10º. DÉBEDAS DE PERSOAS EN SITUACIÓN CONCURSAL. 33
Artigo 45.- Solicitudes en situación preconcursal. 33
Artigo 46.- Tramitación. 33
Artigo 47.- Solicitudes anteriores á declaración de concurso. 34
CAPÍTULO 11º. DESENVOLVEMENTO E ENTRADA EN VIGOR. 34
Artigo 48.- Desenvolvemento. 34
Artigo 49.- Entrada en vigor. 34
Artigo 50.- Disposición derrogadora. 34

PREÁMBULO.

O presente Regulamento de xestión de aprazamentos e fraccionamentos non é una norma “ex novo”, senón o desenvolvemento e adaptación da normativa básica estatal, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT) e o Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación (RXR), nun aspecto moi concreto e específico do procedemento de recadación tributaria: a xestión de aprazamentos e fraccionamentos de pago. É, ademais, a evolución necesaria das actualmente vixentes Normas para a tramitación e resolución de aprazamentos e fraccionamentos de pago de débedas xestionadas polo Servizo de Recadación, aprobadas polo Pleno da Corporación mediante acordo adoptado na súa sesión do 31 de maio de 2013, e que entraron en vigor o día 15 de outubro de 2013 ao publicarse no Boletín Oficial da Provincia número 195, do 14 de outubro de 2013.

Dende entón, as ditas Normas modificáronse por acordo do 30 de maio de 2014, para adaptar á normativa SEPA (Zona Única de Pago en Euros) varios modelos de documentos, e por acordo do 28 de maio de 2021, para modificar o contido do artigo 7.2 en relación coas entidades sen ánimo de lucro.

Á marxe destas modificacións, a experiencia acumulada na aplicación das Normas durante este tempo aconsellan unha revisión e actualización en profundidade, que se pretende con este Regulamento.

Resulta necesario para corrixir defectos e omisións das Normas actuais e tamén para

a súa adaptación á normativa tributaria básica e ás circunstancias socias e económicas actuais, o que vai incidir en mellorar o procedemento, dando máis posibilidades aos cidadáns, sen que supoña unha diminución dos intereses xerais que defende a administración tributaria neste caso.

Con este Regulamento preténdese axilizar os procesos e facer máis accesibles estas facilidades de pago aos contribuíntes que máis o precisan.

Resulta proporcional, xa que se trata precisamente de, buscando obxectivos recadatorios, dar o trato máis axeitado a cada tipo de contribuínte, achegándose en cada caso ás súas circunstancias obxectivas.

Resulta favorable á seguridade xurídica, xa que trata de clarexar e mellorar a regulación desta materia concreta feita na normativa estatal na que se apoia, pensada en primeiro lugar para a administración estatal e ignorante das peculiaridades da administración local.

Resulta transparente, ao facer máis evidentes para todas as partes intervintes os principios fundamentais, os circuítos do procedemento, as posibilidades de actuación en cada caso e as consecuencias desas actuacións.

E, finalmente, redundará nunha maior eficiencia administrativa, axilizará procedementos e mellorará as posibilidades de cobro da administración provincial e as facilidades de pago dos contribuíntes.

A primeira modificación faise no título da norma, que se simplifica e manifesta expresamente o seu rango formal.

Establécense de entrada unha serie de principios xerais arredor dos cales xirará o resto dos preceptos reguladores do procedemento.

Modifícanse os prazos máximos de duración dos aprazamentos ou fraccionamentos, tendo en conta factores como o importe das débedas, o esforzo e compromiso de pago e a garantía ofrecida.

Elimínanse do texto algunhas regulacións que son susceptibles de sufrir cambios con certa frecuencia e non alteran o núcleo esencial da norma. Así sucede, por exemplo, coa incorporación e tratamento da solicitude na aplicación informática tributaria, coas actuacións internas a realizar en determinados supostos, os modelos oficiais a utilizar no procedemento ou o método de avaliación da documentación contable. Estes aspectos pasarán a ser regulados mediante Resolución da Presidencia, o que permitirá unha máis rápida e áxil reacción fronte a calquera necesidade de actualización ou corrección.

Reordénase a regulación da documentación que segundo cada suposto debe ser achegada coa solicitude, intentado facer unha enumeración máis clara e comprensible e incorporando a dalgún suposto, como o de solicitude con proposta de garantía consistente en fianza persoal solidaria, que carece de regulación incluso na normativa básica estatal.

Sinálanse con máis precisión as obrigas dos solicitantes e as consecuencias do seu incumprimento.

Regúlanse máis polo miúdo os aspectos relacionados coas garantías, establecendo o contido mínimo do informe de valoración dos bens e relacionando determinados bens que con carácter xeral serán considerados non idóneos para ser aceptados como garantía.

Tal como se expón no inicio deste preámbulo, esta norma regula un aspecto parcial e moi concreto do procedemento de recadación tributaria, (regulado primeiramente na LXT, e desenvolvido polo RXR), ademais de non impoñer obrigas relevantes aos seus destinatarios (agás, naturalmente, das que xa impoñen as normas estatais antes citadas) de xeito que, segundo se prevé no parágrafo segundo do apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non é preciso realizar a consulta pública previa regulada no apartado 1 do dito precepto, sen prexuízo do trámite de exposición pública e prazo de alegacións que se abrirá unha vez producida a súa aprobación inicial polo Pleno da Corporación.

CAPÍTULO 1º. ÁMBITO DE APLICACIÓN E NORMATIVA APLICABLE.

Artigo 1.- Ámbito de aplicación.

O presente Regulamento será de aplicación ás solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pago das débedas de dereito público cuxo cobro estea atribuído ao Servizo Central de Recadación da Deputación Provincial da Coruña.

Artigo 2.- Normativa aplicable.

Na xestión dos aprazamentos e fraccionamentos respectaranse, seguindo os principios de xerarquía e autonomía normativas, os preceptos aplicables á materia contidos nas seguintes normas:

1. A Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, ou norma que a substitúa, respecto das débedas de natureza tributaria.
2. A Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou norma que a substitúa, respecto das débedas non tributarias.
3. O Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ou norma que o substitúa.
4. O presente Regulamento.
5. As Resolucións da Presidencia que desenvolvan este Regulamento.

CAPÍTULO 2º. CRITERIOS XERAIS.

Artigo 3.- Criterios xerais.

A xestión dos aprazamentos e fraccionamentos rexerase polos seguintes criterios, que deberán ser respectados por todos os involucrados na súa tramitación, concesión e execución:

1. As seguintes débedas non poderán ser obxecto de aprazamento ou fraccionamento:

a) As multas por infracción da normativa de tráfico e seguridade viaria, no seu período voluntario de pago.

b) As débedas concursais e contra a masa.

c) As que no momento da presentación da solicitude non sexan esixibles por non estar aprobadas, por estar suspendidas, por non ter iniciado o seu período voluntario de pago ou por calquera outra causa obxectiva que impida a súa esixibilidade no momento da solicitude.

d) As que estiveran suspendidas con garantía na tramitación dun recurso ou reclamación e fosen confirmadas total ou parcialmente por resolución firme.

e) As incluídas nun aprazamento ou fraccionamento que se denegase ou cancelase con anterioridade debido ao incumprimento das obrigas do debedor. O seu pago inmediato será requisito previo indispensable para o aprazamento ou fraccionamento do resto de débedas, se as houbese.

2. O conxunto de solicitudes de aprazamento ou fraccionamento dun mesmo debedor, tanto en trámite como en execución, formarán unha unidade, de xeito que:

    1) Para determinar o importe das débedas obxecto de aprazamento ou fraccionamento computaranse o principal, os xuros de mora, as recargas do período executivo e os custos do procedemento, das débedas obxecto da solicitude e das que solicitara e non se resolvera un aprazamento ou fraccionamento, así como o importe dos vencementos pendentes da formalización e aplicación do seu ingreso dos aprazamentos ou fraccionamentos en execución, agás que estean garantidos.

    2) O incumprimento das obrigas do debedor nun dos aprazamentos ou fraccionamentos terá as consecuencias que procedan tamén nos demais.

1. O importe conxunto das débedas obxecto de aprazamento ou fraccionamento non poderá ser inferior a cen euros (100,00 €).

2. A solicitude deberá incluír a totalidade das débedas no período executivo esixibles e pendentes de pago no momento da súa presentación.

3. O prazo mínimo de duración será de tres (3) meses para os aprazamentos ou de tres (3) fraccións mensuais para os fraccionamentos.

Os prazos máximos de duración serán os seguintes:

a) Aprazamentos:

    1) De débedas de ata tres mil euros (3.000,00 €): seis (6) meses.

    2) De débedas superiores a tres mil euros (3.000,00 €)

sen obriga de achegar garantía ou con dispensa total ou parcial de achegala: doce (12) meses.

3) Con garantía: trinta e seis (36) meses.

b) Fraccionamentos:

1) De débedas de ata tres mil euros (3.000,00 €): doce (12) fraccións.

2) De débedas de ata tres mil euros (3.000,00 €) que inclúan algún concepto de carácter periódico cuxa recadación no período voluntario estea atribuída á Deputación Provincial da Coruña e o debedor solicite simultaneamente ou teña xa en vigor un plan individualizado de pagos que comprenda a totalidade dos conceptos de carácter periódico ao seu nome: vinte e catro (24) fraccións.

3) De débedas superiores a tres mil euros (3.000,00 €) e que non superen os dezaoito mil euros (18.000,00 €): vinte e catro (24) fraccións.

4) De débedas superiores a dezaoito mil euros (18.000,00 €) sen obriga de achegar garantía ou con dispensa total ou parcial de garantía: corenta e oito (48) fraccións.

5) Con garantía: sesenta (60) fraccións.

1. Será obrigada a domiciliación bancaria dos vencementos.

2. Os vencementos, que nos fraccionamentos terán periodicidade mensual, produciranse en día vinte (20) ou inmediato hábil posterior. Os cargos na conta bancaria realizaranse o día cinco (5) ou seguinte hábil posterior, do mes seguinte ao dos correspondentes vencementos.

3. Cando o importe das débedas obxecto de aprazamento ou fraccionamento non exceda de trinta mil euros (30.000,00 €), o debedor non estará obrigado a xustificar as dificultades económico-financeiras de carácter transitorio, que se presumirán pola presentación da solicitude, nin a achegar garantía.

Tampouco se esixirá a xustificación das dificultades económico-financeiras cando o debedor fora declarado en concurso de acredores e teña convenio aprobado en vigor, por considerarse que a aprobación do convenio xa acredita suficientemente tanto a existencia das dificultades como a súa transitoriedade.

As entidades sen ánimo de lucro que consten debidamente rexistradas como tales no correspondente rexistro público quedarán eximidas, calquera que sexa o importe das débedas para aprazar ou fraccionar, das obrigas de xustificar as dificultades económico-financeiras e de achegar garantía. Será suficiente a acreditación da inscrición no rexistro e a declaración responsable do seu representante legal de que a entidade atravesa por dificultades económico-financeiras de carácter transitorio.

4. Cando, por aplicación dos criterios contidos neste artigo, nunha

solicitude resulte esixible a achega de garantía e nalgún aprazamento ou fraccionamento en execución do mesmo debedor xa se tivese constituído garantía, o importe a cubrir pola nova garantía será unicamente o das débedas que non estivesen xa garantidas.

5. Dende o momento da presentación da solicitude e durante a vixencia do aprazamento ou fraccionamento, o debedor estará obrigado a manterse ao corrente das súas obrigas de pago respecto das débedas de dereito público recadadas polos servizos tributarios da Deputación Provincial da Coruña.

O incumprimento desta obriga terá as consecuencias previstas neste Regulamento para o suposto do incumprimento de condicións distintas do pago dos vencementos.

Unha vez producida a cancelación ou a non admisión por este motivo, a posterior desaparición da circunstancia que a orixinou non poderá alegarse para a reconsideración da dita cancelación ou non admisión.

6. No suposto regulado no apartado 5.b).2) deste artigo, o debedor quedará obrigado a manter o plan individualizado de pagos polo menos durante a vixencia do fraccionamento. O incumprimento desta obriga terá as consecuencias previstas neste Regulamento para o suposto do incumprimento de condicións distintas do pago dos vencementos.

CAPÍTULO 3º. PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE.

Artigo 4.- Lexitimación.

Estarán lexitimados para solicitar o aprazamento ou fraccionamento de pago das débedas o debedor obrigado ao pago, sexa como contribuínte ou como cotitular, ou os seus representantes legais ou voluntarios.

A estes efectos, considérase cotitular ao obrigado ao pago que, sen figurar como contribuínte nas cartas de pago das débedas, conste como cotitular dos obxectos tributarios as orixinaron.

Cando o debedor autorice a outra persoa a solicitar no seu nome o aprazamento ou fraccionamento considerarase que a designa como o seu representante a todos os efectos necesarios para a tramitación da solicitude, incluída a recepción das notificacións pendentes relativas ás ditas débedas.

Esta representación referirase exclusivamente á condición de debedor e non á de titular da conta bancaria, xa que a domiciliación dos cargos unicamente poderá ser formalizada polo titular da conta ou unha persoa que figure autorizada previamente ante a entidade bancaria, e así o acredite.

O herdeiro dun debedor falecido unicamente poderá solicitar o aprazamento ou fraccionamento das débedas do falecido cando estas figuren identificadas como correspondentes á herdanza e acredite a súa condición de herdeiro.

Artigo 5.- Prazos de presentación.

O aprazamento ou fraccionamento poderá solicitarse nos prazos seguintes:

a) Respecto das débedas no período voluntario, dentro do dito período.

b) Respecto das débedas no período executivo, en calquera momento anterior á notificación do acordo de execución dos bens embargados.

O prazo de caducidade indicado nos documentos de pago non se terá en conta en relación co prazo de presentación da solicitude nin co importe da débeda obxecto de aprazamento ou fraccionamento.

Artigo 6.- Lugar e forma.

A solicitude poderase presentar en calquera dos lugares e nas formas que se determinen na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 7.- Contido.

A solicitude deberá axustarse ao modelo oficial aprobado ao efecto, incluíndo como mínimo os seguintes datos indispensables:

1) Apelidos e nome ou razón social e Número de Identificación Fiscal (NIF) do debedor e, se é o caso, do seu representante.

2) Domicilio completo de notificación aos efectos da solicitude.

3) Identificación das débedas das que se solicita o aprazamento ou fraccionamento, así como o seu importe principal.

4) Data de vencemento do aprazamento ou número de fraccións do fraccionamento, segundo o caso, tendo en conta que son excluíntes un do outro.

5) Autorización de domiciliación bancaria dos vencementos e Código Internacional de Identificación Bancaria (IBAN) da conta.

6) Lugar e data da solicitude.

7) Sinatura do debedor ou do seu representante.

8) Sinatura do titular da conta bancaria ou persoa autorizada nela.

Artigo 8.- Efectos.

A presentación da solicitude terá os seguintes efectos:

a) Respecto das débedas no período voluntario, a suspensión inmediata do procedemento recadatorio.

b) Respecto das débedas no período executivo, a suspensión das actuacións de embargo. Durante a tramitación da solicitude poderase ditar e notificar a providencia de prema, que nese caso terá efectos unicamente se o aprazamento ou fraccionamento resultase arquivado, denegado, non admitido ou cancelado.

Non se levantarán os embargos practicados con anterioridade á solicitude, agás que se substitúan por mellores ou máis idóneas garantías.

Artigo 9.- Documentación obrigatoria.

1. Xunto coa solicitude, achegarase con carácter xeral a seguinte documentación:

    1) Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou equivalente das persoas físicas que interveñan na solicitude (debedor, representante, titular da conta, autorizado na conta, etc.), cando non asinen por medios electrónicos.

    2) No seu caso, acreditación da representación legal ou voluntaria.

    3) Cando o solicitante sexa un herdeiro do debedor falecido, acreditación desta condición mediante algún destes documentos:

        a) Testamento do debedor.

        b) Escritura de aceptación da herdanza.

        c) Declaración notarial de herdeiros.

        d) Certificado de últimas vontades no que conste que o falecido non outorgou testamento, acompañado de copia do libro de familia, certificado actualizado de matrimonio ou equivalente, segundo o caso.

    1) Cando non estea recollida na propia solicitude, autorización de cargo na conta bancaria, axustada ao modelo oficial aprobado ao efecto e asinada polo titular da conta ou persoa autorizada nela.

    2) Acreditación da titularidade da conta de cargo.

    Será suficiente calquera documento emitido pola entidade bancaria no que figure o Código Internacional de Identificación Bancaria (IBAN) e o nome e apelidos ou razón social do titular ou autorizado que asine a autorización de cargo. Non serán válidas a estes efectos as capturas de páxinas web ou de aplicacións móbiles.

2. Cando deba xustificarse a existencia de dificultades económico-financeiras de carácter transitorio, achegaranse ademais os seguintes documentos:

    a) Se o debedor non está obrigado por lei a levar contabilidade:

        1. Copia íntegra da declaración do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) correspondente ao último exercicio ou, na súa falta, certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) de non estar obrigado a presentala.

        2. Se recibe algunha pensión, certificado que acredite o seu importe, expedido polo organismo pagador.

        3. No seu caso, certificación da prestación por desemprego facendo constar o seu importe, ou de atoparse en situación de demanda de emprego, expedidas polo organismo competente.

    a) Se o debedor está obrigado por lei a levar contabilidade:

        1. Último balance trimestral de comprobación de sumas e saldos, certificado polas persoas que ostenten a súa administración ou

representación.

2. Copia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou equivalente das persoas que asinen o balance trimestral de comprobación de sumas e saldos, cando non asinen por medios electrónicos.

3. Cando deba ofrecerse garantía, achegarase con carácter preferente compromiso de aval bancario ou de certificado de seguro de caución, axustados aos modelos oficiais aprobados ao efecto.

4. Cando se ofreza unha garantía distinta de aval ou de seguro de caución, achegaranse, ademais dos enumerados nos apartados 1 e 2 deste artigo, os seguintes documentos:

1) Xustificación da imposibilidade de obter aval ou seguro de caución, consistente en certificados emitidos polo menos por dúas (2) entidades.

2) Informe de valoración dos bens ou dereitos ofrecidos como garantía.

Non se esixirá cando o ben ofrecido como garantía sexa un inmoble e o debedor xustifique que o seu valor catastral é superior ao importe a garantir, sempre que o dito valor catastral sexa firme na vía administrativa.

Cando se ofrezan bens mobles poderá ser substituído pola factura de compra, se ten unha antigüidade máxima de tres (3) meses respecto da data de achega. Nese caso, considerarase como valor dos bens o prezo de compra excluído o Imposto sobre o valor engadido (IVE).

3) Cando os bens ou dereitos ofrecidos como garantía sexan susceptibles de inscrición nalgún rexistro público, achegarase acreditación da súa inscrición, consistente en nota expedida polo rexistro público correspondente, cunha antigüidade máxima dun (1) mes respecto da data da súa achega, que acredite a propiedade e as cargas que puidesen recaer sobre eles.

4) No caso de debedores obrigados por lei a levar contabilidade, as contas anuais do último exercicio cerrado e informe de auditoría se existise, e acreditación do seu depósito no Rexistro Mercantil.

5. Cando a garantía ofrecida consista en hipoteca inmobiliaria achegaranse, ademais dos enumerados nos apartados 1, 2 e 4 deste artigo, os seguintes documentos:

1) Se algún inmoble ten cargas consistentes en créditos hipotecarios, certificados actualizados emitidos polas entidades financeiras sobre a contía pendente de amortizar.

2) No seu caso, detalle da conta de deterioración de valor e información sobre os feitos que motivaron a súa dotación.

6. Cando a garantía ofrecida sexa unha hipoteca mobiliaria ou prenda achegaranse, ademais dos enumerados nos apartados 1, 2 e 4 deste artigo, os seguintes documentos:

1) Detalle das características dos bens ou dereitos ofrecidos, relación dos mesmos e lugar onde se atopan.

2) Declaración de que os bens ou dereitos ofrecidos non están afectos ou comprometidos a outra garantía.

3) No seu caso, detalle da amortización acumulada e das deterioracións de valor que se dotaron.

4) Acreditación expedida polo Rexistro de Bens Mobles respecto da inscrición ou non dos bens e das súas cargas, se é o caso.

7. Cando a garantía ofrecida consista en fianza persoal e solidaria achegaranse, ademais dos enumerados nos apartados 1, 2 e 4 deste artigo, os seguintes documentos:

1) Xustificación da carencia de bens ou dereitos do debedor que poidan ser ofrecidos como garantía total ou parcial. Deberán achegarse necesariamente certificacións actualizadas do Catastro, do Rexistro da Propiedade e do Rexistro de Bens Mobles.

2) Compromiso de fianza, asinado por dúas (2) ou máis persoas físicas ou representantes de persoas xurídicas, e copia do respectivo Documento Nacional de Identidade (DNI) ou equivalente, cando non se asine por medios electrónicos.

3) Respecto de cada persoa física fiadora: Declaración correspondente ao último exercicio do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e, no seu caso, do Imposto sobre o patrimonio.

4) Respecto de cada persoa xurídica fiadora: As contas anuais do último exercicio cerrado e informe de auditoría se existise, e acreditación do seu depósito no Rexistro Mercantil.

5) Certificacións, cunha antigüidade máxima dun (1) mes respecto da data da súa achega, da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), a Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) ou organismo competente da Comunidade Autónoma correspondente ao respectivo domicilio fiscal, a Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS) e o concello do seu domicilio, acreditando que cada un dos fiadores está ao corrente das súas obrigas de pago cos ditos organismos.

8. Cando se solicite dispensa total ou parcial de garantías achegaranse, ademais dos enumerados nos apartados 1 e 2 deste artigo, os seguintes documentos:

1) Xustificación da imposibilidade de obter aval ou seguro de caución, consistente en certificados emitidos polo menos por dúas (2) entidades.

2) Xustificación da carencia de bens ou dereitos do debedor que poidan ser ofrecidos como garantía ou, se a dispensa é parcial, de non posuír outros distintos dos ofrecidos. Deberán achegarse necesariamente certificacións, cunha antigüidade máxima dun (1) mes respecto da data da súa achega, do Catastro, do Rexistro da Propiedade e do Rexistro de Bens Mobles.

3) No caso de debedores obrigados por lei a levar contabilidade, ademais:

1. As contas anuais dos tres (3) últimos exercicios cerrados, xunto co

informe de auditoría se existise, e acreditación do seu depósito no Rexistro Mercantil.

2. Relación dos bens retirados ou dados de baixa no último exercicio, data da baixa, amortización acumulada e ingreso obtido coa súa venda.
3. Inventario físico valorado do inmobilizado correspondente ao último exercicio cerrado.
4. Resumo actualizado das altas e baixas de calquera ben integrante do patrimonio do debedor durante os tres (3) últimos exercicios.

9. Cando se solicite a adopción de medidas cautelares en substitución da garantía achegaranse, ademais dos enumerados nos apartados 1 e 2 deste artigo, os seguintes documentos:

1) Xustificación de que a achega de garantía resulta excesivamente custosa para a economía do debedor e pon en risco a continuidade da súa actividade económica.

2) Descrición da medida cautelar cuxa adopción se propón, de entre as previstas ao efecto na Lei xeral tributaria.

3) No caso de debedores obrigados por lei a levar contabilidade, ademais:

1. As contas anuais dos tres (3) últimos exercicios cerrados, xunto co informe de auditoría se existise, e acreditación do seu depósito no Rexistro Mercantil.
2. Relación dos bens retirados ou dados de baixa no último exercicio, data da baixa, amortización acumulada e ingreso obtido coa súa venda.
3. Inventario físico valorado do inmobilizado correspondente ao último exercicio cerrado.
4. Resumo actualizado das altas e baixas de calquera ben integrante do patrimonio do debedor durante os tres (3) últimos exercicios.

1) Cando a medida cautelar consista no embargo preventivo de bens ou dereitos:

1. Informe de valoración dos ditos bens ou dereitos, cos requisitos e contido establecidos neste Regulamento.

2. Cando os bens sexan susceptibles de inscrición nun rexistro oficial, acreditación da súa inscrición, consistente en nota expedida polo rexistro público correspondente, cunha antigüidade máxima dun (1) mes respecto da data da súa achega, que acredite a propiedade e as cargas que puidesen recaer sobre eles.
3. Cando se trate de bens inmobles e algún teña cargas consistentes en créditos hipotecarios, certificado actualizado da entidade financeira sobre a contía pendente de amortizar.

Artigo 10.- Documentación complementaria.

Ademais da documentación de achega obrigatoria detallada no artigo anterior, e sen prexuízo da que poida achegar voluntariamente o debedor, a unidade administrativa

instrutora do expediente poderá requirir calquera outra información e documentación que estime necesaria para formular a proposta de resolución.

En particular, no caso de ofrecemento de garantía consistente en fianza persoal poderá requirirse inventario e acreditación da titularidade dos bens que posúan os fiadores, con indicación das cargas que estean constituídas ou se comprometeron a constituír sobre os mesmos aínda cando non exista anotación no rexistro público correspondente, así como relación de avais ou fianzas concedidos con carácter previo como garantía doutras obrigas, e aínda non cancelados.

Artigo 11.- Informe de valoración.

1. Cando se requira informe de valoración de bens ou dereitos, deberá estar elaborado por empresa ou profesional especializado e independente e cunha antigüidade máxima de seis (6) meses respecto da data de achega. Poderá esixirse una antigüidade menor cando así o aconselle a natureza dos bens ou dereitos.

No caso de informes de valoración cunha antigüidade superior a seis (6) meses e inferior a dous (2) anos, será necesaria e suficiente unha actualización do mesmo.

Cando exista un rexistro de empresas ou profesionais especializados na valoración dun determinado tipo de bens, o informe de valoración deberá efectuarse necesariamente por unha empresa ou profesional inscrito nel. As solicitudes nas que o informe de valoración non cumpra este requisito serán denegadas.

O informe de valoración non poderá estar sometido a ningún condicionante. Se contivese advertencia de calquera tipo que impida ou dificulte o coñecemento exacto da valoración efectuada, a solicitude será denegada.

2. O informe de valoración dun ben inmoble axustarase ao seguinte contido mínimo:

1) Solicitante do informe e finalidade.
2) Métodos ou criterios utilizados.
3) Identificación e localización do ben, incluíndo a identificación rexistral e catastral.
4) Comprobacións e documentación.
5) Análise de mercado, sinalando:
    1. As características do segmento do mercado inmobiliario relativo aos bens comparables ao que sexa obxecto de valoración, cando exista.
    2. As diferenzas apreciadas entre o valor de mercado ao tempo da taxación e o valor hipotecario, que terá en conta a evolución previsible tanto do ben como do mercado durante o período de vixencia da garantía, así como as expectativas de oferta/demanda e de revalorización.

1) Descrición urbanística, na que se indicará:
    1. O grao de adecuación das características físicas do ben para o uso ao que estea destinado.
    2. A súa vinculación á normativa e planificación urbanística

vixente.

3. Se está suxeito a algún tipo de protección urbanística ou histórica.

1) Réxime de protección, tenencia e ocupación, indicando e valorando:

1. O estado de ocupación do inmoble así como as súas características e vixencia.
2. Se está afectado a algún tipo de explotación económica.
3. Se existe algún tipo de gravame ou limitación, xa sexa de natureza real, legal, urbanística ou de protección pública do ben.

Nestes casos indicará expresamente estes feitos e a cuantificación da súa afección sobre o valor. No caso de ocupación por arrendamento, deberá achegarse o contrato subscrito.

1) Datos e cálculo dos valores técnicos.

2) Valores de taxación, entendendo como tal:

1. O valor de mercado do ben ao tempo de elaborar a taxación.
2. O seu valor sustentable no tempo, determinado por unha valoración prudente da posibilidade futura de executar o ben a través dos procedementos de alleamento, e que teña en conta as perspectivas de mantemento do valor durante o período de vixencia da garantía.

1) Data de emisión, caducidade e sinaturas.

2) Documentación anexa ao informe.

A presentación dun informe de valoración de bens inmóbeis que non se adecúe no seu contido ao disposto neste apartado poderá producir a denegación da solicitude presentada, motivada nas carencias que se poñan de manifesto tralo estudo do dito informe.

CAPÍTULO 4º. TRAMITACIÓN.

Artigo 12.- Coincidencia con recursos e solicitudes de suspensión ou compensación.

1. A solicitude de aprazamento ou fraccionamento realizada con carácter subsidiario a un recurso terá efectos suspensivos, aínda que non se continuará a súa tramitación ata a resolución do recurso.

2. Cando se acorde a suspensión dalgunha débeda incluída nunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento, actuarase como segue:

a) Se o acordo se produce antes de resolverse o aprazamento ou fraccionamento excluirase a dita débeda e tramitarase a solicitude polas débedas restantes se as houbese.

b) Se o acordo é posterior á resolución de concesión, cancelarase o expediente e tramitarase de novo a solicitude coas débedas restantes se as houbese, mantendo os efectos da data da solicitude.

Na nova resolución que se dite farase referencia á exclusión e ao motivo polo que se fixo.

3. Se antes de resolverse o aprazamento ou fraccionamento se presentase unha solicitude de compensación de débedas incluídas nel suspenderanse as débedas, pero non se continuará a súa tramitación ata que remate o procedemento de compensación. Se non quedasen débedas pendentes, arquivarase a solicitude por perda de obxecto, sen necesidade de comunicación ao debedor.

Se con posterioridade á concesión dun aprazamento ou fraccionamento se solicitase a compensación dunha débeda incluída nel, considerarase que se formula tamén unha solicitude de modificación das condicións acordadas e actuarase segundo se establece para o dito suposto.

Artigo 13.- Emenda de defectos da solicitude.

1. Cando se comprobe a existencia dalgún defecto corrixible en relación co contido indispensable da solicitude ou coa documentación obrigatoria, requirirase ao debedor para que o emende, coa advertencia das consecuencias de non atender debidamente o requirimento, que serán as seguintes:

a) A falta de contestación determinará o arquivo da solicitude sen máis trámite, considerándose non presentada.

b) A contestación sen corrixir a totalidade dos defectos suporá a denegación da solicitude.

c) Se non se emendan os defectos relativos á identidade ou lexitimación das persoas que interveñen na solicitude ou á conta bancaria de cargo, arquivarase a solicitude sen máis trámite e considerarase non presentada.

2. A documentación complementaria será requirida ao debedor coa advertencia de que a falta de contestación ao requirimento ou a súa atención defectuosa poderá ter como consecuencia a denegación da solicitude.

3. Non se formulará requirimento cando os defectos apreciados se refiran a datos ou documentos que xa posúa a Deputación e na solicitude se faga referencia suficiente ao procedemento ou expediente no que figuren.

4. Cando a solicitude non comprenda a totalidade das débedas pendentes no período executivo, incorporaranse de oficio e requirirase ao debedor para que achegue xustificantes de pago se os posúe. No caso de que os achegue no prazo, excluiranse as débedas pagadas e tramitarase o expediente polas restantes. Se non contesta ao requirimento no prazo, ou facéndoo non achega os xustificantes, o expediente tramitarase pola totalidade das débedas incorporadas.

As débedas cargadas na aplicación informática tributaria directamente no período executivo por terse feito por outra entidade pública a súa recadación no período voluntario non se terán en conta a estes efectos ata que teñan notificada a providencia de prema.

5. Cando a solicitude non identifique debidamente cada unha das débedas para

aprazar ou fraccionar, senón que se limite a facer unha referencia xenérica, considerarase que comprende a totalidade das débedas pendentes de pago, tanto no período voluntario como no período executivo. Se a referencia é a un expediente executivo, entenderase que a solicitude comprende a totalidade das débedas pendentes de pago no período executivo, estean ou non no dito expediente.

6. Se a solicitude propón condicións que resulten contrarias ou incompatibles coas establecidas neste Regulamento, o expediente tramitarase axustándose ás condicións establecidas neste, sen necesidade de formular requirimento para a emenda da solicitude. No entanto, se a solicitude tivese outros defectos que emendar poderase incluír no correspondente requirimento a advertencia da modificación das condicións propostas polo debedor. En calquera caso, na resolución farase indicación destas modificacións e dos motivos polos que se fixeron.

Artigo 14.- Análise da situación económico-financeira.

Examinarase o cumprimento das obrigas tributarias do debedor, especialmente as relativas a outros aprazamentos ou fraccionamentos solicitados con anterioridade.

Teranse en conta as circunstancias que poidan indicar a existencia de dificultades estruturais, a falta de viabilidade da actividade económica ou a utilización indebida desta facilidade de pago, particularmente nas solicitudes presentadas sistematicamente, de prazos longos, con dispensa total ou parcial de garantías.

A reiteración de solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de débedas de carácter periódico considerarase unha proba da existencia de dificultades económicas de carácter estrutural. Entenderase que se produce esta reiteración cando se presenten tres (3) veces consecutivas, aínda que se refiran a conceptos distintos.

Cando corresponda, avaliarase a existencia das dificultades económico-financeiras transitorias do debedor mediante a análise da documentación obrigatoria e, no seu caso, a complementaria achegada polo debedor voluntariamente ou previo requirimento.

Cando a exame da documentación achegada conclúa que a actividade económica do debedor ten moi difícil viabilidade, sen capacidade de xeración de ingresos para atender as obrigas derivadas da concesión do aprazamento ou fraccionamento, entenderase que as dificultades económico-financeiras do debedor son de carácter estrutural.

Artigo 15.- Pagos parciais a conta.

Ata a formulación da proposta de resolución, o debedor poderá realizar pagos parciais a conta, que se aplicarán a minorar o importe das débedas que sinale expresamente ou, no seu defecto, seguindo a norma xeral de imputación de pagos no procedemento de recadación.

Liquidaranse e esixiranse os xuros de mora que procedan segundo o establecido neste Regulamento.

Artigo 16.- Calendario provisional de pagos.

Cando a resolución da solicitude poida verse demorada como consecuencia da complexa tramitación do expediente, a unidade administrativa instrutora poderá

establecer un calendario provisional de pagos ata que se emita a proposta de resolución.

O calendario será notificado ao debedor, indicando a causa que o motiva e as consecuencias do seu incumprimento. Advertiráselle que ao tratarse dun acto de trámite non cabe interpor recurso ou reclamación algunha.

Estes pagos consideraranse pagos parciais a conta. O seu importe aplicarase ás débedas incluídas na solicitude, de maior a menor antigüidade, seguindo a norma xeral de imputación de pagos no procedemento de recadación.

Liquidaranse e esixiranse os xuros de mora que procedan segundo o establecido neste Regulamento.

O incumprimento do calendario suporá a denegación da solicitude por incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos, coas consecuencias previstas neste Regulamento para ese suposto.

Artigo 17.- Exame da garantía ofrecida.

1. Cando se ofreza garantía, unha vez recibida a documentación requirida o expediente pasará ao dispor da Vicetesourería, que emitirá o correspondente informe de admisibilidade, suficiencia e idoneidade segundo se establece neste Regulamento.

Cando o exame da garantía presente especial complexidade, a Vicetesourería poderá requirir o asesoramento dos servizos técnicos e xurídicos da Deputación Provincial da Coruña que resulten axeitados en cada caso.

2. Cando se ofreza como garantía unha fianza persoal, comprobarase que as persoas fiadoras están ao corrente das súas obrigas de pago respecto dos ingresos de dereito público xestionados pola Deputación Provincial da Coruña e que nos últimos catro (4) anos non se teña seguido contra elas ningún procedemento de prema polos servizos tributarios da Deputación Provincial da Coruña. Se algunha delas non cumprise estes requisitos proporase o rexeitamento da garantía por non idónea e a denegación do aprazamento ou fraccionamento.

Artigo 18.- Dispensa de garantía.

1. Cando o debedor solicite a dispensa total ou parcial da obriga de achegar garantía, elaborarase informe sobre a comprobación das circunstancias precisas para obter a dita dispensa, especialmente a inexistencia ou insuficiencia de bens e dereitos susceptibles de ser ofrecidos como garantía.

Se do informe se desprendese a existencia de bens ou dereitos que poidan ser ofrecidos como garantía total ou parcial requirirase ao debedor para que os ofreza, advertíndolle das seguintes consecuencias:

a) Se o requirimento é atendido no seu prazo, continuarase a tramitación na forma establecida para os supostos de aprazamento ou fraccionamento con garantía ou con dispensa parcial, segundo que os bens sexan ou non suficientes para garantir totalmente o aprazamento ou fraccionamento.

b) Se o requirimento non é atendido no seu prazo ou non se considerase suficientemente xustificada a imposibilidade de achegar a garantía, proporase a denegación das solicitudes de dispensa e de aprazamento ou

fraccionamento.

2. Concedido un aprazamento ou fraccionamento con dispensa total ou parcial de garantía, calquera acto que implique a distribución de beneficios durante a vixencia do aprazamento ou fraccionamento requirirá previamente a comunicación á Deputación Provincial da Coruña e a constitución de garantía.

De producirse a comunicación polo debedor, requiriráselle para que proceda á formalización da garantía nos mesmos termos e prazos previstos con carácter xeral e coas mesmas consecuencias que no caso de falta de formalización.

A falta de comunicación previa á distribución de beneficios, a desatención ao requirimento para a constitución de garantía ou a distribución de beneficios sen constituír previamente a garantía terán as consecuencias previstas neste Regulamento para os supostos de incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos.

Artigo 19.- Medidas cautelares substitutivas da garantía.

Cando o debedor solicite a adopción de medidas cautelares en substitución da garantía, a solicitude tramitarase coas especialidades que se indican de seguido:

1. Comprobarase que concorren as seguintes circunstancias:

1) Que non exista expediente executivo aberto a nome do debedor.
2) Que o debedor xustificou suficientemente que a achega de garantía resulta excesivamente custosa para a súa economía e pon en risco a continuidade da súa actividade económica.
3) Que, existindo dificultades económico-financeiras de carácter transitorio, non se aprecien dificultades futuras de carácter estrutural que poidan desembocar nunha situación concursal.
4) Que a medida cautelar ofrecida sexa algunha das previstas ao efecto na Lei xeral tributaria.

Se non se da algunha das circunstancias sinaladas, formularase proposta de denegación da solicitude de adopción de medidas cautelares e do aprazamento ou fraccionamento.

2. A Vicetesourería valorará a idoneidade e a suficiencia xurídica e económica da medida cautelar proposta e emitirá informe ao respecto, que terá carácter vinculante.

3. A Presidencia concederá ou denegará, de forma motivada e no mesmo acto, tanto a solicitude de adopción de medidas cautelares como a do aprazamento ou fraccionamento.

4. Emitida resolución que inclúa a adopción de medidas cautelares, levaranse a cabo polas unidades administrativas competentes as actuacións necesarias para a súa efectiva adopción.

En concreto, cando a medida cautelar consista no embargo preventivo de bens ou dereitos inscritibles nun rexistro público, o órgano competente expedirá mandamento de embargo no que deixará constancia das circunstancias polas que se adopta a medida cautelar e da advertencia expresa de que o embargo preventivo terá vixencia ata que se cancele ou se converta en definitivo dentro do procedemento de prema.

O mandamento de embargo preventivo será entregado ao solicitante para que, no prazo de dous (2) meses dende a entrega, proceda á súa inscrición no rexistro público e achegue nota, expedida polo dito rexistro, acreditativa da inscrición.

Cando proceda a cancelación do embargo preventivo, o órgano competente expedirá mandamento de cancelación que se entregará ao debedor para que proceda á súa presentación no rexistro público.

5. Os gastos que por honorarios profesionais, taxas ou outros conceptos orixinen tanto a adopción como a cancelación da medida cautelar correrán por conta do debedor.

6. No suposto de incumprimento do aprazamento ou fraccionamento, a medida cautelar adoptada será convertida en definitiva no procedemento de prema.

Artigo 20.- Requirimentos.

Os requirimentos aos que se fai referencia neste Regulamento deberán ser atendidos no prazo improrrogable de quince (15) días hábiles, contados dende o seguinte ao de recepción da notificación. A falta de atención dentro do prazo ou a atención defectuosa terán as consecuencias que se sinalan en cada caso.

Con carácter xeral, e agás que se indique expresamente outra cousa na solicitude, os requirimentos serán dirixidos ao debedor, ao domicilio sinalado nela ou, no seu defecto, ao seu domicilio fiscal.

Artigo 21.- Proposta de resolución.

1. Unha vez realizados os trámites previos necesarios, formularase proposta de resolución.

Se o debedor solicitou a adopción de medidas cautelares en substitución da garantía, incluirase na proposta o pronunciamento motivado sobre a súa concesión ou denegación.

2. A proposta de concesión respectará os seguintes criterios:

1) Poderá sinalar, de forma motivada, condicións e prazos distintos dos propostos polo debedor, para que se axusten ao que se establece neste Regulamento.
2) Cando se propoña a concesión de dispensa parcial de garantías, deberá facerse constar que a garantía que se constitúa quedará afecta ao pago da totalidade das débedas do aprazamento ou fraccionamento.
3) Cando unha solicitude inclúa débedas tanto no período voluntario como no período executivo, os vencementos correspondentes ás débedas no período executivo deberán ser anteriores aos das débedas no período voluntario.

3. Proporase a denegación nos supostos nos que así se establece neste Regulamento e, particularmente, nos seguintes casos:

a) Cando non se aprecie a existencia de dificultades económico-financeiras ou estas sexan de carácter estrutural.
b) Cando a solicitude inclúa débedas incluídas en expediente executivo e o debedor teña outros aprazamentos ou fraccionamentos en trámite ou

xa concedidos, por supor o incumprimento previo polo debedor do seu deber de manterse ao corrente das obrigas de pago coa Deputación Provincial da Coruña, motivo polo que ademais serán denegados ou cancelados, segundo o seu estado de tramitación, os ditos aprazamentos ou fraccionamentos.

c) Cando o debedor non xustifique a imposibilidade de ofrecer aval bancario ou certificado de seguro, ou desatenda un requirimento de achega de garantía.

d) Cando a garantía ofrecida fora anteriormente rexeitada por falta de idoneidade ou por insuficiencia económica ou xurídica.

Artigo 22.- Resolución.

1. A resolución que conceda o aprazamento ou fraccionamento conterá, entre outras, as seguintes indicacións:

1) Apelidos e nome ou razón social do debedor, e o seu Número de Identificación Fiscal (NIF).

2) Identificación das débedas obxecto do aprazamento ou fraccionamento.

3) Código Internacional de Identificación Bancaria (IBAN) da conta de domiciliación dos vencementos e os apelidos e nome ou razón social e Número de Identificación Fiscal (NIF) do seu titular.

4) Calendario de vencementos.

5) Antecedentes e normativa que serven como fundamento da decisión adoptada.

6) Cando se concedan aprazamentos ou fraccionamentos en condicións distintas ás solicitadas polo debedor, os motivos para facelo así.

7) Que o cálculo dos xuros realizouse segundo os tipos vixentes á data da proposta de resolución, sen prexuízo do novo cálculo que proceda na última fracción, en función das modificacións que poidan introducir as leis de orzamentos xerais do estado.

8) Que o debedor dispón dun prazo improrrogable de quince (15) días hábiles, contados dende o seguinte ao de recepción da notificación, para regularizar o pago dos vencementos que estean caducados á data de notificación, para o que as oficinas tributarias de asistencia ao contribuínte facilitaranlle a información que precise.

9) As demais condicións que se estimen oportunas para asegurar o pago efectivo no prazo máis breve posible e para garantir a preferencia da débeda aprazada ou fraccionada, así como o correcto cumprimento das obrigas do debedor.

10) Consecuencias do incumprimento das obrigas do debedor, tanto as referidas ao pago dos vencementos como das demais que establece este Regulamento.

11) Cando se deba constituír garantía, prazo para acreditar a súa constitución e consecuencias de non facelo.

12) No caso de debedores en concurso de acredores, advertencia de que se o concurso remata en liquidación, as débedas post-concursais pasarán a considerarse débedas contra a masa, polo que o aprazamento ou

fraccionamento concedido será cancelado automaticamente sen necesidade de comunicación ao debedor.

13) Cando se conceda dispensa total ou parcial de garantía, a resolución incluirá ademais a advertencia de que o debedor quedará obrigado a comunicar á Deputación Provincial da Coruña calquera variación económica ou patrimonial que lle permita achegar garantía, e de que calquera acto que implique a distribución de beneficios requirirá previamente a comunicación á Deputación Provincial da Coruña e a constitución de garantía.

2. A resolución denegatoria motivarase adecuadamente segundo as circunstancias de cada caso, e conterá necesariamente as seguintes indicacións e advertencias:

1) Respecto das débedas no período voluntario, a obriga de pagalas no prazo establecido no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria, que se iniciará coa notificación da resolución, e as consecuencias do incumprimento da obriga anterior ou da presentación dunha nova solicitude de aprazamento ou fraccionamento destas débedas no dito prazo de pago.

2) Respecto das débedas no período executivo, a inmediata iniciación ou continuación do procedemento de prema.

3) Que se liquidarán os xuros de mora que procedan conforme co que se establece neste Regulamento.

3. A resolución que resolva a non admisión da solicitude indicará os antecedentes e a normativa que serven como base da decisión adoptada, os motivos e as consecuencias.

4. A resolución indicará, en todo caso, os recursos que poden interporse contra ela, os prazos establecidos para facelo e os órganos aos que deben dirixirse.

Artigo 23.- Notificación.

1. Con carácter xeral, e agás que se indique expresamente outra cousa na solicitude, a notificación da resolución irá dirixida ao debedor ao domicilio sinalado nela ou, no seu defecto, ao seu domicilio fiscal.

A notificación deberá efectuarse no prazo máximo de seis (6) meses dende a presentación da solicitude. Transcorrido o dito prazo sen que se notifique a resolución, o debedor poderá entender denegada a solicitude aos efectos de interpor o correspondente recurso de reposición.

2. A notificación da proposta de resolución nos casos de xestión presencial terá os mesmos efectos que a notificación da resolución, agás que se dite e notifique posteriormente unha resolución con contido distinto.

CAPÍTULO 5º. OUTRAS FORMAS DE TERMINACIÓN.

Artigo 24.- Non admisión.

Producirase a non admisión da solicitude nos seguintes supostos:

a) Cando sexa reiterativa doutra anterior denegada ou non admitida e non

conteña modificación substancial respecto dela, en particular cando se considere que a reiteración ten por finalidade dilatar, dificultar ou impedir o desenvolvemento normal da xestión recadatoria.

Entenderase que se persegue finalidade dilatoria, entre outros supostos, cando a nova solicitude se presente sen acompañar toda a documentación obrigatoria necesaria que fora debidamente requirida e non achegada ao tramitar a solicitude anterior.

b) Cando se presente despois de terse producida a notificación do acordo de execución de bens embargados.

c) Cando inclúa débedas que non poidan ser obxecto de aprazamento ou fraccionamento segundo se establece neste Regulamento. A non admisión producirase respecto das ditas débedas, continuándose a tramitación polas restantes, se as houbese.

d) Cando o debedor concursado non xustifique o pago das débedas cualificadas como concursais privilexiadas ou contra a masa, unha vez requirido para facelo.

A non admisión da solicitude determinará que a mesma se teña por non presentada a todos os efectos.

Advertida a existencia dunha causa de non admisión, a unidade instrutora do expediente levantará de inmediato a suspensión das débedas afectadas por dita causa.

A resolución de non admisión notificarase ao debedor, advertíndolle das súas consecuencias e da posibilidade de interpor recurso de reposición contra a mesma.

Artigo 25.- Desistencia.

O debedor poderá desistir do aprazamento ou fraccionamento en calquera momento efectuando o pago da totalidade das débedas incluídas nel. Se non se emitiu resolución, procederase ao arquivo da solicitude sen necesidade de comunicación ao debedor. Se xa se emitiu resolución, considerarase un pago anticipado.

A desistencia sen pago será posible unicamente antes da notificación da resolución. Suporá o arquivo da solicitude, que se considerará non presentada. Non será necesaria a comunicación ao debedor.

Liquidaranse os xuros que procedan en cada suposto, conforme co establecido neste Regulamento.

Artigo 26.- Arquivo.

1. O arquivo da solicitude nos supostos contemplados neste Regulamento terá as consecuencias seguintes:

1) O levantamento da suspensión das débedas.

2) A continuación do procedemento recadatorio.

3) A solicitude considerarase non presentada.

2. Agás nos supostos nos que se establece expresamente o contrario neste Regulamento, o arquivo será comunicado ao debedor para os únicos efectos

informativos, sen que poida ser obxecto de recurso.

CAPÍTULO 6º. RECONSIDERACIÓN

Artigo 27.- Modificación das condicións acordadas.

1. Se unha vez concedido un aprazamento ou fraccionamento o debedor solicitase unha modificación das súas condicións, a dita solicitude non suspenderá a execución do aprazamento ou fraccionamento xa concedido.

2. Se a modificación é concordante co establecido neste Regulamento, procederase á anulación do aprazamento ou fraccionamento inicialmente concedido e á tramitación dun novo expediente, mantendo os efectos da suspensión realizada como consecuencia da primeira solicitude.

No entanto, cando a modificación consista na ampliación da débeda obxecto de aprazamento ou fraccionamento tramitarase un novo expediente pola débeda ampliada, sen anular o expediente inicial.

3. A modificación terá efectos dende a data de notificación da nova resolución e estará condicionada, no seu caso, á achega ou actualización da garantía.

4. Calquera modificación das condicións do aprazamento ou fraccionamento deberá ter en conta que, consideradas en conxunto as condicións do aprazamento ou fraccionamento inicialmente concedido e as do novo, non poderán superar as limitacións establecidas neste Regulamento respecto do número total de fraccións ou do tempo máximo de aprazamento ou fraccionamento.

5. A solicitude de modificación da conta de cargo deberá materializarse nun documento axustado ao modelo oficial de autorización de cargo na conta aprobado ao efecto, e cos mesmos requisitos. Deberá presentarse cunha antelación mínima de cinco (5) días respecto da data de vencemento na que se pretenda que comece a ter efectos. Non será preciso ditar resolución de aceptación desta modificación.

Artigo 28.- Solicitude relacionada con outra denegada, non admitida ou incumprida.

1. Calquera escrito do debedor no que manifeste a súa desconformidade coa resolución adoptada ou coa cancelación do aprazamento ou fraccionamento cualificarase como recurso de reposición.

Cando no mesmo escrito o debedor propoña unha modificación substancial das condicións propostas na solicitude anterior, considerarase que presenta unha solicitude de aprazamento ou fraccionamento con carácter subsidiario á interposición do recurso, e actuarase segundo se establece neste Regulamento para ese suposto.

2. A solicitude que comprenda débedas incluídas nunha solicitude denegada ou non admitida por un motivo distinto ao incumprimento das obrigas do debedor tramitarase unicamente se desapareceron as causas polas que se produciu a denegación ou non admisión. Se aínda persisten, a solicitude non será admitida, por reiterativa.

3. O prazo de pago aberto pola notificación dunha resolución denegatoria de aprazamento ou fraccionamento de débedas no período voluntario terá efectos

exclusivamente para o dito pago. Se o debedor solicitase de novo nese prazo o aprazamento ou fraccionamento desas débedas, a solicitude considerarase presentada no período executivo agás que non estivese aínda rematado o período voluntario orixinal das ditas débedas.

CAPÍTULO 7º. LIQUIDACIÓN DOS XUROS DE MORA.

Artigo 29.- Criterio xeral.
A liquidación e esixencia dos xuros de mora nos aprazamentos e fraccionamentos levarase a cabo segundo o establecido no Regulamento xeral de recadación, coas especialidades que se regulan nos artigos seguintes.

Artigo 30.- Liquidación e períodos de cálculo.
1. Nas desistencias, nas cancelacións e nos pagos parciais a conta, os xuros de mora liquidaranse polos seguintes períodos:

1) Respecto das débedas cuxo período voluntario non estivese rematado á data da desistencia ou pago, non se liquidarán.
2) Respecto das débedas que estiveran no período voluntario na data da solicitude pero xa tivera rematado o dito período na data da desistencia ou pago, ou coa recarga do período executivo do cinco por cento (5%) ou do dez por cento (10%), calcularanse dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data da desistencia, da cancelación ou do pago.

Notificaranse ao debedor para o seu pago nos prazos sinalados no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria. No entanto, cando sexa factible poderanse incluír os xuros no importe a pagar que se calcule.

3) Respecto das débedas con recarga do período executivo do vinte por cento (20%), liquidaranse e esixiranse no procedemento recadatorio ordinario, simultaneamente coas débedas que os orixinaron.

2. Nas denegacións, os xuros de mora liquidaranse polos seguintes períodos:

1) Respecto das débedas cuxo período voluntario non estivese rematado á data de notificación da resolución de denegación, non se esixirán.
2) Respecto das débedas que estiveran no período voluntario na data da solicitude pero xa tivera rematado o dito período na data de notificación da resolución de denegación, ou coa recarga do período executivo do cinco por cento (5%) ou do dez por cento (10%):
    a. Se o pago se realiza no prazo concedido na resolución, calcularanse dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data do pago.
    b. Se non se realiza o pago no prazo concedido na

resolución de denegación, calcularanse dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data na que remate o dito prazo.

Notificaranse ao debedor para o seu pago nos prazos sinalados no artigo 62.2 da Lei xeral tributaria.

3) Respecto das débedas coa recarga do período executivo do vinte por cento (20%), liquidaranse e esixiranse no procedemento recadatorio ordinario, simultaneamente coas débedas que os orixinaron.

3. Cando o debedor manifeste a súa intención de aboar anticipadamente o importe pendente do aprazamento ou fraccionamento concedido, facilitaráselle unha carta de pago de validez limitada que incluirá o dito importe e os xuros de mora, que se calcularán dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario de cada débeda ata a data de emisión da carta de pago.

4. Pola Presidencia da Deputación poderanse establecer límites mínimos de importes para liquidar e esixir os xuros de mora regulados neste artigo.

Artigo 31.- Tipo de xuro.

1. No caso de débedas tributarias, o tipo de xuro será o previsto no artigo 26.6 da Lei xeral tributaria.

Para as débedas non tributarias, o tipo de xuro será o previsto no artigo 17 da Lei 47/2003, xeral orzamentaria.

2. Cando algún vencemento coincida nun período para o que aínda non estea fixado o tipo oficial de xuro, aplicaráselle o último tipo fixado. Unha vez vixente o tipo oficial que corresponda a ese período, calcularanse de novo automaticamente os xuros de mora no último vencemento, se aínda non se produciu.

CAPÍTULO 8º. A GARANTÍA.

Artigo 32.- Regras xerais.

1. Cando se deba constituír garantía, consistirá preferentemente en aval solidario emitido por entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, ou en certificado de seguro de caución. Cando se xustifique a imposibilidade de achegar este tipo de garantía, poderá substituírse por hipoteca, prenda, fianza persoal ou algunha outra que se considere idónea e suficiente.

2. A garantía deberá cubrir:

a) Respecto das débedas no período voluntario, o seu principal, os xuros de mora xerados no aprazamento ou fraccionamento e un vinte e cinco por cento (25%) da suma das dúas partidas.

b) Respecto das débedas no período executivo, o seu principal, as recargas do período executivo, os xuros de mora xerados no aprazamento ou fraccionamento e un cinco por cento (5%) da suma das tres partidas.

3. A garantía deberá formalizarse conforme á súa natureza xurídica e co alcance, forma e contido que resulte das normas de dereito civil, mercantil ou administrativo, segundo proceda.

Cando os bens ou dereitos ofrecidos como garantía estean inscritos nun rexistro público, os documentos de formalización e de aceptación da garantía inscribiranse tamén no dito rexistro.

Cando a garantía consista en hipoteca ou prenda, deberá ser formalizada en documento público e inscrita unilateralmente polo debedor.

A garantía consistente en fianza persoal deberá ser formalizada necesariamente nun documento público.

Os gastos derivados da formalización e inscrición da garantía, da súa aceptación e da súa liberación correrán en todo caso por conta do debedor.

4. No suposto de concesión de dispensa parcial de garantía, a que se constitúa quedará afecta ao pago da totalidade das débedas do aprazamento ou fraccionamento.

5. A garantía terá vixencia ata que a Deputación Provincial da Coruña acorde a súa cancelación.

Artigo 33.- Informe de admisibilidade, suficiencia e idoneidade.

Cando se ofreza garantía, a Vicetesourería comprobará:

1) A súa admisibilidade e suficiencia xurídica e económica.
2) A súa idoneidade dende a perspectiva da súa execución e da capacidade para asegurar o cobro das débedas que debe garantir.

O resultado desta comprobación plasmarase no correspondente informe, coas seguintes consecuencias:

a) Se é positivo, continuarase coa tramitación do expediente.
b) Se é negativo por considerala non admisible ou non idónea, formularase proposta de denegación da solicitude de aprazamento ou fraccionamento.
c) Se é negativo por considerala insuficiente xurídica ou economicamente, requirirase ao debedor para que corrixa a insuficiencia, coa advertencia de que se non o fai no prazo de contestación ao requirimento proporase a denegación da solicitude de aprazamento ou fraccionamento.

   Se o debedor atende o requirimento, a Vicetesourería emitirá novo informe. No caso de que este volvese a ser negativo, formularase proposta de denegación da solicitude. Se fose positivo, continuarase a tramitación do expediente.

Artigo 34.- Emenda de defectos da garantía.

1. No caso de ofrecemento de garantía distinta ao aval ou certificado de seguro, se a imposibilidade de obtención destes non estivese suficientemente xustificada requirirase ao debedor para que o faga, coa advertencia de que se non atende debidamente o requirimento proporase a denegación da solicitude.

2. Cando, deducidas as cargas, a valoración do ben ou dereito ofrecido resultase

insuficiente para garantir o aprazamento ou fraccionamento, requirirase ao debedor para que achegue garantía complementaria ou acredite a imposibilidade de achegala, nos mesmos termos e cos mesmos efectos previstos para os casos de dispensa de garantías.

3. Se como consecuencia de anulacións, compensacións ou pagos realizados antes da formulación da proposta de resolución o importe das débedas obxecto de aprazamento ou fraccionamento pasase a ser inferior ao límite establecido neste Regulamento para a esixencia de garantía, continuarase a tramitación do expediente sen a dita esixencia.

Artigo 35.- Garantías non admisibles.

1. Polas súas características intrínsecas ou as limitadas posibilidades da súa execución, certos tipos de bens e dereitos non reúnen, en principio, as condicións mínimas de idoneidade e suficiencia xurídica ou económica para poder ser admitidos como garantía dos aprazamentos ou fraccionamentos.

O informe da Vicetesourería neses casos deberá ser negativo con carácter xeral. No entanto, poderá excepcionalmente admitilos como garantía cando considere que reúnen as condicións mínimas indicadas.

En calquera caso, o informe deberá estar debidamente motivado con referencia ás concretas circunstancias do expediente.

2. Os bens e dereitos que, en principio, non se admitirán como garantía dos aprazamentos ou fraccionamentos son os seguintes:

a) Bens e dereitos con cargas previas.

b) Bens inmobles rústicos, agás que na valoración achegada, tendo en conta especialmente a análise de mercado, a localización e o valor de execución, poida considerarse garantida suficientemente a débeda.

c) Vehículos e transportes non comerciais, agás que teñan un valor actualizado no mercado de segunda man que asegure un importe mínimo executable do trescentos por cento (300%) do importe a garantir.

d) Instalacións e montaxes fixas que se atopen indisolublemente unidas a naves ou centros de explotación ou traballo.

e) Maquinaria específica, agás que sexa de alto valor, non deseñada a medida e exista un mercado de segunda man cunha demanda solvente e áxil que facilite a súa execución.

f) Existencias e materias primas, así como produtos en curso, exceptuando xoias e materias preciosas que sexan suficientemente individualizables.

g) Bens mobles dotados dun alto grao de obsolescencia física ou técnica, tales como aparellos electrónicos e tecnolóxicos, bens de uso continuo, etc.

h) Prendas sobre valores ou accións de entidades para os que non exista un mercado de negociación secundario oficial que asegure de maneira rápida e efectiva a súa execución.

i) Obras de arte, agás que se achegue informe de valoración emitido por empresa de recoñecida solvencia no sector detallando a concorrencia dun mercado no que poder executalas.

j) Bens incluídos no patrimonio histórico ou cultural do Estado ou as comunidades autónomas ou bens inscritos no Rexistro de Bens de Interese Cultural (BIC), agás que conten con permiso de venda emitido polo organismo competente e se achegue informe de valoración emitido por empresa de recoñecida solvencia no sector detallando a concorrencia dun mercado no que poder executalos.

k) Participacións inferiores ao sesenta e cinco por cento (65%) en comunidades pro indiviso do pleno dominio de calquera elemento patrimonial.

l) Dereito de aproveitamento por quenda de inmobles.

m) Dereitos reais limitados. No caso de ofrecerse tamén os bens sobre os que pesan tales limitacións, valoraranse detidamente as posibilidades de execución. No caso de dereitos de superficie, para consideralos admisibles como garantía deberán estar valorados en mais do douscentos por cento (200%) do importe a garantir.

4. Tampouco se admitirá como garantía, con carácter xeral, a anotación de embargo practicada no procedemento de prema sobre bens ou dereitos do debedor. No seu lugar esixirase a constitución de hipoteca ou prenda sobre os ditos bens ou dereitos ou sobre outros que reúnan as condicións necesarias. No entanto, poderase admitir excepcionalmente cando concorran as seguintes circunstancias:

1) Que o valor dos bens ou dereitos cubra suficientemente o importe a garantir.

2) Que a constitución de garantía resulte excesivamente custosa, debendo o propio debedor achegar a proba diso.

3) Que consten anotadas no rexistro público correspondente, con posterioridade á data da anotación do embargo, outras cargas sobre o dito ben ou dereito.

Artigo 36- Prazo de formalización.

A garantía deberá formalizarse e, no seu caso, inscribirse no correspondente rexistro público, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte á data de notificación da resolución de concesión do aprazamento ou fraccionamento, cuxa eficacia estará condicionada á formalización da garantía.

Excepcionalmente, o dito prazo poderá ser prorrogado como máximo por un (1) mes máis previa solicitude xustificada do debedor. A prórroga acordarase mediante resolución da Presidencia.

Artigo 37.- Documento de formalización.

Como condición de suficiencia xurídica, o contido mínimo do documento no que se formalice a garantía será o seguinte:

1) Nome e apelidos, ou razón social, e NIF das persoas que interveñen no acto como debedor e como garante ou do seu representante, se é o caso.

2) Relación individualizada das débedas cuxo pago se garante, e calendario de vencementos. Esta información poderá ser substituída pola indicación do número e data da resolución de concesión e do número de expediente de aprazamento ou fraccionamento.

3) Importes totais garantidos en concepto de principal, recarga do período executivo e xuros de mora, segundo proceda.

4) Declaración de que a condición de acredor ou beneficiario recae na Deputación Provincial da Coruña, a cuxo favor se constitúe a garantía.

5) Cando proceda, relación de bens e dereitos que se afectan ao pago das débedas aprazadas ou fraccionadas, incorporando no seu caso a información que conste no rexistro público correspondente.

6) Declaración de que os gastos que comporte a formalización, aceptación e inscrición da garantía correrán a cargo do debedor.

7) Declaración de que o garante renuncia expresamente a calquera beneficio, e especificamente aos de orde, división e excusión de bens do debedor, e responderá integramente polos importes garantidos, con independencia de que, por calquera causa, a débeda garantida quede vinculada a convenio que puidera celebrarse no caso de concurso do debedor.

8) Declaración de que non se lle poderá opor ao acredor ningunha excepción derivada da relación do garante co debedor, nin sequera a falta de pago da prima ou cota, no seu caso.

9) Declaración de que o garante comprométese a facer efectiva a garantía, cando sexa requirido para iso, no prazo do artigo 62.5 da Lei Xeral Tributaria e de que no caso de que sexa necesaria a execución da garantía seguirase o procedemento de prema.

10) Declaración de que a garantía terá vixencia ata que a Deputación Provincial da Coruña acorde expresamente a súa cancelación.

11) Referencia á normativa hipotecaria aplicable, cando a garantía sexa inscritible nun rexistro público.

12) Referencia á normativa aplicable sobre o contrato de seguro, cando proceda.

Artigo 38.- Consecuencias da falta de formalización.

Rematado o prazo previsto sen que se teña formalizada a garantía, quedará cancelado o aprazamento ou fraccionamento aínda que o debedor estivese cumprindo coas obrigas de pago dos vencementos.

A cancelación, que non será necesario que se comunique ao debedor, terá as consecuencias previstas neste Regulamento para o suposto de incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos.

Artigo 39.- Aceptación.

Formalizada a garantía e acreditado o cumprimento das condicións formais e materiais requiridas para a súa plena eficacia, elaborarase a proposta de aceptación.

A aceptación da garantía efectuarase mediante resolución da Presidencia que será

notificada ao debedor.

Se a garantía foi inscrita nun rexistro público, o debedor deberá inscribir tamén a súa aceptación e achegar a acreditación de telo feito, para o que disporá do prazo dun (1) mes dende o día seguinte á recepción da notificación da resolución de aceptación.

Artigo 40.- Liberación.

A garantía será liberada de oficio, unha vez comprobado o pago ou extinción total das débedas garantidas incluídos, no seu caso, a recarga do período executivo, os xuros de mora e os custos do procedemento.

A liberación e devolución da garantía ordenarase por resolución da Presidencia.

Artigo 41.- Execución.

Chegado o caso, a execución da garantía efectuarase polo procedemento de prema, nos termos previstos ao respecto na Lei xeral tributaria. O importe líquido obtido aplicarase ao pago das débedas pendentes, incluídos os custos do procedemento, as recargas do período executivo e os xuros de mora. A parte sobrante, se houbese, será posta ao dispor do garante ou de quen corresponda legalmente.

Nos supostos de dispensa parcial ou de insuficiencia sobrevinda da garantía, poderase continuar o procedemento de prema sen necesidade de agardar á execución da garantía. No suposto de insuficiencia sobrevinda deberá quedar motivada no expediente a continuación do procedemento de prema.

CAPÍTULO 9º. EXECUCIÓN DO APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO.

Artigo 42.- Pago.

Mensualmente enviaranse ás entidades bancarias as correspondentes ordes de cargo de conformidade co calendario de vencementos aprobado.

As entidades cargarán os importes das ordes nas contas sinaladas en cada caso polos debedores e os ingresarán na conta restrinxida sinalada ao efecto, remitindo aos seus clientes os xustificantes da operación realizada.

Os titulares das contas serán responsables da existencia nelas de efectivo suficiente para cubrir os correspondentes importes no momento de realizarse os cargos.

Artigo 43.- Consecuencias da falta de pago dos vencementos.

A falta de pago dalgún dos vencementos acordados terá as consecuencias seguintes:

1. Se o vencemento non pagado corresponde a débedas no período voluntario e non se trata do último ou único vencemento, iniciarase o período executivo respecto do dito vencemento e formularase requirimento de pago polos seguintes conceptos:

    1) Importe do vencemento non pagado, incluídos os xuros de mora.

    2) Recarga executiva do cinco por cento (5%), calculada sobre o importe do vencemento non pagado.

O ingreso deberá realizarse no prazo sinalado no artigo 62.5 da Lei xeral tributaria.

De non realizarse o ingreso nese prazo, as consecuencias serán as seguintes:

1) Consideraranse vencidos os restantes vencementos pendentes e cancelarase o fraccionamento.

2) Iniciarase o procedemento de prema para a totalidade das débedas.

3) Procederase á execución da garantía, se a houbese.

4) Liquidaranse os xuros de mora xerados polas débedas pendentes, dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data de cargo do vencemento non pagado.

5) Cancelarase calquera outro aprazamento ou fraccionamento que o debedor tivese en execución, e ditarase resolución de non admisión dos que estivesen tramitándose.

6) O debedor non poderá obter un novo aprazamento ou fraccionamento ata que as débedas incluídas nos aprazamentos ou fraccionamentos cancelados deixen de figurar pendentes de pago.

2. Se o vencemento non pagado corresponde a débedas no período executivo ou se trata do último ou único vencemento:

1) Consideraranse vencidos os restantes vencementos pendentes e cancelarase o aprazamento ou fraccionamento.

2) Iniciarase ou continuarase o procedemento de prema para a totalidade das débedas.

3) Procederase á execución da garantía, se a houbese.

4) Liquidaranse os xuros de mora xerados polas débedas pendentes, dende o día seguinte ao de finalización do período voluntario ata a data de cargo do vencemento non pagado.

5) Cancelarase calquera outro aprazamento ou fraccionamento que o debedor tivese en execución, e denegaranse os que estivesen tramitándose.

6) O debedor non poderá obter un novo aprazamento ou fraccionamento ata que as débedas incluídas nos aprazamentos ou fraccionamentos cancelados deixen de figurar pendentes de pago.

Artigo 44.- Incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos.

O incumprimento de obrigas distintas do pago dos vencementos acordados, establecidas neste Regulamento ou na resolución de concesión, terá as seguintes consecuencias:

1) A denegación do aprazamento ou fraccionamento, se estaba en trámite.

2) A cancelación do aprazamento ou fraccionamento, se xa estaba concedido.

3) O levantamento da suspensión das débedas.

4) A continuación do procedemento recadatorio e a execución das garantías, se as houbese.

5) A liquidación e esixencia dos xuros de mora que procedan.

6) A cancelación de calquera outro aprazamento ou fraccionamento que o debedor tivese en execución, e a denegación dos que estivesen tramitándose.

7) A imposibilidade de obter un novo aprazamento ou fraccionamento ata que as débedas incluídas nos aprazamentos ou fraccionamentos cancelados deixen de figurar pendentes de pago.

CAPÍTULO 10º. DÉBEDAS DE PERSOAS EN SITUACIÓN CONCURSAL.

Artigo 45.- Solicitudes en situación preconcursal.

Se o debedor acredita a comunicación ao xulgado do inicio de negociacións para alcanzar un acordo preconcursal de refinanciamento, poderá solicitar aprazamento ou fraccionamento das súas débedas, que se tramitará coas seguintes particularidades:

1) Poderá solicitarse o aprazamento ou fraccionamento das débedas pendentes á data na que se produciu a dita comunicación ao xulgado.

2) A referencia temporal do aprazamento ou fraccionamento poderá axustarse aos termos do acordo de refinanciamento e superar os prazos máximos fixados con carácter xeral, pero sen exceder dos corenta e oito (48) meses dende a data da comunicación ao xulgado.

3) Poderá solicitarse a reconsideración dos aprazamentos ou fraccionamentos anteriores en trámite ou concedidos, para axustalos segundo o disposto no apartado anterior.

4) No caso de que se declarase o concurso do debedor, arquivaranse as solicitudes en trámite e cancelaranse os aprazamentos ou fraccionamentos concedidos, por perda sobrevinda do obxecto dos mesmos.

Artigo 46.- Tramitación.

1. Ao estar sometidas ao que resulte do proceso concursal, o aprazamento ou fraccionamento das débedas concursais non será admitido, por manifesta falta de obxecto da solicitude.

2. O aprazamento ou fraccionamento das débedas contra a masa non será admitido por prohibilo expresamente o artigo 65.2 da Lei Xeral Tributaria.

3. As débedas post-concursais, entendidas como tales as orixinadas con posterioridade á aprobación do convenio, poderán ser aprazadas ou fraccionadas. Na tramitación da solicitude teranse en conta as seguintes particularidades:

1) O debedor deberá estar cumprindo no seu tempo e forma as obrigas de pago recollidas no convenio acordado. Especialmente, deberá ter satisfeito previamente o pago das débedas contra a masa e das débedas concursais privilexiadas, agás que teña acadado acordo singular coa Deputación Provincial da Coruña. De non ser así, o aprazamento ou fraccionamento non será admitido e proporase ao órgano competente que inste á autoridade xudicial a

declaración do incumprimento do convenio.

2) O convenio aprobado en vigor e cumpríndose no seu tempo e forma considerarase xustificación suficiente da existencia das dificultades económico-financeiras transitorias.

3) No caso de que o concurso remate con liquidación, as débedas post-concursais pasarán a ter a cualificación de débedas contra a masa, e os aprazamentos ou fraccionamentos concedidos sobre elas serán cancelados inmediatamente, sen necesidade de comunicación ao debedor. Na resolución de concesión do aprazamento ou fraccionamento a debedores concursados incluirase unha cláusula advertindo desta posibilidade.

Artigo 47.- Solicitudes anteriores á declaración de concurso.

As solicitudes presentadas con anterioridade á declaración de concurso nas que aínda non se ditase resolución serán arquivadas en canto se teña coñecemento del, por perda sobrevinda do obxecto do procedemento, segundo dispón o artigo 103.2 da Lei Xeral Tributaria.

Cando o aprazamento ou fraccionamento estivera xa concedido á data de declaración do concurso será cancelado inmediatamente.

O arquivo ou cancelación comunicarase ao debedor para os únicos efectos do seu coñecemento.

CAPÍTULO 11º. DESENVOLVEMENTO E ENTRADA EN VIGOR.

Artigo 48.- Desenvolvemento.

Facúltase á Presidencia para ditar resolucións con instrucións de desenvolvemento das normas contidas neste Regulamento e, particularmente, para aprobar os modelos oficiais de documentos que se mencionan nel.

Unha vez aprobadas, as ditas resolucións serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia e no sitio web da Deputación Provincial da Coruña, para xeral coñecemento.

Artigo 49.- Entrada en vigor.

O presente Regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia unha vez producida a súa aprobación definitiva, e aplicarase tanto ás novas solicitudes que se reciban con posterioridade como a aquelas presentadas con anterioridade respecto das que non se formulara aínda a proposta de resolución e a aquelas que deban volver a tramitarse con posterioridade á entrada en vigor deste Regulamento.

Artigo 50.- Disposición derrogadora.

A entrada en vigor deste Regulamento suporá que queden derrogados e sen efecto todos os preceptos que regulen esta mesma materia, contidos en calquera norma anterior de igual ou inferior rango no ámbito da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Expor ao público este acordo durante o prazo de trinta (30) días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas. O anuncio de exposición ao público publicarase no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Se transcorrido o prazo de exposición ao público non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, o acordo entenderase elevado a definitivo.

25.- Dación de conta da resolución de presidencia número 46963/2021 pola que se nomea e cesa persoal eventual.

Dáse conta da resolución de presidencia número 46963/2021 pola que se nomea persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento e se dispón o seu cesamento no posto que viña desempeñando anteriormente.

26.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración coa Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, para o cofinanciamento do Proxecto "Voz Natura 2021"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Marea Atlántica).

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención de Marea Atlántica, acorda:

"1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa **Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre**, NIF G15620651, para regular unha achega de **72.000 €** para cofinanciar o Proxecto **"Voz Natura 2021"**, cun orzamento subvencionado de 144.369,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 49,8722 %.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220210000514, da aplicación orzamentaria 0520/17221/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2022 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 30 de xuño de 2022.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LATORRE, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO "VOZ NATURA 2021"

Na Coruña, a …. de ……..……. de 2021

REUNIDOS

Dunha parte, ……..., en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte, ……..., como representante da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre.

Os comparecientes interveñen en uso das atribucións que, por razón dos seus cargos, teñen conferidas, e

M A N I F E S T A N

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre foi constituída o 7 de novembro de 1997, e re- fundada en 2001, para dar continuidade á propiedade e á liña editorial de La Voz de Galicia e do seu grupo de empresas de comunicación.

Según recollen os seus estatutos, ten entre os seus obxectivos "fomentar o coñecemento e difusión da cultura, especialmente a través dos medios de comunicación en calquera dos seus soportes, e contribuír ao estudo, investigación, defensa e creación de medios de comunicación en Galicia e promoción e desenvolvemento de actividades a favor da conservación e coidado do medio ambiente e o fomento da investigación científica e técnica".

As actividades da Fundación se encamiñan á posta en marcha de programas educativos e formativos relacionados coa comunicación. Ese labor se realiza nos diversos niveis do ensino, incluída a formación de calidade para profesionais dos medios e da educación, e se concreta en iniciativas diversas que van desde a organización de foros e conferencias á edición de publicacións especializadas.

Unha das actividades que destaca entre os seus cometidos é a execución do proxecto "VOZ NATURA", que é un programa de educación medioambiental posto

en marcha pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre no curso 1997/1998, co obxectivo de implicar á comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza da nosa Comunidade, e co que a Deputación da Coruña ven colaborando dende hai anos.

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a "Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre" (G15620651), para o cofinanciamento do proxecto "Voz Natura 2021".

Aínda que o proxecto "Voz Natura" se desenvolve en toda a Comunidade Autónoma de Galicia coincidindo coa duración de cada curso escolar, a achega provincial está referida ás actividades que se desenvolven na Provincia da Coruña durante o presente ano 2021, dende o 1 de xaneiro ate o 31 de decembro, polo que abrangue parte das actividades xa realizadas durante o curso escolar 2020-2021 e parte das que se realicen no curso escolar 2021-2022**.**

II. ORZAMENTO DE GASTOS

O orzamento subvencionado de gastos das actividades do proxecto correspondentes á Provincia da Coruña ascende a 144.369,00 €, e ten o seguinte desglose:

CONCEPTO	IMPORTE
Financiamento de actividades dos proxectos dos colexios	58.000,00 €
Mensaxería e promoción e gastos administrativos	8.826,00 €
Premios colexios e actos Voz Natura	7.565,00 €
Asistencia técnico-ambiental e informativa aos proxectos	20.174,00 €
Gastos de desprazamento a proxectos dos colexios	3.362,00 €
Coordinación e seguimento do proxecto	41.399,00 €
Plan de comunicación proxecto Voz Natura	5.043,00 €
TOTAL	**144.369,00 €**

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. . A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento dos gastos de funcionamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 72.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 49,8722 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 49,8722%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento das actividades, está financiada con cargo a recursos da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, sexan propios ou alleos, para o que a entidade beneficiaria acredita ter consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. . Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. . O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/481, na que a Intervención Provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. . A subvención da Deputación é compatíble coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. . No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audivisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega provincial seralle aboada á entidade beneficiaria despois da presentación da seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no art. 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente da entidade beneficiaria.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais, segundo o previsto na cláusula VIII.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula I, deberán estar realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula VI antes da finalización do prazo de vixencia indicado na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

4. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

5.O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contabeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar alomenos cun rexistro

cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escolleita pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se fora o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o incumplimiento también poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte de aplicación.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte de aplicación.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do

Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación**.**

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do 2021, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do 2022.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación antes do día 30 de xuño do 2022, poderá solicitar a prórroga do prazo inicial de xustificación cunha antelación dun mes a esta data, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2022. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á cuantía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar el convenio variando sustancialmente el obxecto da subvenvión concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria,

respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data .. de ……. de 2021

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento**.**

O REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O REPRESENTANTE DA FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNANDEZ LA-TORRE
D. ……..	D. ……."

27.- Aprobación da formalización dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Cámara Ofical de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela, para financiar o proxecto "Coworking dixital CCompostela", no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa "CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA", CIF Q- 1573004G, para regular a achega de 37.789,50€ para cofinanciar o proxecto "COWORKING DIXITAL CCOMPOSTELA", cun orzamento subvencionado de 188.947,52€, o que supón un coeficiente de financiamento do 20%.

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220210052376, da Partida 0520/24100/481, do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 31 de marzo de 2024

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA FINANCIAR O PROXECTO "COWORKING DIXITAL CCOMPOSTELA", NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL), ANUALIDADE 2021.

Na Coruña, a ……..

REUNIDOS

Dunha parte,_____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Doutra parte, _____, en representación da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela (en adiante Cámara de Comercio de Santiago), consideran de grande interese para a provincia, apoiar a dixitalización das pemes, micropemes e emprendedores como medio para reforzar a súa produtividade, mellorar o seu crecemento e a súa internacionalización, así como contribuír á creación de emprego de calidade no ámbito provincial.

Que o obxecto desta colaboración é o desenvolvemento do proxecto "Coworking Dixital CCompostela", dado os intereses coincidentes en potenciar a innovación e a competitividade empresarial, impulsando o proceso de dixitalización do tecido produtivo e mellorando as perspectivas de emprego na provincia.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Cámara de Comercio de Santiago, no marco dos seus fins e competencias,

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Cámara de Comercio de Santiago, CIF Q1573004G, para o financiamento do proxecto "Coworking Dixital CCompostela", cuxo obxectivo consiste na creación e posta en marcha dun espazo de incubación/aceleración para mellorar a competitividade e incrementar a produtividade das empresas a través do fomento da transformación dixital dos emprendedores e pemes, ofrecendo instalacións, equipamento tecnolóxico e servizos avanzados para os incubados, que promovan a incorporación das TIC, a dixitalización, a innovación e a internacionalización no plan de negocio.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

O orzamento total do proxecto é de 300.000,00€, estando cofinanciado nun 80% polo FEDER, ao abeiro da convocatoria publicada pola Fundación INCYDE para o desenvolvemento do proxecto "Coworking/Hub dixitais" na Comunidade Autónoma de Galicia e que se enmarca dentro dun dos 8 eixos prioritarios apoiados polo P.O Plurirrexional de España FEDER 2014-2020, concretamente no eixo 3 "Mejorar la Competitividad de las PYMES", Obxectivo Temático 3 "Mejorar la competitividad de las pequeñas y medianas empresas" e a prioridade de inversión 3 "Fomento del espíritu empresarial, en particular, facilitando la explotación económica de nuevas ideas y promoviendo la creación de nuevas empresas, también mediante viveros".

A parte de gasto financiable pola Deputación no marco do presente convenio, son os gastos derviados da realización das seguintes actividades do proxecto e consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADE	IMPORTE
1. Gastos de imprenta, difusión e comunicación	22.500,00€
2. Aluguer de espazos e materiais para a realización das actividades	21.447,52€
3. Contratacións externas de servizos	142.000,00€
4. Gastos seguros/ transporte	3.000,00€
TOTAL	**188.947,52€**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **37.789,50€**, o que representa unha porcentaxe do 20% do custo dos gastos financiables. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 20% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/481. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á Cámara de Comercio de Santiago de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Cámara de Comercio de Santiago. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Cámara de Comercio de Santiago, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención.

2. A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter

científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

3. No caso de que a Cámara de Comercio de Santiago tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: emprego.dacoruna.gal

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da Cámara de Comercio de Santiago.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 54ª das de execución do Orzamento para o ano 2021, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:

a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente, polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logo de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

d) En todo caso a entidade beneficiaria deberá ter aberta unha conta bancaria co título “Fondo para atender a actividade Coworking Dixital CCompostela”. Con cargo á devandita conta deberán efectuarse todas as cobranzas e pagos que corresponden á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta citada deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista. Esta circunstancia deberá constar expresamente no oportuno convenio e o seu incumprimento será considerado

unha infracción simple e sancionada co importe que resulte de aplicación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Pola súa parte, no artigo 27 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias indícase:

"3. Cando a natureza da subvención así o xustifique e co fin de non xerar dificultades de liquidez ás persoas beneficiarias, poderán realizarse pagamentos anticipados de ata o 50 por 100 do importe da subvención concedida, debendo a persoa beneficiaria achegar previamente a garantía correspondente, nos termos establecidos regulamentariamente; non obstante, estarán exentas de presentar garantía as administracións públicas e as entidades ás que se lles subvencione a realización de proxectos de cooperación internacional. En todo caso, o custo da garantía poderá ser considerado gasto subvencionable".

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol da Cámara de Comercio de Santiago, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
2. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
3. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
4. A Cámara de Comercio de Santiago estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Cámara de Comercio de Santiago, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, non seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demáis xustificante de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
5. A entidade deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
6. A Cámara de Comercio de Santiago estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.
7. Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas ou subvencións para a mesma finalidade.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden **dende o 1 de novembro de 2021 e ata o 31 de decembro de 2023.**

2. Unha vez rematadas as actividades, a Cámara de Comercio de Santiago deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Cámara de Comercio de Santiago para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Cámara de Comercio de Santiago na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Cámara de Comercio de Santiago deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante

declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial serán determinadas por ésta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Cámara de Comercio de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Cámara de Comercio de Santiago poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Cámara de Comercio de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de

sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Cámara de Comercio de Santiago serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Cámara de Comercio de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración para os efectos de imputación dos gastos , abranguerá os devengados **dende o día 1 de novembro de 2021 e ata o 31 de decembro de 2023,** sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo de 2024**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a Cámara de Comercio de Santiago non poida, por motivos excepcionais, ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación **antes do 31 de marzo de 2024**, deberá solicitar alomenos un mes antes desta data a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá aprobar por resolución da presidencia a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2024**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Cámara de Comercio de Santiago perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da

unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e o presidente da Cámara de Comercio de Santiago, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación

Asdo:

O representante da Cámara de Comercio de Santiago

Asdo:"

28.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo co Concello de A Pobra para cofinanciar as actividades do proxecto "Coworking Pobra", dentro do Plan de Emprego Local

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos arts. 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello da Pobra, CIF P1506800J, para regular a achega de 24.811,60€ para cofinanciar o o proxecto "COWORKING POBRA", cun orzamento de 31.041,50€, o que supón un coeficiente de financiamento de 80% .

4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220210052915, da partida 0520/24100/46201 do vixente Orzamento Xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2021 tendo en conta que a vixencia do convenio esténdese ata o 31 de marzo de 2023**.**

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA POBRA PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO "DINAMIZACION DO ESPAZO COLABORATIVO COWORKING POBRA", DENTRO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte D. ……, en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. …….., con DNI núm…….., en representación da do Concello da Pobra.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello da Pobra do Caramiñal (en adiante Concello da Pobra) consideran de grande interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o autoemprego e apoiar novas iniciativas empresariais como base para o desenvolvemento socioeconómico, así como para a creación de emprego sostible, innovador e de calidade.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Concello da Pobra, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Pobra, CIF P1506800J, para o financiamento do Proxecto de "Dinamización do espazo colaborativo Coworking Pobra", que ten como finalidade o desenvolvemento económico local e comarcal a través do apoio e fomento de iniciativas empresariais no territorio, co consecuente efecto positivo sobre a cración de emprego e riqueza do tecido produtivo.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DAS ACTIVIDADES A REALIZAR

O Concello da Pobra levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	**IMPORTE (IVE incluído)**
ACCIÓNS ESPAZO COWORKING	**12.342,00€**
Xestión do espazo coworking	7.260,00€
Dinamización do espazo coworking	5.082,00€
CAMPUS DE EMPRENDEMENTO CON PERSPECTIVA DE XÉNERO	**5.772,00€**
Fase 1: Investigación, selección e captación	1.210,00€
Fase 2: Asesoramento personalizado ás empresas	1.815,00€
Fase 3.1: Sesións formativas	726,30€
Fase 3.2: Visitas a empresas	2.020,70€

PROMOCIÓN DO SECTOR PRIMARIO	**12.900,50€**
Fase 1.1: Mapeo social	1.815,00€
Fase 1.2: Accións formativas	1.900,00€
Fase 2: Plan formativo	5.400,00€
Fase 3.1: Campañas de difusión	1.815,00€
Fase 3.2: Outras accións de sensibilización	700,00€
Dietas	1.028,50€
Materiais	242,00€
Total custo proxecto	**31.014,50€**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 24.811,60 euros, o que representa unha porcentaxe do 80%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/24100/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal e como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello da Pobra de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do

gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello da Pobra o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o Concello da Pobra axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o Concello da Pobra tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A identidade corporativa do espazo de traballo deberá cumprir cos requisitos esixidos no "Protocolo común de actuación dos espazos de traballo integrados na Rede Provincial", mantendo a súa uniformidade. De xeito que tanto no logotipo do centro, como na súa páxina web e perfís de redes sociais, deberá figurar o logotipo da Rede Provincial de Espazos de Traballo xunto co nome do espazo.

2. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: emprego.dacoruna.gal

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas do Concello da Pobra.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade prevista no disposto na Base 54.7 das Bases de execución do orzamento para o ano 2021 e artigo 27.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación da Coruña ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello da Pobra, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do orzamento subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- O Concello da Pobra estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do Concello da Pobra, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando se é o caso as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable.Nesta relación figurará a identificación da persoa acredora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e o efectivamente pagado de ser o caso, os posibles descontos fiscais. Este documento terá o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Pobra na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello da Pobra terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, realizaranse entre o **1 de novembro de 2021 e o 1 de novembro de 2022.**

2. Unha vez rematadas as actividades, o Concello da Pobra deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA, no prazo máximo DUN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello da Pobra para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello da Pobra da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello da Pobra na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concelllo da Pobra terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello da Pobra deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial, a determinará esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello da Pobra destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello da Pobra poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que

foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello da Pobra queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Pobra serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Pobra será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o inicio das actividades, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo de 2023**.

2. Para o caso de que o Concello da Pobra non poida ter rematadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación antes do día **28 de febreiro de 2023**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder mediante resolución a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30 de novembro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello da Pobra perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e polo Concello da Pobra, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo de data___de _____de_____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación Provincial da Coruña Polo Concello da Pobra

Asdo. Asdo."

29.- Aprobación da modificación e prórroga do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para financiar o proxecto "Liña de axuda única, gastos correntes, do plan de mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal de Ferrol (PAME3), no marco do Plan de Emprego Local, PEL, anualidade 2021"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Aprobar a prórroga do convenio 12/2021, subscrito co concello de Ferrol para financiar o proxecto “Liña de axuda única, gastos correntes, do plan de mantemento e impulso da actividade económica no termo municipal de Ferrol (PAME3), no marco do Plan de Emprego Local, PEL, anualidade 2021” (Convenio 12/2021), ata os seguintes prazos:

- Prazo de execución das actividades do convenio ata o 30 de setembro de 2022
- Prazo de xustificación documental ata o 30 de novembro de 2022
- Prazo de vixencia do mesmo ata o 31 de decembro de 2022, sen que a aprobación desta prórroga supoña ningunha modificación nin das contías nin dos conceptos aprobados.

2º Modificar as cláusulas segunda, sétima e a decimoterceira, cuxa redacción literal quedaría establecida nos seguintes termos:

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTUACIÓNA REALIZAR

O Concello de Ferrol levará a cabo as actuacións do Plan, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actividades	*IMPORTE*
Liña única de axuda do Plan de Mantemento e Impulso da Actividade Econónica de Ferrol (PAME 3). Subvención para gastos correntes	
Axuda 1. Axudas dirixidas a sufragar cotas da seguridade social ou do réxime especial de traballadores autónomos	***1.800.000,00 €***
Axuda 2. Axudas dirixidas a sufragar alugueiros de locais e cotas de préstamos hipotecarios	
Axuda 3. Axudas dirixidas ao aboamento de gastos relacionados coas melloras e ou modificacións nos seus negocios para adaptarse ao novo escenario derivado da crise do covid19.	

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden dende ***o 01 de decembro de 2020 ata o 30 de setembro de 2022***

2. Unha vez rematas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo de UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ferrol na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos polo beneficiario sen que se lle abonase o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao abono dos xuros legal do diñeiro, computado dende a finalización do prazo de catro meses antes do indicado ata a data do pago efectivo. Se a xustificación documental fose incompleta ou insuficiente o prazo de cómputo dos xuros iniciarase cando o beneficiario emendase as deficiencias detectadas perante a Administración provincial.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o ***día 01 de decembro de 2020 ata o 30 de setembro de 2022,*** *sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o*

*día **31 de decembro de 2022** sempre e cando exista crédito para tal fin.*

*2. Para o caso de que o Concello de Ferrol non poida ter rematadas as actuacións e presentada a xustificación **antes do 30 de novembro de 2022,** deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de decembro de 2022**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Ferrol perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.*

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

3º.- Condicionar o presente convenio ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento."

(Abandona o salón a Sra. Gallego Neira)

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

Sr. Presidente

Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, relativa á renovación do convenio para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais no período 2022-2024 para mellorar a cobertura do mapa actual das emerxencias.

1.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, relativa á renovación do convenio para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais no próximo período 2022-2024 para mellorar a cobertura do mapa actual das emerxencias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia continúa reafirmando o seu compromiso para seguir colaborando no mantemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal (GES), postos en marcha en 2013 en consenso coas deputacións e concellos.

Así, pese a que os servizos de emerxencias son competencia das deputacións e dos concellos de mais de 20.000 habitantes a Xunta mostrou sempre a súa disposición para colaborar asumindo mais da metade do financiamento dos GES, o que supón un investimento de máis de 11 M de euros no período 2019-2021 e preto de 40 M desde o ano 2013.

A provincia da Coruña conta con 8 GES, con sedes en Ponteceso, Padrón, Curtis, Brión, Ortigueira, Mugardos, Muros e Noia.

Na pasada Comisión de Seguimento dos GES celebrada o 20 de outubro a Xunta propuxo ás Deputacións provinciais e á FEGAMP unha serie de medidas para continuar mellorando a cobertura do mapa das emerxencias en todo o territorio galego e seguir garantindo unha atención no menor tempo posible para renovación do actual convenio para o período 2022-2024.

A proposta do Goberno galego consiste en actualizar os salarios de todos os traballadores dos GES para adaptalos a cústelos reais na actualidade, @teniendo en cuenta o aumento desde que se asinou o primeiro convenio no ano 2013.

Outra das propostas consiste en incrementar o persoal para que todos o GES teñan 12 efectivos, o que supoñería contar con 48 persoas máis para distribuír entre os grupos que no seu momento foron concibidos como SubGES con 6,9 ou 10 membros.

Por outra banda, tamén foi proposto duplicar o financiamento dos 4 servizos municipais de emerxencias en Galicia que prestan un servizo supramunicipal - Ponteareas e Sanxenxo na provincia de Pontevedra xunto co de Terras de Celanova, en Ourense e o concello coruñés de Noia, pasando de 155.000 euros a 310.000 euros anuais para cada un.

Estas medidas supoñerán un incremento de 1,5 millóns de euros no investimento anual do Goberno galego no mantemento destes grupos, dos que financia máis da metade do seu custo. Así, a Xunta achegará 6,3 millóns de euros anuais, un 31% máis que os 4,8 millóns do último convenio, no que xa aumentara en 300.000 euros o seu investimento.

Logo da última reunión do pasado 11 de novembro de 2021, a postura oficial da Deputación da Coruña ante as melloras presentadas pola Xunta de Galicia para a renovación do convenio no próximo período, foi unha negativa total.

Estamos pois ante unha situación moi grave de indefensión para os municipios da nosa provincia, ao atoparnos nunha situación moi comprometida para a adecuada cobertura das emerxencias se a Deputación da Coruña non cumpre coas súas competencias.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Provincial Popular insta o Pleno da Deputación da Coruña, a adoptar os seguintes acordos:

1. Instar á Deputación da Coruña a destinar os fondos provinciais necesarios para renovar o convenio para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais no próximo período 2022-2024 coas melloras propostas pola Xunta de Galicia.

2. Instar á Deputación da Coruña, a dotar a todos os equipos, dos elementos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo, co obxecto de incrementar o seu nivel de protección e seguridade, o cal e moi importante para o desenvolvemento das súas actuacións.

Sr. Castrillón Permuy

Bos días, señor presidente, señores deputados e deputadas.

O Grupo Popular Provincial na Deputación da Coruña presenta esta moción relativa á renovación do convenio para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais no próximo período 2022-2024 para mellorar a cobertura das emerxencias.

Paso a facer unha exposición de motivos da presentación desta moción. Coa previsión suficiente ante cada novo exercicio, a Xunta eleva ás deputacións a renovación do convenio para mellorar a cobertura do mapa das emerxencias na nosa provincia. Pese a que os servizos de emerxencias son competencia das deputacións e dos concellos de máis de 20.000 habitantes, a Xunta segue mostrando o seu apoio á disposición de mellorar as condicións dos GES, asumindo máis da metade do financiamento dos propios GES, o que supón un investimento de máis de 11 millóns de euros no período 2019-2021 e preto de 40 millóns dende o ano 2013.

A provincia da Coruña conta con 8 GES con sedes en Ponteceso, Padrón Curtis, Brión, Ortigueira, Mugardos, Muros e Noia. Por outra parte tamén foi proposto duplicar o financiamento dos catro servizos municipais de emerxencias en Galicia que prestan un servizo supramunicipal, Ponteareas e Sanxenxo na provincia de Pontevedra, xunto con Terras de Celanova en Ourense e o concello coruñés de Noia, pasando de 155.000 € a 310.000 euros anuais para cada un. A achega por parte de cada administración aos GES é a seguinte: a Xunta o 52,5%, a Deputación o 40%, os concellos o 7,5%.

A proposta do Goberno galego consiste en actualizar o salario de todos os traballadores dos GES cunha media porcentual do 16%; incrementar un custo anual de media en 30.000 € por GES; incrementar o persoal para todos os GES que teñan 12 efectivos, que suporía contar con 48 efectivos máis. Estas medidas suporán un incremento de 1,5 millóns de euros no investimento anual do Goberno galego no mantemento destes grupos, dos que financian máis da metade do seu custo. Así, a Xunta achegará 6,3 millóns de euros anuais, un 31% máis que os 4,8 millóns do último convenio.

Ante esta nova proposta, categoricamente máis ambiciosa que a do último convenio, concellos, alcaldes e a propia Xunta, logo dunha última reunión da Comisión de Seguimento, a postura oficial da Deputación da Coruña ante as melloras presentadas para a renovación do convenio foi non garantir a seguridade dos nosos veciños e veciñas da nosa provincia. Ademais, como competencia propia, dende o Grupo Provincial do PP na Deputación de Coruña, solicitamos que dote todos os equipos dos elementos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo co obxecto de incrementar o seu nivel de protección e seguridade, o cal é moi importante para o desenvolvemento das súas actuacións.

Estamos ante unha situación moi grave de incerteza para os municipios da nosa provincia, ao atoparnos nunha situación moi comprometida para o que é a adecuada cobertura das emerxencias se o Goberno da Deputación formado polo PSOE e o BNG non cumpren coas súas competencias.

Por iso, dende a Deputación e os grupos municipais dos concellos que se beneficiarían, presentamos esta moción para declarar o apoio dos concellos e da Deputación á proposta da Xunta para o período 2022-2024, e que destine os fondos provinciais necesarios para renovar o convenio e para o desenvolvemento dos grupos de emerxencias supramunicipais coas propostas e melloras feitas pola Xunta.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Piñeiro

Bos días a todos e a todas.

A verdade é que creo que esta moción que presenta o Grupo Popular é extemporánea, porque xa a traían ao Pleno anterior, ou foi proposta para o Pleno anterior, pero ao final decidiron retirala porque xa superaban o número de propostas que fixa o regulamento, co cal creo que carecen da información que existe agora mesmo, posto que houbo unha xuntanza hai xa 15 días ou máis de 15 días da Comisión de Seguimento onde se acordou por parte da Deputación da Coruña e doutras deputacións que iamos renovar o convenio existente pero nas mesmas condicións en que estaba ou que rexía ata este ano, ou rexe ata finais deste ano 2021.

As razóns polas que acordamos seguir mantendo ese convenio, á parte de que os GES sigan funcionando e sigan existindo, e aqueles concellos que teñen GES poidan seguir tendo financiamento, as razóns polas que mantemos iso e non nos acollemos ao convenio que nos presenta a Xunta de Galicia son varias, pero fundamentalmente unha: porque é unha proposta unilateral que fai a Xunta de Galicia, sen consensuar nin falar previamente coa Deputación da Coruña nin co resto, nin coa Fegamp tampouco, que forma parte desa Comisión de Seguimento; unha proposta unilateral que nos enteramos antes da xuntanza polos propios medios de comunicación e onde non consensúa incluso nin cos concellos que actualmente teñen seis efectivos, e proponlle que pasen a ter 12, cando a maioría deles neste caso non queren ter ese número de efectivos porque lles supón un gasto maior e porque, ao final, a Xunta de Galicia, como fai en moitos casos, acaba cargando os gastos nas deputacións, e neste caso concreto vou dar un dato: increméntase a contía dun millón e medio a catro millóns de euros que temos que asumir en total as deputacións, asumir dos fondos propios, dos nosos fondos, dos que xestionamos para todos os veciños e as veciñas da provincia e para os concellos, para todos os concellos da provincia, cando a Xunta de Galicia a súa achega a fai do Fondo de Cooperación Local, co cal nos está retraendo a todos os concellos a parte proporcional que nos tocaría.

No tema das competencias, pois é algo que realmente a Lei de emerxencias de Galicia do ano 2007 non deixa moi claro cales son esas competencias, e que o que propoñemos desde as deputacións é que o que temos é que sentar, falar e estas cousas que non se poden traer improvisando cando faltan só dous meses para que remate o convenio.

Este deputado, eu mesmo lle fixen na última xuntanza que houbo da Comisión de Seguimento, ano e medio antes desta última de que acabase o convenio, fíxenlle

unha proposta de que empezásemos a falar e a negociar canto antes o convenio, algo que a Xunta desestimou e rexeitou e, como vemos, tróuxoo dous meses antes de que rematase. As cousas non se fan así, as cousas teñen que ser máis serias. É certo que hai un colectivo importante como son os grupos de emerxencia supramunicipais que fan un labor moi importante na provincia, un labor de apoio aos bombeiros profesionais do Consorcio Provincial, pero ao mellor agora o que temos que empezar a falar é de ver e de falar sobre todo tamén con eles, de ver a situación na que se atopan, porque realmente ao mellor o interesante tamén é ver a situación na que se atopan e ao mellor facer un cambio no que é na lexislación actual na Lei de emerxencias de Galicia, porque agora mesmo todos sabemos tamén o esforzo que fai a Deputación da Coruña co Consorcio Provincial de Incendios e Salvamento, que ao final compartimos ao 50% Xunta de Galicia e Deputación. E eu creo que hai que darlle unha volta ao que facemos con estes grupos, porque se sabe ademais que houbo un cambio importante no Consorcio, onde pasaron de estar xestionados por empresas a ser de xestión directa pública, e ese cambio agora temos que analizar dentro do contexto actual.

Eu o que lle pido ao Partido Popular é que, polas razóns que explicaba ao principio, que retire esta moción porque, a verdade, non ten sentido unha vez que xa hai un acordo tomado nesa Comisión de Seguimento onde se vai renovar o convenio existente ata o de agora por un prazo dun ano para ir analizando conxuntamente a modificación e o tratamento que teñen que ter estes grupos de emerxencias.

Sr. Castrillón Permuy

Para contestar un pouco a iso das competencias, está claro que están moi claras, que son competencias dos concellos de máis de 20.000 habitantes e das deputacións. E o que si é certo é que a Xunta non está cerrada a negociar e a falar sobre isto pero, cando se presentou a primeira reunión do seguimento dos GES no mes de outubro, xa se presentaron estas propostas para que se debateran, e estábase intentando que houbese acordos. Vostedes ata o mes de novembro creo que non contestaron e, polo tanto, claro que chegamos tarde, pero o que si é certo é que as melloras que se piden por parte da Xunta no medio do convenio creo que son importantes, creo que se fai un interese para mellorar ou actualizar o salario dos traballadores do GES, unha media porcentual do 16%, creo que é importante e, polo tanto, non podemos entender que vostedes queiran esperar un ano, así como dotar de máis efectivos todos os GES, porque o traballo que realmente fan é necesario e creo que, ademais, temos que actualizarnos no sentido de que ese servizo necesita mellorar, necesita seguir crecendo e o momento é ese. Se nos din vostedes que hai que esperar un ano para renovar e estudar o convenio, ben, nós non estabamos de acordo porque por iso se fixo esta formulación, porque desde a propia Xunta de Galicia vese e estase recoñecendo que é necesario mellorar eses servizos, así como en varios puntos onde están os GES. Polo tanto, non podemos retirar a moción e entendemos que vostedes si que debían pensar o voto e votar a favor para que isto saíra adiante, e que se seguira negociando e que se negociara xa no novo convenio. É dicir, se non se actuou antes e non se pode facer novo convenio do 2022-2024 é porque vostedes non se decidiron a chegar aquí, e creo que esas competencias están claras e, polo tanto, nós seguiremos coa moción.

Nada máis, moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo días a todos e a todas.

Realmente coincidimos con que o que pide realmente a moción que presenta o Grupo Popular é que se asuman unhas condicións diferentes ás que de xeito unilateral insta a Xunta de Galicia. Daquela, tal e como explicou o compañeiro García Piñeiro, habendo un acordo para renovar e ampliar ese convenio nas condicións actuais por un ano máis, abrindo pois un período de negociación e de traballo, que realmente é o que permitiría conducir a unha verdadeira análise das necesidades, e tamén de introducir as melloras necesarias en cuestións de planificación e, tamén, por que non dicilo, de coordinación no xeito de actuar destes grupos en relación a outros do territorio.

Claro, a cuestión non menor do financiamento destes grupos, verdade?, se ben xa é certo que na súa participación a Xunta de Galicia xa detrae fondos aos concellos para financiar este recurso, falar dun incremento no financiamento por parte das deputacións, no fondo realmente é estar falando da mesma cuestión. Polo tanto, pensando en facelo ben e en mellorar a situación, o acaído é contar con ese proceso de negociación, respectar a autonomía das institucións nese proceso, e que realmente os acordos que se tomen sexan froito do diálogo, do debate e do acordo. Neste sentido, evidentemente nós non podemos votar a favor desta moción e do seu contido.

Sr. Lema Suárez

En primeiro lugar, quero darlle a benvida a esta casa a Miguel Iglesias, que vén traer aquí o seu saber facer e a capacidade de traballo, que son en ambos os casos considerables. Entón desexarlle moita sorte no futuro que o agarda nesta casa.

Sobre a moción, a verdade é que a parte resolutiva non presenta moitos motivos para votar en contra, hai que comentalo, e o que si demostra o debate é que hai unha falta de planificación ou de ordenación no que se refire ao reparto de responsabilidades e, por tanto, de achegas ao mantemento dun servizo tan relevante para a seguridade e a saúde da nosa provincia e, por tanto, tamén do noso país. Creo que iso exixe un diálogo institucional que ata o de agora semella que non se está producindo e que tamén pon en evidencia que se precisan acordos en canto aos compromisos a nivel de financiamento, insisto, dun servizo tan relevante para a seguridade e a saúde da xente da nosa provincia.

Sendo esta a situación e como tampouco, insisto, a moción formula razóns polas que poidamos votar en contra, o noso grupo manifesta que se vai abster nesta moción.

Sr. García Seoane

Eu na Comisión xa opinei sobre o tema. Estamos todos de acordo en que hai que mellorar este servizo en toda a provincia, o que pasa é que hai que analizar ese servizo en toda a provincia: que prestación están levando adiante, o día que non hai un incendio ou un accidente determinado, que é o que fan estas persoas que están

nos GES. Claro, é que é moi fácil dicir: “te pongo un salario, te tengo ahí y te uso para lo que me venga en gana”, desde o concello de quenda ou desde os concellos de quenda.

Estamos falando de que é un servizo que se presta non a un concello só, senón a unha área determinada. Pero eu teño coñecementos, un día estando na provincia de Lugo comendo nunha casa vin que un dos que estaba de servizo de tal, estaba regando co tractor o campo do edil de quenda. Isto vino eu, vivino eu nunha casa comendo na provincia de Lugo. Por tanto, dicir que hai que analizar a situación.

Está claro que hai que mellorar este servizo. Nós en Oleiros temos este servizo montado, que nunca lle pedimos a ninguén que nolo pagara. Nós temos un grupo de 12 persoas nunha nave, que é case un parque de bombeiros, aínda que nós temos un parque de bombeiros, o Parque de Bombeiros de Arteixo non, un parque de bombeiros que no seu día a Deputación, cando gobernaba a dereita na Deputación, decidiron que en vez de poñelo en Culleredo se puxera en Arteixo, pero non é o parque de bombeiros de Arteixo, é o parque de bombeiros da área da comarca da Coruña, que nunca se mencionan esas cousas.

Bueno, pois nós montamos á marxe de, como estamos tan separados na distancia de Arteixo, tivemos que montar un servizo porque nós hai un montón de accidentes, un montón de feitos que se dan a diario no noso municipio que requirían que este servizo o tiveramos. Nós, por exemplo, só este ano que está acabando son 721.574 € o servizo que nós temos montado; temos motobomba, temos coche de bombeiros pequeno, etcétera. Temos 24 horas de servizo, a calquera hora que se pode chamar poderase comprobar que está prestando o servizo e, por tanto, entendo que si é un servizo necesario na comarca, pero que hai que analizalo en profundidade.

E logo dise que a Xunta reafirma o seu compromiso para seguir colaborando. É que a Xunta non é que reafirme o seu compromiso, é que a Xunta está comprometida, a Xunta é quen ten que levar isto adiante, coas colaboracións que procedan, pero é a Xunta directamente quen o ten que levar adiante, porque quen está cobrando os cartos dos concellos dos seguros? Imaxínense un concello como Oleiros, onde hai centos de seguros de vivendas, centos de mansións, de coches de luxo, de non sei que... Imaxínense canto redunda no beneficio da UNESPA, e UNESPA despois a estes servizos, canto lles outorga dos concellos? Do Concello de Oleiros desde logo daba para pagar dous parques de bombeiros cada ano. Só os cartos que recadan en Oleiros os seguros daban para pagar dous corpos de bombeiros cada ano.

Por tanto, eu entendo que hai que mellorar o servizo, pero a Xunta non pode... É dicir, cos fondos da Xunta non se paga, págase cos fondos de UNESPA, e canto lle queda aínda á Xunta despois de pagar? Canto lle queda?, porque estamos falando de millóns e millóns de euros, canto lle queda? Porque aquí ninguén fai esa pregunta, e vostedes teñen moita máis información que este deputado que está falando, non? Por tanto, a min paréceme que é un tema a analizar en profundidade, ver como se mellora, como se responsabiliza a xente, quen controla a xente, mando único, mando único coordinado indubidablemente, pero que non sexa unha feira e que cada un ten un grupo de persoas no municipio que fai con el o que lle dá a gana, incluso

nalgunhas eleccións algúns ata mandaron a repartir correo por aí adiante. É que de que estamos a falar? Hai que ser serios nese aspecto e estamos falando dun tema serio, profundo, que merece que se retire a moción e que nos sentemos, e que falemos en profundidade de como mellorar o servizo nestes concellos, pero con seriedade e garantindo o seu funcionamento e o gasto, e o gasto en si.

Por tanto, nós non podemos votar esta moción, eu tamén pido que se retire para falar entre todos, pero non fagan demagoxia porque a Xunta soa ten poder suficiente e capacidade de diñeiro suficiente que non é dela, que non é dela, que é dos concellos, para montar un servizo en condicións en Galicia. Por tanto, non se queira cargar, agora todo é Deputación, Deputación, Deputación, non, a Deputación ten que pagar o que ten que pagar e está aí para atender aos concellos indubidablemente, pero a Deputación non se ten que facer cargo daquilo onde hai outros recursos que son para eses fins e, por tanto, non ten sentido ningún falar de cargarllo á Deputación.

E logo xa de incrementos do 16%, ben, xa me parece terrorífico, incremento do 16% do soldos, paréceme xa un escándalo. Por tanto, neste caso eu vou votar en contra, se non acceden a que quede sobre a mesa, e que o miremos nunha comisión e que se mire detalladamente, se diga ata onde pode chegar a Deputación, se ten que chegar, e canto ten que poñer a Xunta, porque iso é o que está oculto é todo iso, eu xa non creo que sexan fondos de que falaba o compañeiro, do fondo que ten a Xunta para os concellos, como o POS de aquí, é que ten un diñeiro directo. A nós teríannos que dar, a Oleiros, 200 millóns das pesetas antigas cada ano dos seguros, 200 millóns das pesetas antigas. Estamos falando palabras maiores.

Nada máis.

Sr. García Piñeiro

O Sr. García Seoane dicíao moi ben agora ao final, eu creo que temos que reformulármonos os servizos de emerxencias en Galicia en xeral e sobre todo dos grupos dos GES. Os GES nacen no seu momento e dan un servizo importante, pero nacen xa mal porque nacen como grupos de emerxencia supramunicipais, como di o seu nome, que dan servizos a varios concellos da contorna pero que o gasto está recaendo directamente no concello base. E iso está atraendo, o que falaba o compañeiro Sr. Castrillón dos problemas salariais, os problemas salariais xa os están regulando os xulgados agora mesmo, porque son moitos os traballadores e traballadoras dos GES que teñen que acudir ao xulgado porque están facendo funcións, ou teñen contratos que non se adecúan á legalidade, ou ao traballo que fan, e son os propios xulgados os que están dicindo e fixando o seu salario. Salario que, por certo, ao final quen teñen que asumir son os propios concellos onde teñen a súa base, e vemos ademais que houbo cantidade de concellos, houbo varios concellos que renunciaron aos GES e ao final eses concellos tiveron que coller a carga deses traballadores, que ao final están facendo, repito, un servizo para o resto de concellos.

Por iso as deputacións o que propoñemos é seguir o convenio, seguir co convenio que estaba fixado para darlle tamén seguridade, polo menos durante un ano, que o servizo se siga mantendo, pero o que propoñemos é que ese ano nos reformulemos todos se estudamos esa situación e ver como podemos mellorar, tanto

a situación laboral como a situación que están asumindo os propios concellos e que estamos asumindo a Deputación, e vou dar un dato que creo que é bo que teñamos todos: no anterior convenio, ata o 2018, a Xunta de Galicia aportaba o 60%, os concellos o 20 e a Deputación da Coruña o outro 20%. No concello que se asinou no 2018 e que remata no 2021, as deputacións pasamos a asumir do 20 ao 40%; a Xunta baixou a súa achega e os concellos baixaron a súa achega tamén. E agora o que se nos volve a pedir aos concellos é que asumamos ese incremento importante que se dá nos GES, que é un incremento de máis do 256%. É certo que ao mellor a provincia da Coruña e a Deputación da Coruña é unha das que menos impacto ten, porque todos os GES que temos xa son de 12 traballadores, pero por iso pedimos que se repense a situación, se estude e vexamos e fixemos realmente de quen son as competencias porque, por moito que diga o Sr. Castrillón, as competencias non están claras, as competencias á hora do financiamento está claro o servizo que ten que dar a Deputación naqueles concellos que non teñen servizo de emerxencias, de menos de 20.000, pero como teñen que colaborar non está claro. E a Xunta, se realmente non é a súa competencia, entón por que é ela a que fai a proposta inicial, por que di canto temos que pagar cada un, e por que fixa eses criterios de forma unilateral e despois non atende as propostas que lle fixemos desde as deputacións.

Eu entendo a moción que fai o Partido Popular, é lóxico que a faga na situación na que están, pero o que si teño claro é que lle faltan moitos datos e non coñecen a realidade do que alí se falou e das conversas que houbo. Alí tivemos varias conversas e chegamos incluso a ter que votar individualmente cada deputación porque a Xunta sempre ten a maioría. Ao final, votemos o que votemos o resto das deputacións, a Xunta sempre ten maioría.

Eu volvo reiterar que creo que é bo que se retire esta moción, creo que é bo que todos nos sentemos e valoremos a situación actual, valoremos incluso en conxunto o mapa de emerxencias de Galicia e tamén valoremos a situación laboral dos traballadores e das traballadoras e dos propios concellos que están asumindo moitas veces os gastos en máis do 7,5% que lles toca.

Sr. Castrillón Permuy

Si, grazas. Ben, quérolles lembrar que a competencia está clara que é dos concellos de máis de 20.000 habitantes e das deputacións. Creo que ademais a Lei de emerxencias de Galicia, aprobada por vós mesmos no ano 2007, claramente o di e parece ser que agora a queren impugnar.

Nós si que estamos polo tema do diálogo, entendemos que hai que ter diálogo, pero creo que, como ben dixen antes, desde o mes de outubro tivemos tempo ao diálogo e a propoñer, viñan cousas que non estaban de acordo completas, a propoñelas e intentar solucionalo. O que non vemos lóxico é que hoxe cheguen a este Pleno e nos digan que retiremos esta moción cando non o imos facer e, sobre todo, porque fóra das contratacións que hai reparos que teñen que ir ao xulgado, pois posiblemente por isto se fai a proposta de que ao mellor hai que axustar e regular os salarios a un 16% aproximadamente, e creo que este tema non é un tema de deixar nin de esperar un ano, é un tema de traballar e intentar renovalo para este propio convenio.

Así como tamén di vostede que hai deputacións que estaban de acordo, é certo, hai unha deputación que estaba de acordo, así como a Fegamp tamén estaba de acordo nesas melloras que se propuxeron. Polo tanto, non entendemos cal é a postura das outras tres deputacións claramente. Hai algo que non se entende e nós si que seguiremos coa moción, e nada máis por estes momentos.

Grazas.

Sr. Presidente

Simplemente comentar ao respecto que o tema ten un calado moi importante. Eu creo que, como ben dicía o Sr. Lema, desta moción e desta situación pódese concluír que o mapa de emerxencias en Galicia require unha revisión profunda e dun diálogo profundo. Se nalgún tema ademais non vai haber grandes discordias é neste, é dicir, eu creo que os feitos así o demostran. Levamos chegando a acordos coa Xunta de Galicia aquí nesta Deputación durante seis anos en temas moi complexos, moito máis complexos que este, como foi recuperar para o servizo público todos os parques, os 10 parques de bombeiros que estaban privatizados, en canto á súa xestión nesta provincia, ou incluso estamos a punto de chegar a un acordo en breve para o Concello de Santiago en canto a comarcalización. Quero dicir que hai unha moi boa sintonía en canto a emerxencias coa Xunta de Galicia e pronto estamos convencidos de que se chegará a un acordo.

Pero, Sr. Castrillón, un tema deste calado, deste calado, onde cada vez que nos sentamos nun pleno a falar aprendemos máis, é dicir, temos máis información e vemos a descoordinación que existe aínda nestes corpos, que foron creados, aínda non tendo a competencia ao mellor, foron creados pola Xunta de Galicia no seu día, que se chamaban Grumires no primeiro momento; despois foron transformados a GES. Pero en calquera caso o que está claro é que hai un dato que nos ten que facer reflexionar a todos. É dicir, ti fuches alcalde, eu son alcalde, aquí hai alcaldes e alcaldesas, todos recibimos unha chamada a calquera hora pouco intempestiva porque hai un can diante dun comercio por parte do 112, ou que hai un xabaril morto na autovía, ou que hai un can solto na autovía. Chámannos aos alcaldes e alcaldesas a calquera hora da noite, están todos aquí e sábeno perfectamente, cando hai Consorcio Provincial de Bombeiros, cando hai, Grumires non, GES, servizos municipais de Protección Civil, seguen chamando aos alcaldes e alcaldesas.

E hai un dato que é demoledor, que o dicía o director xeral de Emerxencias e quedoume gravado para sempre: o 46% das chamadas ao 112, das chamadas non, das saídas do 112, son nulas ou falsas ou innecesarias, como queiramos chamarlle. Mobilizar un camión dun parque de bombeiros custa un diñeiral e sábeno ben aqueles veciños e veciñas que reciben a liquidación da taxa do Consorcio. Mobilizar á súa vez un GES, un camión de bombeiros ou dous camións de bombeiros e a protección civil municipal custa un diñeiral ao mellor para apagar unha palleira nunha parroquia que cando chegas o pode facer perfectamente o GES; ou para baixar un gato dunha árbore, que parece unha escena de película, pero que se dá nos convenios que temos con algún Concello que ten parque propio de bombeiros, e que nos custa retirar ese gato 25.000 euros, 25.000 euros, literalmente. Dúas saídas no ano, unha foi para retirar un gato, 25.000 euros. Entón, quero dicir que é para poñernos a pensar todos e todas, ademais, é un tema que non se remata nin se arranxa en dous meses, onde

como dicía ben o Sr. García Piñeiro e dicía o Sr. Castrillón, e diciades todos e todas, todos os que interviñestes e a Sra. Muíño tamén, hai persoas detrás, é dicir, hai profesionais detrás que teñen unha formación distinta aos bombeiros dos consorcios, aos bombeiros municipais, pero que teñen unha formación, que aprobaron uns exames e que polo tanto teñen unha aspiración para estar nunhas condicións idóneas.

Hai uns alcaldes e alcaldesas que, como ben dicía o Sr. García Seoane, ao mellor nun caso moi extremo do uso dos GES, hai outros malos usos dos GES sen chegar a un caso tan extremo, que os recoñecen os propios alcaldes e alcaldesas porque nos convenios con eles hai certas nebulosas que che permiten outros usos, cando a finalidade é estritamente a emerxencia e cando a formación deses traballadores e traballadoras que forman parte dos GES son estritamente as emerxencias.

E despois hai que empezar a falar dunha liña roxa en canto á negociación dun novo convenio coa Xunta de Galicia. Non pode ser que as deputacións e os concellos, digamos que a preservación dos GES o mantemento do servizo, o fagamos con fondos propios, estritamente fondos propios, que retiramos do POS, porque xa aprobamos aquí hai dous ou tres anos unha moción tamén que viña do Partido Popular, e a aprobamos gustosamente, que era achegar outros 50.000 € por cada GES, que era medio millón de euros da Deputación de fondos propios. A Xunta de Galicia achegaba outros 50.000 pero, claro, non de fondos propios, do Fondo Galego de Cooperación Local, que dicía García Seoane, que ao final se detrae do que recibimos cada mes cada un dos concellos de Galicia, neste caso a provincia da Coruña. E a outra parte que pon para financiar os GES tampouco son recursos dos orzamentos da Xunta de Galicia, son Fondo Social Europeo, que nos acabará estalando na cara, porque o Fondo Social Europeo ten outra finalidade moi distinta, que é a de formar traballadores e traballadoras, colocar traballadores e traballadoras, e non soster grupos de emerxencia municipal.

Entón, eu creo que todo isto hai que poñelo enriba da mesa aproveitando que a sintonía en emerxencias é absoluta, e hai que poñer enriba da mesa vontade política por todas as administracións de que non se pode confrontar en emerxencias. Podemos ter opinións distintas, como seguramente hai dentro dos propios grupos aquí representados, pero en calquera caso a afinidade neste tema é do 99,9%. O servizo hai que prestalo, como dicía Gelo, da mellor maneira posible, da maneira máis efectiva e coordinada, pero non se fai esta reflexión tan profunda en dous meses, a reflexión profunda faise como mínimo nun ano, por iso creo que foi un bo acordo prorrogar a situación, non prexudicar ninguén, pero iso si dende o 1 de xaneiro ou á volta de Nadal facer ese grupo de traballo conxunto onde sexamos capaces de chegar a un modelo sostible.

Vamos, polo tanto, votar a moción.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados/as (PP)

Votan en contra: 16 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado/a (Marea Atlántica)

Sr. Presidente

Hai dúas mocións sobre o mesmo tema, unha que presenta o Partido Popular para mostrar o apoio sen fisuras ás Forzas e Corpos de Seguridade e para esixir ao Goberno de España que non modifique a Lei de seguridade cidadá; e hai unha moción de Marea Atlántica tamén sobre apoio á derrogación da Lei mordaza, cunha emenda do Partido Socialista de Galicia.

2.Moción que presenta o Grupo Provincial Popular na Deputación da Coruña, para mostrar o apoio sin fisuras ás Forzas e Corpos de Seguridade e para esixir ao goberno de España que non modifique a Ley de Seguridade Cidadá

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá foi aprobada durante a X Lexislatura por iniciativa do Goberno do Partido Popular cumpre cunha finalidade esencial para o conxunto dos españois: crear un marco xurídico adecuado para protexer a seguridade cidadá e garantir o libre exercicio de dereitos e liberdades.

O Goberno PSOE - Unidas Podemos acordou derrogala introducindo emendas, no trámite correspondente, á Proposición de Lei sobre modificación da devandita Lei de Seguridade Cidadá que presentou o Grupo vasco do Congreso dos Deputados,

A actual Lei de Seguridade Cidadá foi consecuencia dunha reforma necesaria, conveniente e oportuna que deu resposta a unha demanda de amplos sectores da sociedade e, en concreto, das Forzas e Corpos de Seguridade.

España contaba entón cunha lei do ano 1992 que tras 23 anos estaba desbordada, reinterpretada e necesitaba unha revisión por varios motivos, como as esixencias sociais que reclamaban mellor protección das liberdades, a necesidade de ofrecer unha resposta apropiada a certos actos que quedaban impunes ou a necesidade dunha mellor cobertura e seguridade para as nosas Forzas e Corpos de Seguridade. Con ela apostouse por dar maior protección ao dereito á reunión e manifestación pacífica e sancionar mellor e de forma máis proporcional.

Da mesma maneira, e isto é moi importante, a Lei 4/2015 xurdiu fundamentalmente porque tras a modificación do antigo Código penal de 1995, quedaran suprimidas as faltas, que pasaron a ser infraccións administrativas ou delitos leves.

Iso significou que moitos comportamentos, que antes da reforma do Código penal estaban contempladas como faltas coa súa correspondente sanción, pasaron a selo só no ámbito administrativo.

Coa súa aprobación, de ningún xeito restrinxíronse os dereitos de reunión, manifestación e folga, nin outorgou á policía un poder excesivo, senón que creou un marco adecuado para o traballo das Forzas e Corpos de Seguridade.

Desde a súa aprobación a Lei de Seguridade Cidadá revelouse como un dos instrumentos fundamentais cos que contan as nosas Forzas e Corpos de Seguridade para facer fronte á ameaza terrorista, polo que a súa derrogación ou modificación substancial dará osíxeno a esa ameaza, o que nos fará máis débiles fronte ao terror.

A súa aplicación non xerou as graves consecuencias prognosticadas entón polos seus detractores, ningunha desas negras predicións cumpriuse, ao contrario, demostrouse como unha boa Lei.

A aplicación da Lei foi fundamental para a posta en marcha de medidas de control para evitar a extensión da pandemia do Covid e de feito, foi utilizada de forma habitual polo actual Goberno. Os ataques a esta Lei estiveron baseados en criterios puramente de desgaste político, con argumentos de manual partidista.

A Lei de Seguridade Cidadá é plenamente constitucional e así o confirmou a Sentenza do 19 de novembro de 2020 do Tribunal Constitucional, que rexeitou con contundencia os argumentos xurídicos que entón expuxo a oposición.

Polo exposto, o Grupo Provincial Popular en Deputación da Coruña, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

A Deputación da Coruña, en representación da provincia da Coruña, manifesta o seu apoio sen fisuras ao labor das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, e por iso insta o Goberno de España a:

PRIMEIRO- Defender o mantemento da súa dignidade, intimidade e o principio de autoridade que a actual lexislación asegúralles, e que as FCSE dispoñan dos medios materiais adecuados para o desempeño do seu labor.

SEGUNDO- Solicitar a retirada de calquera iniciativa de modificación a Lei de Seguridade Cidadá nos termos anunciados.

3.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica de apoio á derrogación da Lei Mordaza

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asistimos estas semanas a un novo debate sobre a Lei Orgánica de Protección de Seguridade Cidadá motivado pola posta en marcha da súa derrogación. Esta lei forma parte da coñecida popularmente como Lei Mordaza, que en realidade aglutinaba baixo esa denominación a Lei Orgánica 4/2015 do 30 de marzo e a reforma do Código Penal do 2015 Estas reformas lexislativas foron realizadas baixo o goberno de Mariano Rajoy en 2015. Aquelas reformas tiñan o claro fin político de dificultar a protesta social que se vivía como resposta ao torrente de casos de corrupción e políticas austericidas nun contexto de crise política, institucional e económica.

O novo Goberno do Estado do PSOE e Unidas Podemos, grazas tamén á presión dos seus socios parlamentarios, está avanzando por fin na recuperación deses dereitos sociais e civís perdidos polas citadas reformas. Durante esta lexislatura xa se realizaron algunhas reformas puntuais do Código Penal como a supresión do apartado 3 do artigo 312 que elimina as penas máis represivas contra os piquetes nas folgas.

Fronte a esta derrogación da lei que supón unha saudable recuperación dos dereitos civís e políticos de liberdade de expresión, reunión e información, está

armándose unha campaña político-mediática que trata de amedrentar e evitar as mencionadas mudanzas.

Esta campaña da que forman parte os partidos da dereita está ignorando deliberadamente que, ademais dunha ampla maioría social e parlamentaria favorable á reforma, existen innumerables informes, recomendacións e declaracións de organismos internacionais alertando da gravidade desta "Lei Mordaza":

Human Rigths Watch expresou con contundencia as súas reservas xa en 2015 afirmando que se debería rexeitar o acordo sobre o proxecto de lei xa que "restrinxiría garantías de dereitos" xa que a lei contén "disposicións violatorias dos dereitos de liberade de expresión, reunión pacífica, penalizando inxustificadamente a grupos vulnerables e incumprindo normas internacionais sobre asilo".

Amnistía Internacional emitiu en 2017 un informe denominado "España: Activistas sociais e o dereito á información, no punto de mira. Análise sobre a Lei de Protección de Seguridade Cidadá". Este informe analiza os dous primeiros anos de execución da citada lei, e afirma que "está tendo un impacto negativo no exercicio da liberdade de reunión, expresión e información". Por se fora pouco, afirma como conclusión da súa análise que "España segue sen observar a súa obrigación de respectar, protexer e realizar o dereito de reunión pacífica tanto na lei como na práctica".

A **Organización de Nacións Unidas** emitiu xa en febreiro de 2015, meses antes da aprobación da norma, un informe no que un grupo de expertos en dereitos humanos instaba a rexeitar os proxectos de reforma legal denominados Leis Mordazas, xa que ameazaban con "violar dereitos e liberdades fundamentais dos individuos". Ademais, en 2020, o propio Consello de Dereitos Humanos da ONU no seu Exame Periódico Universal realizado cada 5 anos advertiu que España "debería poñer freo ás restricións á liberdade de expresión e reunión introducidas pola Lei Mordaza"

Por último, e por mencionar un organismo máis, o **Consello de Europa** afirmou con rotundidade este mesmo ano que "España debería reformar a lei de Seguridade Cidadá". Esta afirmación recóllese nas conclusións do ditame sobre España da Comisión de Venecia do Consello de Europa, no que se afirma que urxe esta reforma polo "potencial represivo" da lei e que debería ir esta "acompañada dunha avaliación en profundidade do funcionamento práctico da lei e o seu impacto nos dereitos humanos dado o seu potencial represivo".

Existen centenares de casos particulares onde estas Leis Mordaza teñen facilitado coñecidos e groseiros casos de persecución dos dereitos máis básicos de reunión, expresión e información, con repercusión internacional, que merecerían mencións particulares, algúns deles e aínda de vixente actualidade que afectan a poboación da nosa provincia. Pero alén destes casos e precisamente por evitar un debate sobre resolucións individuais entendemos que o problema lexislativo é global e precisa solución.

Pola contra, fronte a este problema de dereitos fundamentais, que por fin está a poñérselle solución, hai quen insiste en confrontar e crispar pola vía da política do incendio e a exacerbación. Reiteran a necesidade de máis políticas punitivistas

mentres afirman que a inseguridade aumenta pese a seguir vixente a norma que tanto defende, sen caer na conta da contradición que enuncian.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar e apoiar ao Congreso dos Deputados ao impulso da derrogación da Lei de Seguridade Cidadá e as reformas do Código Penal precisas para garantir os dereitos fundamentais de expresión, reunión e información.

2. Dar traslado do seguinte acordo ao Congreso dos Deputados e ao Parlamento de Galicia.

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día a todos.

Cada hora un agente de la autoridad es agredido en España, es decir, en el rato que vamos a estar aquí, según lo que nos extendamos, que ya anticipo que mi intención es que sea poco, pues al menos dos agentes de la autoridad van a ser agredidos en nuestro país. Y al menos para el Partido Popular no es algo que pueda considerarse como un daño inherente al ejercicio de su autoridad, no tiene por qué serlo. Nuestra opinión es que unas fuerzas y cuerpos de seguridad desprotegidos equivalen a unos derechos y libertades desprotegidos, y por eso no compartimos la reforma que el Gobierno pretende impulsar de la Ley de seguridad ciudadana y por eso el sentido de nuestra moción.

La actual ley es consecuencia en el año 2015 de una reforma necesaria y oportuna porque la legislación vigente entonces era una legislación que venía del año 92 que ya estaba, se había visto desbordada por el paso del tiempo, y que ya no podía ofrecer en muchos casos una respuesta adecuada a determinados actos que exigían una mejor cobertura y seguridad jurídica para que pudieran realizar su trabajo las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad.

Sin ir más lejos, tras la modificación del Código Penal del año 1995 ya no existían las faltas, y por eso pasaron a ser meras infracciones administrativas. Por lo tanto, desde nuestro punto de vista estamos ante una ley que creó en su momento un marco jurídico adecuado para proteger la seguridad ciudadana y garantizar el libre ejercicio de derechos y libertades, no restringió los derechos de reunión, manifestación y huelga, ni otorgó a las fuerzas policiales un poder excesivo y, desde luego, su aplicación entendemos que no generó las graves consecuencias pronosticadas por quien entonces ejercía la oposición. Y, sin ir más lejos, la aplicación de esta ley ha sido fundamental para la puesta en marcha de medidas de control para evitar la extensión del Covid, sin tener que irnos ya más atrás. Por eso, en este sentido no nos deja de parecer irónico que en la moción que presenta el Grupo de Marea Atlántica se hable de una campaña político-mediática en contra de la reforma, después de lo que tuvo que padecer la ley que ahora se pretende reformar, cuyas principales críticas, siempre en nuestra opinión, se han basado en criterios puramente de desgaste político, y pongo dos ejemplos.

Se alude en la moción que presenta Marea Atlántica a *“informes, recomendacións e declaracións de organismos internacionais alertando da gravidade desta Lei mordaza”*. Estos informes, los cuales tiene el grupo proponente de esa moción en alta consideración, y nos parece muy bien pero, por ejemplo, las objeciones de Amnistía Internacional o de Human Rights Watch están referidas única y exclusivamente a las llamadas devoluciones en caliente, que son devoluciones que ustedes mismos han estado aplicando desde que han llegado al Gobierno, tanto PSOE como Unidas Podemos y, por lo tanto, también Marea Atlántica. Y, es más, es que la semana pasada la propia Amnistía Internacional advirtió que la reforma, que no derogación de esta ley, en realidad es más maquillaje que otra cosa, porque sigue dejando en vigor esas leyes mordaza, esas devoluciones en caliente. Después de la modificación de esta ley van a seguir vigentes porque no se va a modificar la Ley de extranjería o, por lo menos, eso no está previsto.

Por lo tanto, una ley que incluso el propio ministro Marlaska avaló en el año 2014 cuando todavía llevaba la toga y era miembro del Consejo General del Poder Judicial. Ahora él, como encargado principal de la demolición, incluso se permite el lujo en sede parlamentaria de decir que esta fue una ley que simplemente se aprobó para proteger al PP de las manifestaciones. Es obvio que, si este hubiera sido el motivo, el fracaso fue mayúsculo.

Sí parece claro, y cada vez lo es más, que lo que se pretende es impulsar una reforma que permita tomar impunemente las calles cuando a ustedes les toque regresar a la oposición. Y esto ya no es una intención, porque esto lo dijo, y de forma no muy sutil, la verdad, su vicepresidenta, señor Lema, la vicepresidenta Yolanda Díaz la semana pasada cuando auguró o amenazó, a medio camino entre una cosa y otra, con que el día que ya no gobiernen lo que habrá en este país serán huelgas y manifestaciones masivas. Sumen a esta reforma que se pretende llevar a cabo la derogación del artículo 315, número 3 del Código Penal, que despenalizaba los piquetes violentos y, sumando dos y dos, ahí lo tienen ustedes. Mi madriña si esto lo llega a decir un político del Partido Popular, mi madriña. Pero bueno, lo ha dicho la señora Yolanda Díaz y por lo tanto no pasa nada.

En definitiva, la ley que se pretende reformar es una ley plenamente constitucional, tal y como lo avaló el propio Tribunal Constitucional en su sentencia de diciembre de 2020,la misma a la cual hace referencia el Partido Socialista en su enmienda, y que rechazó, salvo uno exclusivamente al que luego me referiré, rechazó todos y cada uno de los motivos de recurso que planteó la oposición.

Pero, bueno, yendo a los motivos por los cuales nosotros estamos junto con las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado en contra de esta reforma; bueno porque ustedes han conseguido poner de acuerdo absolutamente a todas, a todos los sindicatos que representan a las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad. Una reforma ¿por qué?, porque es una reforma que entre otras cosas pretende, por un lado, eliminar la presunción de inocencia del atestado policial, es decir, es una reforma que va a situar al mismo nivel a aquellos que presuntamente han vulnerado el ordenamiento y a los encargados de defender los derechos y libertades del resto de la ciudadanía que se puede ver afectada por esa vulneración. Porque van a abrir la mano a las manifestaciones espontáneas, que ya no tendrán que ser comunicadas previamente. Esta es una cuestión en la que hay que incidir que los dispositivos asociados a las

manifestaciones son dispositivos que no tienen como única misión el proteger a los manifestantes, obviamente, sino también proteger a la propia ciudadanía. Y, por lo tanto, no parece que sea lo más lógico que no puedan organizarse con la debida antelación ese tipo de dispositivos. Aunque, bueno, también es cierto que probablemente lo que subyace en esta reforma es limitar la responsabilidad de los organizadores o promotores de las manifestaciones en las que pudieran producirse esas circunstancias no deseadas.

Por ejemplo, “el detenido será devuelto al lugar donde se inició la intervención”. Esto quiere decir que la Policía Nacional, por ejemplo, se va a dedicar a hacer de taxista de aquellas personas que sea necesario identificar, bueno, pues a la vista de cualquier altercado que sea denunciado por la ciudadanía, y tendrá que ser devuelto al mismo lugar en el que, por no llevar el DNI encima, por ejemplo, no pudo identificarse, y además en el plazo de dos horas, un plazo evidentemente insuficiente y que demuestra un desconocimiento de cuáles son las capacidades y recursos con los que cuentan a día de hoy las fuerzas y cuerpos de seguridad del Estado. Eso sí, una vez que se ha devuelto, la persona que hizo la llamada lo va a tener otra vez ante su puerta, pero con la diferencia de que ya se podrá dirigir a él o ella por su nombre, es decir, es una notable ventaja. Mientras, eso sí, detraemos recursos a la Policía Nacional para que le hagan de taxista a esta persona.

Y hay otro asunto especialmente grave, que es el de que grabar a las Fuerzas de Seguridad, y difundir esa grabación ya no constituirá infracción. Sin duda, este es uno de los puntos más problemáticos de la reforma, y este es el único punto que la sentencia del año 2020, a la que alude en su enmienda el Partido Socialista, fue objeto de revocación por parte del Tribunal Constitucional. Pero es muy importante hacer un matiz; es decir, lo que evidentemente la sentencia dice que no es conforme a la Constitución, porque eso consistiría en censura previa, es la grabación, por lo tanto hay una censura previa que está prohibida por el artículo 20 de nuestra Constitución y que eso es lo que no se puede hacer. Pero aquí hay un segundo paso que es el que verdaderamente es problemático en la eliminación de estos recursos, que es el de la difusión; porque ya a día de hoy evidentemente existe, existía una prohibición de que esa difusión, siempre y cuando conllevara la puesta en riesgo de la integridad o seguridad de los agentes, pues eso es lo que a día de hoy se protegía evidentemente, no la censura previa, para eso tenemos la Constitución, no, la difusión de esas imágenes. Y hoy en día sabemos que evidentemente en muchas ocasiones, como ya está ocurriendo en algunas partes de este país, está comprometiendo seriamente la seguridad de los agentes y de sus familias la grabación y difusión indiscriminada de esos asuntos.

También hay otros cambios, como son los que se refieren a la cuantía de las multas, que perderán su fuerza disuasoria, porque no estamos hablando de que la multa se establezca en función de la capacidad económica, no, la multa tiene una cuantía, simplemente se va aplicar directamente un descuento en función del porcentaje del IPREM, con lo cual evidentemente esa función disuasoria va a hacer que desaparezca. Lo mismo que es discutida por las Fuerzas de Seguridad los cambios previstos en el uso de material antidisturbios, o que a día de hoy, con el repunte que estamos viendo generalizado en este tipo de pequeños consumos, la posesión de sustancias estupefacientes deje de ser infracción grave para pasar a ser infracción leve.

Por lo tanto, nosotros en este caso sí nos vamos a situar al lado de la doctrina que ya ha sentado el Tribunal Constitucional en su sentencia de diciembre de 2020, al lado de las fuerzas y cuerpos de seguridad, que unánimemente se oponen en su totalidad a la presente reforma, y por eso nuestra oposición a ella a través de nuestra moción y anunciamos que también por eso el sentido de nuestro voto respecto de la moción presentada por Marea Atlántica será también en contra.

Insistimos, en este rato en que he estado hablando, un agente de la autoridad en este país ha sido agredido. Deberíamos quizás reflexionar si ante determinadas situaciones, como puede ser gracias a Dios nuestra comunidad es segura, nuestras ciudades son seguras, algunas como es el caso de la ciudad que hoy nos acoge, cada vez lo es menos, donde por primera vez desde que existen registros el índice de criminalidad por 100.000 habitantes supera la media nacional, donde se crece triplicando esa media, un 11-12% la media nacional, un 33% en esta ciudad. Insisto, seguimos teniendo una ciudad segura, probablemente la modificación o la reforma que se pretende sacar adelante de esta ley no sea la mejor idea para intentar que esa tendencia varíe.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas.

Eu creo que se esta moción a poñemos en contexto con outras que se presentaron e se debateron antes nesta Cámara en materia de contido económico, creo que podemos chegar á seguinte conclusión: o Partido Popular defende que se eliminen todas as barreiras, restricións á actividade económica, á actividade das grandes empresas, pero pola contra defende que, por suposto, se manteñan as restricións e as barreiras ás liberdades individuais e colectivas das persoas. Non deixan de ser, creo, dous movementos moi coherentes: máxima liberdade para o capital, máxima suxeición para as persoas que moitas veces, e este é o contexto histórico no que esta lei é promulgada, moitas veces se manifestan de xeito contrario ao que ten acontecido neste país.

Antes de falar un pouco do contexto no que esta lei é promulgada, hai que empezar sinalando unha razón de obviedade, que é que ao poder lexislativo lle corresponde a facultade para lexislar despois de ter a lexitimidade para facelo tras gañar unhas eleccións. Creo que é moi perigoso iniciar unha vontade como a de lexislar *ad hoc* para certos colectivos que a propia Constitución di, desenvolta por lei orgánica, que teñen a obriga de neutralidade política. É moi perigoso, e este país ademais ten serios e tráxicos precedentes nesta cuestión, politizar a policía. Eu creo que hai que evitalo, unha porque é a súa obriga e outra porque inicia unha senda con pésimos precedentes históricos. Entón, creo que a policía debe estar nos cuarteis e debe separar o ámbito do seu exercicio profesional, no que ten, insisto, unha obriga de neutralidade en canto á manifestación pública das súas opinións políticas do seu ámbito persoal.

Entón, están sucedendo cousas que non deberían suceder, e creo que o Partido Popular tal vez neste ámbito está competindo con outras forzas que

xeograficamente, xeometricamente, se sitúan á súa dereita que compiten pola mesma bolsa de votos, que son as que están, que é considerable no caso do Estado español, que son aquelas que forman parte ben das forzas e corpos de seguridade do Estado, ben digamos do seu núcleo máis achegado. Moi perigosa esta senda, a policía debe estar nos cuarteis e debe absterse, ten a obriga de absterse de manifestar as súas opinións políticas e, en caso contrario, débeselle aplicar o que indican os regulamentos disciplinarios e as sancións correspondentes.

Gustaríame que noutros casos o Partido Popular asumise esta mesma vontade de lexislar *ad hoc* en interese de certos colectivos; por exemplo, no colectivo dos traballadores e traballadoras. Gustaríame que o Partido Popular tivese a mesma sensibilidade coa degradación que supuxo para os traballadores e traballadoras as súas leis, a Lei de reforma laboral. É unha mágoa que vostedes nese momento non dixeran que cada certo tempo neste país se produce un despedimento sen compensación, que se abarata por suposto o custo do despido colectivo, é unha mágoa que vostedes non asumiran esta mesma vontade de lexislar *ad hoc*, de lexislación sectorial, para moitos outros casos. Acabo de citar o traballo, pero podemos citar o caso das mulleres que teñen vontade de interromper o embarazo, é unha mágoa que vostedes non asuman tamén ese mandato de que se faga, que se lexisle atendendo ás súas demandas, porque para nós sería tal vez máis amparado pola xustiza.

Insisto, a capacidade e iniciativa para lexislar correspóndelle unicamente ao lexislativo e a policía ten a obriga de neutralidade e é moi perigoso, como indicamos, iniciar unha senda de politización da policía, porque eu creo que iso pode acabar realmente mal.

Ano 2015, un país cun número de parados enorme e iso coincide no tempo co inicio ou xa coa constatación, digamos, do que había baixo certas tramas de corrupción que implicaban directamente o Partido Popular, falamos da trama Gürtel sobre todo. Neste contexto o certo é que se dá un forte malestar social que se traslada ás rúas, de maneira que nos parece case, case inevitable. E hai unha vontade de refrear este movemento e esta expresión pública de malestar social pola vía represora, e isto explica a Lei de seguridade cidadá, máis coñecida como Lei mordaza. Citáronse aquí unhas cantas entidades que se manifestaron en contra: Human Rights Watch, Amnistía Internacional, Nacións Unidas, Consello de Europa ou algúns tamén elementos que foron mesmo tamén corrixidos polo Tribunal Constitucional sen que para min, desde logo, se constitúa un criterio de autoridade porque sabemos que tende a ter unha interpretación da lei bastante restritiva.

En todo caso, vaiamos recuperar os dereitos colectivos e individuais que garanten que as persoas teñen capacidade para se manifestar publicamente, para dar a coñecer a súa opinión e para reunirse; e tamén, por suposto, aquilo que teña que ver coas súas garantías, cos principios que rexen, dentro do marco da Constitución española, da propia Constitución española, as liberdades individuais e colectivas. Vaiamos retraendo esa senda na que a maior liberdade de movemento para o capital se ve compensada coa maior restrición nas liberdades individuais e colectivas, que é basicamente o que vimos a denunciar nós na nosa moción.

A nós gustaríanos que houbese avances ambiciosos por parte do Executivo á

hora de derrogar non só esta lei, senón tamén outros artigos e capítulos do Código penal que tamén nos parecen restritivos. En todo caso, entendemos que o que conta é avanzar cara a ese sentido e por esta razón aceptamos a emenda que propón o Partido Socialista.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

En relación ás dúas mocións presentadas, temos que dicir que, evidentemente, sen ningunha sorpresa, non imos compartir a do Partido Popular. É coñecido o noso posicionamento en relación á Lei de seguridade cidadá. Curioso nome para unha lei que realmente o que vén é a limitar e reducir o que son dereitos e liberdades individuais e tamén colectivas. Realmente parece curioso que se poña en entredito o contido de diferentes informes que chaman a atención en relación ao retroceso democrático que supón a aplicación desta mesma lei; unha lei que, por outro lado, foi aprobada sen o respaldo do resto de forzas políticas e que ocasionou xa no seu momento unha importante contestación cidadá ante o que viña sendo un ataque aos dereitos e liberdades.

Si que é certo que, en relación ao contido, exposición de motivos da moción presentada pola Marea coincidimos, coincidiamos tamén nesa redacción inicial na parte de acordos que se vén correspondendo coa parte do acordo de investidura, asinado no seu momento co Partido Socialista no seu apartado 13, no que efectivamente o noso posicionamento era o de aceptar o compromiso de derrogar esta lei, a Lei mordaza. E nese sentido entendemos que coa aceptación da emenda do PSOE rebáixase esa esixencia, quedando nese matiz de modificación.

O noso posicionamento é que, coa intención de recuperar esa saúde democrática, garantista e que realmente protexe os dereitos e liberdades dos cidadáns, que realmente é o que contribúe a sentírmonos seguras tamén para reivindicar aquelas cuestións que resultan importantes para levar as nosas vidas adiante tamén con dignidade e que nos permite reivindicar outros dereitos, entendemos que a aspiración tiña que ser algo máis ambiciosa que esa modificación. Daquela, en relación á moción da Marea, coincidindo coa parte expositiva, si que é verdade que ese matiz de modificación nos leva á abstención.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas.

A verdade é que parece que o Grupo Provincial do Partido Popular nesta provincia da Coruña empeza a caer nesa estratexia da exaxeración do señor Casado. E esta moción e o argumentario desta moción, e sobre todo o exposto nesta moción, confirman esta afirmación que acabo de facer. A verdade é que a deriva do PP nacional nos últimos tempos con afirmacións saídas de ton e totalmente exaxeradas está levando a política no noso país a unha situación na que non nos atopabamos habitualmente, ou polo menos non estabamos acostumados, con auténticas barbaridades e entre elas están afirmacións que se realizan con respecto a esta reforma da Lei mordaza, unha Lei mordaza que é importante poñerse en situación, hai

que lembrar que foi aprobada en solitario polo Partido Popular cando tiña maioría absoluta. Ningún grupo parlamentario, ningún, apoiou esa lei. Unha lei que á parte foi promovida por ese señor tan respectuoso coa norma como é o exministro de Interior, o señor Jorge Fernández Díaz, que, como sabemos, está imputado por espionaxe policial. Penso que o primeiro que ten que facer un partido que respecta as forzas e corpos de seguridade do Estado é non utilizalas en beneficio propio para espiar o seu extesoureiro, algo que está demostrado ademais en sede xudicial, e que é un exemplo desa distinta vara de medir. As forzas e corpos de seguridade do Estado son boas cando se utilizan por parte do Partido Popular neste caso, que as respecta pouco e respecta sobre todo o estado de dereito moi pouco cando adopta decisións desas características por este ministro que Deus teña na gloria na política, afortunadamente para este país.

E, dito todo isto, algunha das afirmacións que facía o voceiro ou a persoa que defendeu esta moción no Pleno, Sr. Rodríguez, que algunha delas para min son totalmente, están fóra de lugar e non deberían realizarse e menos nun salón plenario coma este, dicir que o que está facendo o Goberno con esta reforma, e cito o que acabas de dicir é *"adiantarse xa para tomar las calles cuando vuelvan a la oposición"*. Ben, parece que é unha afirmación totalmente fóra de lugar e eu pediría que a retirases, porque ademais de fóra de lugar é totalmente inxusta e vai na liña desas exaxeracións das que estamos a falar. Dicías *"mi madriña si esto lo llega a dicir un político del PP"*, en referencia a unha ministra do Goberno. Home, podemos comentar algunhas cousas que di algún político do PP, neste caso o líder do voso partido, que nos últimos días, e só recollín catro afirmacións, acusa o PSOE de *"obstaculizar la investigación sobre los abusos sexuales a menores"*; *"Pedro Sánchez quiere construir un Estado totalitario"*; *"El Partido Socialista ha realizado una purga en la Guardia Civil"*, simplemente por cambiar os mandos policiais, algo que fan todos os partidos cando chegan ao goberno. *"En España se está abatiendo un golpe de estado"*. Pois estas son afirmacións que fai o señor Casado e que van na liña disto que estou a comentar e que ao final resume en gran medida o porqué desta moción e, sobre todo, da actitude do Partido Popular cunha lei, e volvo onde empecei, que como dixen foi aprobada en solitario polo Partido Popular, co rexeitamento de todos os grupos, e que ademais había unha gran contestación social, non é algo que estea inventando eu, tanto de ONG como da propia sociedade civil, incluso o comisario europeo de Dereitos Humanos afirmaba que España pretendía facer legal aquilo que era ilegal, e non o digo eu, como digo, dicíao naquel momento, mellor dito, o comisario europeo de Dereitos Humanos ou incluso un recén chegado ao Partido Popular, que non sei finalmente se chegou xa ou non, pero que o tiña aquí gardado para ensinárllelo a vostedes, porque me chamou bastante a atención: *"Esta ley no es necesaria; viola la jurisprudencia europea y el Convenio Europeo de Derechos Humanos y recorta derechos fundamentales como el de la manifestación y el de la reunión"*; isto dicíao o novo militante do Partido Popular o señor Toni Cantó, que naquel momento estaba en UPyD, polo tanto, non será sospeitoso tampouco de ser un esquerdista radical, nin defensor das manifestacións na rúa que acaban con todo aquilo que é público e que, como dicía vostede, afectan á seguridade etcétera, etcétera.

Fixo tamén unha afirmación que é a constatación precisamente, polo menos desde o seu punto de vista, de que esta lei non funciona, e é que vostede iniciou a súa intervención e rematou dicindo que no tempo que levaba vostede falando se tiña agredido xa a un axente; polo tanto, ese é o mellor exemplo de que esta lei non

funciona, porque se fora tan boa e evitara esas agresións aos axentes das forzas e corpos de seguridade do Estado, esa afirmación que vostede acaba de facer agora estaríase referindo ao pasado e non ao presente. Por tanto, o propio desenvolvemento desta lei e a súa aplicación, segundo as súas propias verbas, non o digo eu, non está a ser útil; unicamente que me diga vostede agora que na etapa anterior, no tempo en que vostede falou en vez de agredir a un, agredían a dous, cousa que penso que non me vai poder dicir porque ese dato loxicamente non ten nada que ver coa realidade.

Di vostede ademais diso que a policía ten que facer de taxista e devolver esa persoa ao lugar onde foi detido en menos de 2 horas. Iso non é verdade, iso é unha manipulación do que di a propia lei, que o que di é que o tempo máximo para a identificación das persoas en dependencias policiais pasará de 6 a 2 horas, salvo causas excepcionais e xustificadas. Esas persoas terán dereito a que se lles facilite o seu retorno, a que se facilite, ao lugar onde non puido realizarse a identificación inicial sempre e só no caso de que este se trate dun municipio distinto. É dicir, se deteñen vostedes unha persoa en Melide e o levan para identificalo, pois eu que sei, poño un exemplo que será un absurdo, pero a Coristanco, loxicamente esa persoa terá dereito a que non se lle deixe en Coristanco sen un medio para poder regresar, porque se ten cartos, se non os ten, se ten quen o poida recoller, etcétera. Polo tanto, non é verdade que teña obriga a policía de montar ese señor no coche e levalo de taxista por aí adiante ou se o detén en Madrid, en Vallecas, ter que levalo a calquera outra zona da capital. Non é verdade. Só se se detén nun municipio que non é onde se vai proceder á súa identificación, e ademais sempre –pono claramente na proposta de modificación da lei– que este feito, o de retorno a esa persoa, non cree problemas de funcionamento do servizo policial. Polo tanto, se hai unha prioridade en canto a que ese servizo ou ese policía teña que atender calquera chamada ou cuestión que sexa importante, loxicamente terá que primar sobre entregar esa persoa. Por tanto, é unha exaxeración máis que manipula o que é a realidade e o que di a propia lei e que non ten que ver loxicamente co que se propón nesa modificación.

Sobre a toma de imaxes, di vostede que se poden publicar. Tampouco efectivamente é así como vostede di. O que di a reforma é que non constituirá infracción a simple toma de imaxes en lugares de tránsito público e manifestacións ou a súa mera difusión, pero considerará grave infracción o uso de imaxes ou datos persoais de profesionais de autoridades ou axentes de seguridade, cando xere perigo certo para a súa seguridade. Polo tanto, non levanta a prohibición de difundir imaxes de policías se supón un risco para a súa seguridade, en contra do que di o Partido Popular.

E, como iso, poderiamos seguir lendo unha serie de aclaracións sobre o que di a propia reforma, que non estou dicindo eu, e sobre a interpretación interesada que diso fai o Partido Popular dentro desta estratexia que, como digo, está nos últimos tempos de botarse totalmente ao monte. É verdade que, liamos creo que foi en *El País* nesta mesma semana que incluso entre o Partido Popular empezaba a haber certo descontento polos vaivéns do seu líder, Casado, que é verdade, que unha semana é un tío de extrema, á semana seguinte volve ser case de esquerdas, despois propón un gran pacto á alemá, despois di que Pedro Sánchez é un golpista; ben, pois un vaivén que entendo que é froito sobre todo das tensións internas que teñen no seu grupo e dos problemas de liderado, pero loxicamente o responsable

sería non utilizar a sociedade española, e neste caso as forzas e corpos de seguridade do Estado, para distraer a atención e intentar el reforzarse dentro do seu partido e neste caso tamén fronte a esa extrema dereita que a vostedes lles preocupa tanto, porque lles saca unha parte importante dos seus votantes, dito polo propio señor Casado.

Polo tanto, está nunha situación que entendo que é difícil e que é complexa de xestionar, pero ben, penso que un ten que ser consecuente co que opina e ao final as augas sempre acaban volvendo ao seu canal. Cando un se deixa levar por ese tipo de populismos, neste caso de extrema dereita, pois acaba mal, como lle auguro que acabará o señor Casado. En todo caso eu o que pediría sería que sexamos un pouco máis serios e que non fagamos afirmacións como algunha que citei aquí inicialmente que non ten absolutamente nada que ver coa realidade.

E o máis importante de todo e que é unha cuestión de carácter democrático é que este Goberno no seu programa electoral, o Partido Socialista e algúns dos partidos que apoian a este Goberno, xa poñían que, se chegaban ás institucións, ían modificar e ían reformar esta lei. E foron votados polos cidadáns, polo tanto, non hai máis nada que discutir. Os cidadáns coñecían de antemán esta proposta do Goberno, decidiron votalo maioritariamente nas urnas, non así ao Partido Popular, e polo tanto o Goberno nese aspecto está totalmente respaldado de forma democrática pola cidadanía para, neste caso, reformar a Lei mordaza. E iso é unha cuestión democrática, non se trata de atacar a policía nin de non defender as forzas e corpos de seguridade do Estado, cousa que facemos e que ademais recoñecemos o seu labor. Non ten absolutamente nada que ver nin con esta lei nin coa proposta que vostedes trasladan, nin coas supostas propostas de reforma que vostedes afirman que fai o Goberno e que non teñen nada que ver coa realidade. Polo tanto, nós loxicamente entenderán que non imos votar unha moción que é totalmente partidista e que está pensada sobre todo para armar máis alboroto e intentar presentar este país como nunha situación límite, que non é neste caso, no da seguridade, na que está. E sobre todo remato coa súa afirmación de que mentres vostede falaba se agredía un policía. Polo tanto entendo, que esa é a mellor proba de que esta lei non funciona.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Sí, muy brevemente. En relación a la intervención en primer lugar del señor Lema, derechos vendo que para los que no piensan como yo no tengo. Es decir, usted ha venido aquí a hablar de recuperar derechos civiles, ha venido aquí a hablar de legislar para determinados colectivos y luego le niega a la policía el derecho a manifestarse, que es algo que no se discute en este país desde 1981. Ya hace 40 años, 40 años, ya quedó claro en este país que las fuerzas y cuerpos de seguridad tenían derecho a manifestarse. ¿Qué ocurre? Claro, el problema es que se manifiestan diciendo que no están de acuerdo con ustedes, ese es el modelo. Entonces, a ver, yo ahí pediría un poquito de coherencia.

Y también le pediría al grupo de la Marea y al grupo del BNG que dejen de hablar del Gobierno en tercera persona como si no fuera con ustedes. O sea, Yolanda Díaz es su vicepresidenta. Ustedes son, no sea modesto, señor Lema, ustedes son

Gobierno de la nación. Es un Gobierno que llegó a donde llegó, entre otros, con el apoyo tan decisivo del Bloque Nacionalista Galego, que, según para qué, si es para una cosa son decisivos, si es para otra pasaban por allí. No, vamos a ver, seamos coherentes. Es decir, evidentemente la aritmética democrática la conocemos todos y todos tenemos que respetarla y, por lo tanto, que iba en su programa reformar, derogar, ya no lo sé muy bien, esta ley, por supuesto, claro que, sí, pero y ¿qué ocurre?, ¿que tenemos que decir amén? ¿Tenemos que decir que estamos de acuerdo con la reforma que ustedes pretenden llevar a cabo? Porque además, insisto, ustedes hicieron bandera, todos, todos de las devoluciones en caliente, y esto lleva camino de ser la reforma laboral en versión seguridad ciudadana, porque no es que las hayan aplicado, es que las van a seguir aplicando porque van a seguir vigentes después de esta reforma.

En cuanto a la intervención del portavoz del Partido Socialista, hombre, a mí me han llamado muchas cosas y desde que estoy en política, más. Exagerado todavía no me lo habían llamado, eso es lo que me llevo hoy para casa. Y usted que tantas veces, señor Fernández, habla de que aquí hay quien viene con el libro ya escrito de casa, hombre, yo creo que usted si me llama a mí exagerado es que muy atento a mi intervención no debió de estar. Es cierto que esta ley, la que se pretende reformar, sí la aprobó en solitario el Partido Popular porque tenía mayoría absoluta. ¿Qué ocurre? ¿Que ahí ya no vale la aritmética democrática? Es decir, ¿solo vale cuando ustedes suman con independencia de los socios que legítimamente han obtenido una representación en el Parlamento del Estado? Cuando esa representación es mayoritaria hasta tal extremo de que se goza de una mayoría absoluta entonces ya no, entonces ya no cuenta, esa ya no vale.

Y, hombre, a ver yo no voy a abrir esa lata porque podríamos estar aquí hablando de declaraciones sobre ministros de unos, ministros de otros. Yo no la voy a abrir, pero sí le tengo que decir que me parece muy atrevido por su parte hablar aquí de presuntos casos de corrupción cuando aún está caliente el nombramiento de la presidenta regional de su partido. Tengo que decírselo, y no es este el estilo que a mí me gusta, pero, es decir, aún no se han apagado los ecos del nombramiento de Carmela Silva, con lo que está cayendo, con una persona que va a ingresar en prisión, porque los vigueses han tenido que estar sufragando un sueldo nada modesto a su cuñada, hombre pues mire, ¿yo qué quiere que le diga? Si vamos a jugar a eso, pues vamos a jugar todos. No es lo que me gusta, no es lo que me gusta, incluso no por la cercanía de las Navidades, no me gusta en ningún momento del año pero, claro, hombre que tenga usted el valor de venir aquí a hacer ese tipo de afirmaciones cuando todavía, insisto, no se ha secado la tinta de los titulares y de las resoluciones judiciales que sobre ese caso se están dictando, pues bueno.

Sobre mi afirmación de que todo parece indicar, refrendada, insisto, por la señora Yolanda Díaz, de que lo que se está preparando es una ley de seguridad ciudadana que permita tomar impunemente las calles, hombre, yo si tanto le molesta, no tengo inconveniente en retirarla, eso sí el día que el señor Marlaska retire del *Diario de Sesiones del Congreso* lo que dijo literalmente que fue que esta ley, la vigente, se aprobó para proteger al PP de las manifestaciones. Si él lo retira, mañana mismo, no tenga usted la más mínima duda, de que yo también lo retiro. ¿O es más grave lo que yo he dicho aquí que lo que ha dicho el señor Marlaska? Yo creo que no. E, insisto, porque yo esto, si lo hubiera dicho hace 15 días, pues bueno, mire, a lo

mejor hasta me hacía usted reflexionar, pero es que hace una semana exactamente las palabras literales de su vicepresidenta fueron estas: “El día que no gobernemos va a haber concentraciones, manifestaciones, protestas masivas”, lo está anticipando. Y lo vuelvo a decir, si esa manifestación la hace un político, no digo ya un ministro, del Partido Popular, bueno hombre, tenemos hoy aquí una declaración institucional, tenemos hoy aquí una declaración institucional.

Entonces, hombre, pues vamos a ver, yo creo que el nivel aquí no lo estoy marcando yo, el nivel de crispación, de verdad, el nivel de intensidad de la intervención. Claro, yo, ¿qué quieren que les diga?, ustedes continuamente hablan de los que están en contra de la reforma y enseguida vienen con Vox, con la foto de Colón, etcétera. Hombre, yo, bueno pues vamos a recordar los que van a apoyar, los que están impulsando, mejor dicho, esta reforma, que por culpa de esa aritmética, bueno, yo lo entiendo, hay que conseguir sacar adelante unos presupuestos, bueno, pues tiene un precio, lo estamos viendo, lo estamos viendo, todos los días lo vemos, lo vemos en las noticias y lo vemos en el BOE.

Claro, pero aquí el impulso definitivo a esta reforma se lo están dando, por un lado los herederos políticos de los asesinos de 506 policías, para que no haya dudas ni nadie se sienta ofendido, no están aquí representados, pero van a votar a favor de esta reforma. Otros, los que persiguen expulsar del centro de Barcelona a la Policía Nacional y de toda Cataluña a la Guardia Civil; tampoco están aquí representados, hay simpatías, pero bueno todos las tenemos, pero no están aquí representados. Y luego están los que sí están aquí representados a través del señor Lema, que son los que han llevado en sus listas y mantenido como diputados hasta que no les quedó más remedio a sendos condenados por atentado a la autoridad. Eso era asaltar los cielos al final. Eso sí, luego, ojo, las fuerzas y cuerpos de seguridad para proteger determinadas urbanizaciones en Galapagar, o para borrar o que no se hagan pintadas a equis kilómetros de donde alguien va a disfrutar de sus vacaciones, para eso sí, para eso sí. Precisamente la de otro vicepresidente de su Gobierno que no se avergonzó ni se retractó nunca de decir que se emocionaba al ver cómo a un policía en una manifestación se le caía el casco y le cosían la cabeza a patadas. Eso sí es grave, eso sí es grave, y no que aquí un humilde diputado, concejal de esta ciudad venga a decir, hombre, que parece que huele que esta reforma a lo mejor lo mismo va a poner más fácil determinado tipo de políticas de calle, vamos a decirlo así.

Pero, mire, por concluir en positivo, coincidimos evidentemente en la defensa de la doctrina del Tribunal Constitucional, a la que usted alude en la enmienda que firma su grupo. Bien, se lo compro, pero aplíquenla toda, aplíquenla toda, porque lo mismo que se está diciendo que efectivamente la prohibición de grabar a un agente de la autoridad es censura previa, oiga, no se me quede ahí, vaya usted al resto de los puntos objeto de recurso que avaló el Tribunal Constitucional, entre ellos las propias devoluciones en caliente. Es decir, lo que no podemos hacer es coger de la sentencia del Tribunal Constitucional lo que única y exclusivamente nos interesa.

Y hombre, a ver, yo creo que podemos hacerlo mejor todos, yo el primero, pero yo creo que ustedes también. Es decir, si usted me quiere decir a mí que no me puedo oponer a esta reforma porque como cada hora, que es la estadística actual, aproximadamente cada hora, se agrede a un agente de la autoridad, eso es que esta ley no funciona. Bueno, hombre, a ver si lo tengo que explicar lo explico, pero yo creo

que usted tiene capacidad para ir un poquito a un silogismo de mayor calidad. Es decir, lo que le estoy diciendo es que la reforma que ustedes pretenden hacer no va a ayudar, no va a ayudar a los fines de una Ley de seguridad ciudadana, que es en definitiva proteger los derechos y libertades de la ciudadanía, dotar a las fuerzas y cuerpos de esos recursos. Entonces, oiga, lo que pretendemos, o yo creo que es a lo que debemos aspirar, es a que, si vamos a cambiar y todos esperamos a gobernar en nuestros respectivos ámbitos de actuación, es para cambiar las cosas a mejor, yo pensé que esto no hacía falta explicarlo. Yo, mi opinión y la que sostengo y por eso justifico el voto de este grupo, es porque pensamos que esta modificación, que esta reforma va a cambiar la situación a peor, y pensamos que estamos tan legitimados para uno como están ustedes para promover una reforma a la que se comprometieron electoralmente.

Insisto, yo no tengo intención de volver a tomar la palabra y creo que no sería bueno iniciar esa escalada de ahora tú, ahora yo, ahora tú, ahora yo, porque aquí yo creo que más o menos todos podríamos empezar aquí a recitar diferentes casos que afectan a todo el mundo, de cosas que echarnos en cara, pero yo creo que más o menos hemos puesto el Pleno el día 21, que me corrija si no el señor presidente, para poder pasar las fiestas en compañía de nuestros seres queridos. Entonces yo le anticipo que por mi parte, salvo que sea imprescindible, no pienso volver a tomar la palabra.

Muchas gracias.

Sr. Lema Suárez

A ver eu tampouco espero falar máis. Un par de cuestións confírmase que, efectivamente, o primeiro postulado de que nesta Cámara o partido de dereita, o único que de momento temos aquí, aínda que hai que ver cantas veces fai referencia a ese outro partido de dereitas que de momento non está nesta Cámara pero cuxo espazo ou discurso se intenta imitar ou apropiar, está claro que iso evidencia, está detrás de parte do discurso que hoxe acabamos de escoitar, nos debates que fomos tendo aquí sempre se exixe a máxima liberdade para o capital, a máxima capacidade para facer negocios onde queira, que se eliminen as barreiras administrativas, ecolóxicas, todas as que sexan necesarias para que o capital poida actuar libremente, e movemento contrario evidentemente cando se trata das liberdades individuais e colectivas. Case, case que é correlativo e é necesario que cando un se atopa con que ten unha lexislación laboral que está feita desde o lado único da patronal, que non se buscou ningún tipo de concertación, está claro que vai haber unha contestación social e esa é contra a que se dirixe esta lei que estamos aquí a debater hoxe, esa é a abstracción do debate.

Indo xa máis ao concreto, eu a verdade, señor Rodríguez, eu penso que estimo, como dixen en moitas outras veces, moito a súa intelixencia aínda que ás veces creo que comete vostede algunha que outra pequena trampa. Eu, por exemplo, cada hora ou cada non sei canto dixo vostede que é agredido un policía, eu non sei cada canto tempo se subscribe neste país un contrato por horas, a min paréceme moi violento que exista unha modalidade de contratación por horas, paréceme moi violento, non equiparable tal vez ao que vostede di, pero a min paréceme realmente violento porque imposibilita que alguén teña unha vida digna. E non sei cada canto

tempo se produce neste país un aborto nunha clínica clandestina, non o sei. A verdade é que, aínda que o soubese, non o diría nesta Cámara porque me parecen argumentos demagóxicos e entendo que temos que lexislar con outro tipo de argumentos, francamente.

Eu insisto en que non vou entrar nesa senda porque non me parece que leve a ningún sitio, simplemente a unha, tal vez, espiral de casos máis ou menos graves que, insisto, non levan, creo que non é o que debe rexer o debate entre nós.

Os policías claro que teñen dereito a manifestación, pero teñen a obriga de neutralidade. Poden manifestarse en defensa das súas condicións laborais, pero non manifestarse en cuestións que teñan que ver co que aquí se trata, que é un ámbito político, porque cando a defensa, se vostede quere converter a prohibición de gravar, ou se vostede quere converter que se penalice, que pase de ser un delito leve a unha falta grave a convocatoria dunha manifestación, iso desde logo tamén está no contido desta lei e, polo tanto, non nos fagamos trampas. A policía ten a obriga de neutralidade e iso é algo que se está perdendo e se está naturalizando, e retrotráenos a momentos moi escuros da historia deste Estado. Polo tanto, insisto, unha senda moi perigosa que lles pido, aínda que sei que desde logo non van facer ningún caso, que se absteñan de continuar.

A policía está ao servizo de todo o mundo, das dereitas, das esquerdas, das ultraesquerdas e de quen toque. Polo tanto, eles non teñen, non deben, non poden opinar sobre esta cuestión, que é de índole política, non é de índole laboral, non estamos aquí falando do Estatuto dos traballadores dos policías, senón que estamos falando dunha cuestión de liberdades e dereitos públicos. Polo tanto, insisto, creo que non é unha boa senda a que inicia vostede con esa liña de argumentos.

E polo demais pouco máis que engadir. A nós gustaríanos desde logo que o BNG se sumase a esta moción, que a nosa proposta de aceptar a emenda do Partido Socialista, que entendemos que vai na dirección correcta. Probablemente non sexa a nosa hipótese de máximos, estou seguro de que tampouco é a hipótese de máximos do BNG, pero cando menos mandaremos unha mensaxe cara ao exterior de que nesta Cámara se inicia unha senda de recuperación de liberdades públicas e individuais.

Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, inicialmente pensaba, señor Rodríguez, que a vostede lle tocaba defender esta moción por que así o decidiu o seu grupo e polo tanto facía o que podía. Vexo despois da súa segunda intervención que non, que é vostede un fiel seguidor desa estratexia do señor Casado. A verdade é que o recoñecemento de que vostede dixo algo que non debía dicir fíxoo vostede coa súa intervención, porque reproduciu de forma totalmente distinta aquilo que dixo, foino matizando ata non dicir o que dixo. E o que dixo foi que estaba buscando unha desculpa para tomar as rúas cando volvan á oposición, e agora despois foino matizando. Ben, paréceme que iso non se debe dicir. Despois a verdade chámame a atención e confirma que non lle gustou nada que fale do señor Fernández Díaz con esa comparación que fixo coa

presidenta da Deputación de Pontevedra, o cal incide novamente máis nesa estratexia da exaxeración e directamente da difamación, ou incluso da manipulación, mellor dito, diría eu, da realidade.

A presidenta do meu partido elixida recentemente, a señora Carmela Silva, que eu saiba non está imputada nin condenada, está condenado un funcionario e estaba imputada a súa cuñada, ela non. O señor Fernández Díaz está imputado por delitos de descubrimento e revelación de segredos e malversación de caudais públicos. Polo tanto, comparar a alguén que ten un cuñado imputado e a un funcionario dunha Administración na que ela traballa condenado con alguén que si que ten unha imputación por crear un caso dunha trama parapolicial de espionaxe ao extesoureiro do seu partido para intentar subtraerlle documentación sensible sobre o financiamento irregular e ilegal do Partido Popular, que está constatada e que hai unha sentenza que di que a houbo, home, se non é exaxerar pois *que baje Dios y lo vea*. Que terá que ver? O que pasa é que ese é o mellor exemplo de que vostede non ten argumentos para defender o que estamos a defender; xa me dirá vostede que pinta aquí Carmela Silva, xa non só porque non estea imputada nin estea condenada, en contra do que di vostede ou do que vostede pretende deixar caer, xa sei que non lles gusta, pero que queremos que lle faga. A xente en Vigo apoia o Partido Socialista e loxicamente con este tipo de estratexias por parte do Partido Popular seguirán vostedes moitos anos máis na oposición para a súa desgraza e para ben dos vigueses e das viguesas.

E tamén chama a atención que veña esta moción precisamente do Partido Popular, que meta vostede a Carmela Silva polo medio, cando pleno tras pleno nos recrimina ao resto dos grupos que traiamos mocións aquí que supostamente non teñen nada que ver coa provincia. Parece que neste caso si que ten que ver coa provincia. Loxicamente, en termos absolutos ten que ver coa provincia, a seguridade ten que ver con todo o Estado, tamén o ten o financiamento autonómico e outras mocións que trouxemos aquí os demais e que a vostedes lles parecían que non tiñan que ser debatidas porque nada tiñan que ver coa Deputación da provincia. Está ben esa dobre vara de medir da que fan vostedes uso e gala cada vez que teñen oportunidade. É unha cousa bastante interesante.

Fala vostede do señor Marlaska, mire, eu interpéloo a vostede porque é con quen estou falando e debatendo, que está aquí, ao señor Marlaska non o teño aquí nin a outros moitos para poder interpelalos. Por iso prégolle a vostede ou pregueille que retirase iso que dixo, que non pasa nada se non o quere retirar, tampouco me vou ofender sobre iso, pero ben tanto o nivel de intensidade do Pleno penso que o nivel da miña intensidade foi definir que esta lei fora aprobada sen consenso de ningún grupo, efectivamente polo Partido Popular que tiña a maioría, pero ningún grupo o apoiou, ningún, nin sequera, repito, o novo integrante do Partido Popular, o señor Cantó. E fala vostede de que esta lei tamén está apoiada, esta reforma polos herdeiros de ETA, etcétera. Si, está apoiada por ese grupo político elixido democraticamente, pódenos gustar máis ou menos, eu prefiro que estean no Parlamento defendendo posturas aínda que eu non as comparta, que matando xente pola rúa, polo tanto, está ben que vaiamos avanzando en calidade democrática neste país e non utilicemos este tipo de argumentacións. Pero, en todo caso, hai outros moitos grupos que non son herdeiros de nada tan nefasto para a historia deste país, como foi o caso de ETA, que tamén apoian a modificación e a reforma desta lei. Por tanto utilizar ese argumento, que xa empeza vincular un pouco o tema de ETA coa lei,

coa Policía, coa Garda Civil tal, unha zaragallada de cousas que me parece pouco serio e de alguén da súa intelixencia, a quen sabe que respecto, pois creo que non debería traer argumentos dese tipo, que si lle escoito ao señor Casado, pero fíxese que eu considero que calquera dos que están aquí teñen máis nivel ca el, tanto en oratoria como en defensa dos valores democráticos deste país. Polo tanto, utilizar determinadas argumentacións paréceme bastante, non sei, de pouco nivel e creo que non se corresponde co nivel que teñen vostedes. Por tanto, quedo con aquilo que dicía cando iniciou a súa intervención de que podemos facelo mellor, pois fagamos un esforzo para facelo un pouquiño mellor, busquemos argumentos doutro tipo e non con afirmacións tan grosas como esas, ocultando parte da realidade, como acabo de dicir, son moitos os grupos que apoian esta reforma e foron todos os grupos excepto un no Congreso dos Deputados que votaron en contra desta lei, por algo sería, quero pensar.

Nada máis e si brevemente desexarlles tamén a todos, porque seguramente será a miña última intervención no día de hoxe, toda a sorte do mundo nestas datas que veñen do Nadal, que son tan bonitas e tan fermosas para todos e todas.

(Abandona o salón o Sr. Calvelo Martínez)

Sr. Regueira Varela

Xa que me permite María Muíño tomar a palabra na segunda quenda, a min simplemente me gustaría facer unha reflexión, porque dá a sensación de que este Pleno ten alma de Parlamento e curiosamente liquidamos 29 temas da orde do día empezando tarde, que empezamos sobre as 12.10 e rematamos eses 29 puntos, que teñen que ver cos municipios da nosa provincia, á unha menos 5. E, é máis, unha moción que era claramente de competencia municipal como a dos GES tamén a tratamos cunha rapidez extraordinaria, e creo que no fondo todos estamos preocupados por mellorar a coordinación do servizo de emerxencias. E estamos aquí practicamente 50 minutos debatendo sobre unha lei que se debate practicamente a diario nas Cortes do Estado, e que todos temos representantes nesas Cortes para facer ese traballo seguramente, máis cualificados ca min sen dúbida.

Pero simplemente para contestarlle ao señor Lema, que dicía que lle gustaría que o noso grupo apoiara, efectivamente a reforma ou a proposta de modificación vai na boa dirección, pero nós aquí non falamos de policías nin de forzas e corpos de seguridade do Estado, non falamos diso, falamos de que a lei a consideramos mala. Os traballadores das forzas e corpos de seguridade do Estado son traballadores como de calquera empresa que fan o seu labor o mellor que poden e o mellor que saben en todo momento, ou eu considero que é así. Pero consideramos que a lei é mala, que é unha lei que democraticamente ten moitos flancos por onde atacar, e a min paréceme grave que ás veces cando Amnistía Internacional ou cando a ONU dan ou publican documentos sobre calidade democrática e índices de calidade democrática e sobre déficits das democracias ou dos réximes a nivel global pois todos enarboremos a palabra para criticar o que pasa en Irán, o que pasa en China, o que pasa en Venezuela ou o que pasa en Cuba, e en cambio cando se fala do Estado español, e hai os documentos de Amnistía Internacional ao respecto desta Lei mordaza, pero tamén hai documentos da ONU sobre a calidade democrática posterior á Lei mordaza, parece que eses organismos de repente perden toda a credibilidade.

Polo tanto, o BNG non vén aquí a falar de policía nin de corpos de seguridade do Estado, vimos falar do articulado dunha lei que cremos que precarizou unha boa parte das liberdades e dos dereitos da cidadanía do Estado español. Non podemos apoiar a moción, ímonos abster.

Señor presidente

Procedemos á votación polo tanto. Primeiro votamos a moción do Partido Popular.

VOTACIÓN

Votan a favor: 12 deputados/as (PP)
Votan en contra: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Abstéñense: 1 deputado (PP- En virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

Señor presidente

E agora votamos a moción do Grupo Marea Atlántica incorporando a emenda do Partido Socialista.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados/as (11 do PSOE, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: 12 deputados/as (PP)
Abstéñense: 5 deputados/as (4 do BNG e 1 do PP - En virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica de apoio á derrogación da Lei Mordaza

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Asistimos estas semanas a un novo debate sobre a Lei Orgánica de Protección de Seguridade Cidadá motivado pola posta en marcha da súa derrogación. Esta lei forma parte da coñecida popularmente como Lei Mordaza, que en realidade aglutinaba baixo esa denominación a Lei Orgánica 4/2015 do 30 de marzo e a reforma do Código Penal do 2015 Estas reformas lexislativas foron realizadas baixo o goberno de Mariano Rajoy en 2015. Aquelas reformas tiñan o claro fin político de dificultar a protesta social que se vivía como resposta ao torrente de casos de corrupción e políticas austericidas nun contexto de crise política, institucional e económica.

O novo Goberno do Estado do PSOE e Unidas Podemos, grazas tamén á presión dos seus socios parlamentarios, está avanzando por fin na recuperación deses dereitos sociais e civís perdidos polas citadas reformas. Durante esta lexislatura xa se realizaron algunhas reformas puntuais do Código Penal como a supresión do

apartado 3 do artigo 312 que elimina as penas máis represivas contra os piquetes nas folgas.

Fronte a esta derrogación da lei que supón unha saudable recuperación dos dereitos civís e políticos de liberdade de expresión, reunión e información, está armándose unha campaña político-mediática que trata de amedrentar e evitar as mencionadas mudanzas.

Esta campaña da que forman parte os partidos da dereita está ignorando deliberadamente que, ademais dunha ampla maioría social e parlamentaria favorable á reforma, existen innumerables informes, recomendacións e declaracións de organismos internacionais alertando da gravidade desta "Lei Mordaza":

Human Rigths Watch expresou con contundencia as súas reservas xa en 2015 afirmando que se debería rexeitar o acordo sobre o proxecto de lei xa que "restrinxiría garantías de dereitos" xa que a lei contén "disposicións violatorias dos dereitos de liberade de expresión, reunión pacífica, penalizando inxustificadamente a grupos vulnerables e incumprindo normas internacionais sobre asilo".

Amnistía Internacional emitiu en 2017 un informe denominado "España: Activistas sociais e o dereito á información, no punto de mira. Análise sobre a Lei de Protección de Seguridade Cidadá". Este informe analiza os dous primeiros anos de execución da citada lei, e afirma que "está tendo un impacto negativo no exercicio da liberdade de reunión, expresión e información". Por se fora pouco, afirma como conclusión da súa análise que "España segue sen observar a súa obrigación de respectar, protexer e realizar o dereito de reunión pacífica tanto na lei como na práctica".

A **Organización de Nacións Unidas** emitiu xa en febreiro de 2015, meses antes da aprobación da norma, un informe no que un grupo de expertos en dereitos humanos instaba a rexeitar os proxectos de reforma legal denominados Leis Mordazas, xa que ameazaban con "violar dereitos e liberdades fundamentais dos individuos". Ademais, en 2020, o propio Consello de Dereitos Humanos da ONU no seu Exame Periódico Universal realizado cada 5 anos advertiu que España "debería poñer freo ás restricións á liberdade de expresión e reunión introducidas pola Lei Mordaza"

Por último, e por mencionar un organismo máis, o **Consello de Europa** afirmou con rotundidade este mesmo ano que "España debería reformar a lei de Seguridade Cidadá". Esta afirmación recóllese nas conclusións do ditame sobre España da Comisión de Venecia do Consello de Europa, no que se afirma que urxe esta reforma polo "potencial represivo" da lei e que debería ir esta "acompañada dunha avaliación en profundidade do funcionamento práctico da lei e o seu impacto nos dereitos humanos dado o seu potencial represivo".

Existen centenares de casos particulares onde estas Leis Mordaza teñen facilitado coñecidos e groseiros casos de persecución dos dereitos máis básicos de reunión, expresión e información, con repercusión internacional, que merecerían mencións particulares, algúns deles e aínda de vixente actualidade que afectan a poboación da nosa provincia. Pero alén destes casos e precisamente por evitar un debate sobre resolucións individuais entendemos que o problema lexislativo é global e

precisa solución.

Pola contra, fronte a este problema de dereitos fundamentais, que por fin está a poñérselle solución, hai quen insiste en confrontar e crispar pola vía da política do incendio e a exacerbación. Reiteran a necesidade de máis políticas punitivistas mentres afirman que a inseguridade aumenta pese a seguir vixente a norma que tanto defende, sen caer na conta da contradición que enuncian.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1.- Instar ao Congreso dos Deputados a que teña en conta as recomendacións realizadas polos distintos organismos e especialmente as realizadas polo Tribunal Constitucional en novembro de 2020, e proceda á modificación da Lei de Seguridade Cidadá, así como ás reformas do Código Penal precisas para garantir os dereitos fundamentais de expresión, reunión e información.

2. Dar traslado do seguinte acordo ao Congreso dos Deputados e ao Parlamento de Galicia."

(Incorpórase á sesión o Sr. Calvo Martínez)

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Ben Otero

Traemos dous rogos a este Pleno que vou intentar presentalos coa maior moderación para que o Sr. Fernández Piñeiro non se sinta molesto.

Imos ver, o primeiro fai referencia a unha protesta xeral que nos está chegando por parte dos Tecores da provincia da Coruña, e vou dar lectura a unha cara que me fixeron chegar e despois farei un pouco o rogo a respecto disto. E di así, e está firmado este documento polo presidente de Aproca Noroeste, Luis García Bello, e comprometinme con el a dar traslado desta lectura e logo farei unha reflexión dun minuto respecto disto, e di así:

“Os Tecores da provincia da Coruña non están de acordo coa resolución pola que se aproba a concesión provisional do programa CEO0-28A convocatoria do programa de subvencións de agricultura dirixido a entidades asociativas agrarias e labregas da provincia da Coruña para actividades durante o ano 2021.

O motivo para desestimar todas as solicitudes por parte desta Deputación é que non alcanzaron a puntuación mínima establecida, pero non se indica nin a resolución de concesión provisional publicada este luns, nin os criterios de baremación da convocatoria publicados xunto coas bases o 26 de abril de 2021. Cal é esa puntuación mínima?

Do mesmo xeito, non se indica a puntuación concreta obtida por cada

solicitante no seu expediente. Chama clamorosamente a atención o feito de que, coincidindo maioritariamente beneficiarios e obxectivos, bases reguladoras e criterios da convocatoria 2021 cos da convocatoria 2020, na convocatoria do ano pasado foron todas as solicitudes de asociacións de cazadores estimadas e aprobadas, mentres que na deste ano non se concedan provisionalmente unicamente a dúas sociedades de caza da Coruña, sendo todas as restantes presentadas desestimadas por non alcanzar a puntuación mínima establecida.

O punto 8.2 das bases reguladoras da convocatoria establece que se concederá un prazo de 10 días hábiles para que os solicitantes poidan presentar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, a reformulación, o cambio de obxecto ou as alegacións que consideren oportunas. Non obstante, na resolución de concesión provisional publicada reducíase este prazo a 5 días hábiles.

No tocante aos criterios de baremación da convocatoria, indícase que se poderán obter ata 20 puntos pola colaboración na realización da actividade con outras entidades sen ánimo de lucro da provincia, pero as asociacións de cazadores unicamente poden solicitar subvención para facer desbroces, sementeiras vexetais, seguros e gardería. Estes catro conceptos non permiten a colaboración con outras entidades ao ter que ser realizados ou contratados única e exclusivamente para os terreos cinexéticos dos que son titularidade os solicitantes.

Afondando máis nos criterios de baremación, puntúase cun máximo de 25 puntos o interese da proposta presentada, feito que volve ser incongruente ao estar predeterminados polas propias bases da convocatoria os catro conceptos específicos: desbroce, sementeira vexetais, seguros e gardería aos que poden acollerse as asociacións de cazadores. Dende hai anos estanse a tramitar subvencións por parte da Deputación para axudar á sociedade de cazadores con altos custos que soportan pola gardería, os seguros, as repoboacións cinexéticas de caza menor, sinalizacións perimetrais, desbroces, sementeiras, etcétera. As sociedades de cazadores de Galicia teñen un marcado carácter rural social e non lucrativo, polo que dispoñen duns presupostos moi limitados polo que estas axudas tramitadas pola Deputación servían para manter limpas pistas de monte, cortalumes, franxas de seguridade contra incendios, camiños, etcétera.

Xa ninguén entende por que cada ano a Administración provincial trata de eliminar a posibilidade ás sociedades de cazadores de optar a unha axuda por parte deste ente, creando uns criterios económicos que son inasumibles por estas, senón que a maiores impón un dedazo aos criterios de reparto e, abundando no despropósito, publican a aprobación provisional a finais de ano cun atraso indecente sen que lles dea tempo nin a menor posibilidade ás sociedades que xa teñen investimentos feitos, polo que perderán os cartos investidos pensando que os recuperarían ou ás que podería optar a elas para ter marxe de manobra para a execución dos traballos a realizar".

Ben, este é o escrito que nos teñen mandado e neste caso Aproca, téñense posto en contacto con nós máis Tecores da provincia e a nós preocúpanos isto, porque nós entendemos que os Tecores fan un labor de conservación do monte, xeran actividade económica, fan un labor importante medioambiental de conservación e de prevención. Nós entendemos que, se houbo algún erro, se en algo nos

equivocamos nas bases ou tal, eu creo que temos que buscar unha solución dende logo para o ano que vén, pero esta xente ten nos seus presupostos un desequilibrio importante, e penso que, igual que se dan nominativas en moitos casos para moitas asociacións para poder sobrevivir, este caso temos que valoralo e que se nos explique se aquí o que hai é unha cuestión ideolóxica contra a caza, desde logo eu non teño persoalmente nada nin a favor nin en contra, pero entendo e respecto moitísimo o labor que fan e pido que se faga unha reflexión a respecto disto porque poñen os Tecores da provincia nunha situación moi delicada.

E outro rogo que traemos pois é un rogo que non é novo, é un rogo vello, é un rogo que tamén quero facer de voceiro, non do meu partido sequera, de 1.200 veciños de Teo que presentaron as firmas no Rexistro, 1.200 firmas que veñen recordarlle a este Goberno un compromiso xa adquirido pola súa parte a través dunha moción presentada no seu momento e *a posteriori* por un rogo, que fala da mellora da DP-8201 en Teo. Vertebra cinco parroquias do concello de Teo, conecta con Vedra e Padrón, e así mesmo coa autovía que vai de Santiago á Estrada, e nós entendemos que isto é unha estrada provincial de libro. Reúne todos os requisitos para, polo que nós temos que facer un esforzo para que esta estrada estea en condicións. Non se pode cruzar un autobús escolar en moitos tramos cun coche, por alí son cinco parroquias, 1.500 veciños, 1.200 teñen asinado esta proposta. Vostede, presidente, comprometeuse a mirar este tema, o señor deputado de Infraestruturas tamén. Eu penso que ten a vontade o señor Pequeño de mirar esta cuestión. Eu dicíalle no Pleno de orzamentos: Dígame un novo proxecto que poida presentar e executar neste ano; eu invítoo a que mire isto con tranquilidade, con normalidade. Isto é unha obra urxente e necesaria. Non o digo eu, dino 1.200 veciños de Teo e pídolle, por favor, que, á parte de dicir que si ás cousas que son razoables, que lle preste atención a isto porque é importante que así isto se faga, e de feito vostedes coincidiron con nós en que era necesaria esta reforma.

E xa por último, coincidindo para non falar máis, a min gustaríame desexarlles a todos en nome do meu grupo unhas felices festas. E en penúltimo, antes de nada quérolle agradecer ao señor Lema que nos teña dado a coñecer o novo oficial maior, desexarlle todos os éxitos, os seus éxitos serán os éxitos desta casa e, polo tanto, serán os éxitos de todos nós.

E agora si, vou coas felicitacións, felices festas para todos. Eu penso que o que antes nos parecía cando chegaban estes momentos e pediamos oxalá nos pase isto, nos toque a lotería... Oxalá o ano que vén poidamos ter unha vida normal todos, os que tiveron unha perda persoal ou unha perda laboral, unha perda de expectativas vitais, que poidan recuperalas e que todos teñamos un bo ano a nivel persoal e a nivel familiar, e felices festas para todos.

Sr. García Piñeiro

Bos días, case tardes outra vez. Nada, explicar polo tema das subvencións, das axudas aos cazadores e aos Tecores que falaba agora o compañeiro, explicar que eu xa tiven hai uns meses unha xuntanza con esta asociación explicándolle cales eran os criterios, os cales eu penso que entenderon no seu momento, e tamén comentar que esta semana estiven reunido coa Federación Provincial de Cazadores, onde tamén se lle volveu explicar o criterio, uns criterios que están claros ademais e

que o que pensabamos era que é positivo, non só porque a estas subvencións non só optan os cazadores, optan moitas máis persoas e asociacións que forman parte do tecido agrícola e forestal, e o que se pretende é agrupar un pouco máis os proxectos que se presenten. De todos os xeitos, nesa xuntanza coa Federación Provincial esta semana acordamos que eles van facer unha serie de propostas a subvencións e que no vindeiro ano nos reuniremos con eles novamente e ver como encaixar e como poder solucionar, sobre todo as subvencións destinadas a algo que cremos que si é máis importante, como é a limpeza e mantemento de Tecores e sinalización, e non como algo que antes se viña subvencionando desde a Deputación, que era a compra e o financiamento de especies cinexéticas, aos cales lles explicamos as razóns polas que se deixou xa de financiar iso desde hai tempo. Pero si comprendemos o labor medioambiental e de biodiversidade que poden facer coa limpeza e mantemento dos Tecores.

Señor presidente

Si, ademais facendo un momento fincapé no recoñecemento a un colectivo que ten que facer, digamos, de colectivo que resolve un problema que ten a cidadanía, os veciños e veciñas que viven no rural, que recorren aos Tecores habitualmente para resolver os danos que provoca a presenza masiva de xabaril na contorna rural. Polo tanto, se queremos que sigan facendo ese labor, tendo en conta que as indemnizacións por eses danos acostuman ser escasas e ademais acostuman chegar moito máis tarde desde que se produce o dano, pois todos temos que arrimar o ombreiro para que sigan a facer ese labor.

E, por outra parte, respecto á estrada de Teo, dicir que, efectivamente, entendemos que é importante. Eu creo que hai unha parte da estrada que xa está ampliada, que conecta coa AG-59 e que é máis ou menos 1 km, que ten unha intensidade media, polos datos que me traslada o Servizo de Vías e Obras, que é importantísima: son 2.636 vehículos e 168 pesados. E falamos, ese tramo está xa rematado, falamos dun segundo tramo que é máis complexo polo que me din no departamento, nada irresoluble, pero que se está a estudar como resolver cuestións patrimoniais; encontrámonos cun pazo que ten un muro de pedra que está protexido e, polo tanto, por parte de Patrimonio seguramente van ter un criterio de protección sobre ese pazo que nos vai complicar enormemente, igual que nos está complicando resolver o tema de Bergondo, tamén dese tramo onde morreu unha persoa e seguimos sendo incapaces de ampliar esa estrada. E, polo tanto, volvemos atopar con Patrimonio, co obstáculo de Patrimonio e, neste caso veremos a ver, están analizando o servizo ata que punto é resoluble esa situación, que entendo que será, e tamén os eucaliptos que son obxecto de posible protección noutro lado da estrada. A intensidade media aquí, é a sorte que temos, é moitísimo menor, falamos xa dunha intensidade media diaria de 286 vehículos contra os 2.600 do primeiro tramo, e moitísimos menos vehículos pesados, que son 23 contra os 168 do primeiro tramo. Polo tanto, compartimos a necesidade de seguir ampliando e ensanchando este tramo, e que conste aos veciños e veciñas de Teo que está o departamento revisando as posibilidades de facelo no menor tempo posible e preservando as protección que no ámbito patrimonial histórico e que no ámbito de patrimonio natural loxicamente operan nese segundo tramo.

(Abandona o salón o Sr. Alfonsín Somoza)

Sr. García Seoane

Era para pedirlle ao presidente que para a próxima convocatoria que haxa o ano que vén en relación con iso que se chama humanizar o feísmo, os graffitis, a convocatoria está cerrada para aqueles que..., hai que ter dous anos de contrato para poder acceder. É unha porta cerrada a calquera que queira, nós levamos facendo contratos de fachadas varios anos, temos moitas fachadas pintadas, pero non co sistema especial que vén na convocatoria; e nós facemos publicamente os contratos, non os facemos a dedo con ninguén, facemos contratos con empresas a través de convocatorias, e por certo que se varíe porque nós non podemos entrar na subvención. Por tanto, rogo que o ano que vén se faga así.

E respecto a isto, como estamos xa rematando o ano, pois deséxovos a todos e a todas o mellor, ante todo saúde só, o demais xa o buscaredes cada un como poidades, pero saúde, que é o que máis importa e tal.

E tamén que nos acordemos, sempre falamos de paz, paz, paz, que nos acordemos deses miles, centos de miles de persoas que morren nas trincheiras. Agora as trincheiras non son como as da Primeira Guerra e Segunda Guerra Mundial, senón que son trincheiras de muros, trincheiras de aramadas, trincheiras co mar polo medio, onde se tragan miles e miles e miles de almas, nenos, mulleres, anciáns, etcétera, e un día unha noticia e logo ao outro día, se morren 160 nun barco que se afundiu, iso non é nada, e outro día pasa algo, resulta que unha persoa que tropezou nun sumidoiro e vén unha noticia inmensa e todo o mundo preocupado, ou por un can, non?, que caeu un can por unha ladeira. É tremendo. Por tanto, pídovos que traballedes nos vosos partidos por esa xente, por tantas e tantas almas que a diario reclaman paz, sosego, felicidade e paliar a fame, paliar a fame que os vai esnaquizando e as persecucións que teñen desde distintos países. Por tanto, que nos acordemos deles e que sexades moi felices coas vosas familias. Non hai coto, iso de que a min me van dicir quen vai vir á miña casa o día de Nadal que llo digan a María Santísima. Cada un vai levar a quen quere á casa e por tanto tantas prohibicións xa cheiran.

Sr. Regueira Varela

Simplemente que o rogo que acaba de formular o Sr. García Seoane de cara á convocatoria do ano que vén xa está atendido despois de falar tamén co servizo de Oleiros ao respecto.

Sr. Presidente

Grazas.

Pois aproveitar para felicitar en nome de toda a Corporación, loxicamente aos membros da Corporación e a todos os traballadores desta casa que outro ano máis temos que deixar de vernos no tradicional pincho de Nadal. Agradecerlles o labor feito durante todo este ano non só aos traballadores da Deputación, senón aos organismos que dependen dela, ao Consorcio Provincial de Bombeiros e tamén á Axencia

Provincial de Enerxía, a todos e todas moitísimas grazas polo esforzo, outra vez en condicións difíciles, con realidades totalmente innovadoras, que parece que acaban de chegar para quedarse.

Esperemos que o ano que vén, como dicía o Sr. Ben, sexa un ano de normalidade absoluta e, como dicía o Sr. García Seoane, onde a saúde sexa o que sobre todo teñamos garantido todos e todas.

Moitas grazas e felices festas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 14:12 horas.